



**PRINCÍPIOS  
ELEMENTAIS  
DE  
FILOSOFIA**

---

**POLITZER**

**estoutras**



Setembro 2008

# **PRINCIPIOS ELEMENTAIS DE FILOSOFÍA**

---

**Georges Politzer**

**Traducido ao galego e dixitalizado por Estoutras  
Setembro 2008**

## ÍNDICE

<b>PRIMEIRA PARTE. OS PROBLEMAS FILOSÓFICOS.....</b>	<b>6</b>
<b>INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>7</b>
I.    Por que debemos estudar a filosofía?.....	7
II.   É difícil o estudo da filosofía?.....	7
III.  Que é a filosofía?.....	7
IV.  Que é a filosofía materialista?.....	8
V.   Cales son as relacións entre o materialismo e o marxismo?.....	8
VI.  Campañas da burguesía contra o marxismo.....	10
<b>Capítulo I. O PROBLEMA FUNDAMENTAL DA FILOSOFÍA.....</b>	<b>11</b>
I.    Como debemos comezar o estudo da filosofía?.....	11
II.   Dous xeitos de explicar o mundo.....	11
III.  A Materia e o Espírito.....	11
IV.  Que é a materia, que é o espírito?.....	12
V.   A cuestión ou o problema fundamental da filosofía.....	12
VI.  Idealismo ou materialismo.....	12
<b>Capítulo II. O IDEALISMO.....</b>	<b>15</b>
I.    O idealismo moral e o idealismo filosófico.....	15
II.   Por que debemos estudar o idealismo de Berkeley?.....	15
III.  O idealismo de Berkeley.....	16
IV.  Consecuencias dos razoamentos ‘idealistas’.....	18
V.   Os argumentos idealistas.....	18
<b>Capítulo III. O MATERIALISMO.....</b>	<b>20</b>
I.    Por que debemos estudar o materialismo?.....	20
II.   De onde procede o materialismo?.....	20
III.  Como e por que evolucionou o materialismo?.....	21
IV.  Cales son os principios e os argumentos dos materialistas?.....	21
<b>Capítulo IV. QUEN TEN RAZÓN, O IDEALISTA OU O MATERIALISTA?.....</b>	<b>23</b>
I.    Como debemos formular o problema.....	23
II.   É certo que o mundo só existe nos noso pensamento?.....	23
III.  É certo que son as nosas ideas as que crean as cousas?.....	24
IV.  E certo que o espírito crea a materia?.....	25
V.   Os materialistas teñen razón e a ciencia proba as súas afirmacións.....	26
<b>Capítulo V. HAI UNHA TERCEIRA FILOSOFÍA? O AGNOSTICISMO.....</b>	<b>27</b>
I.    Por que unha terceira filosofía?.....	27
II.   Razoamento desta terceira filosofía.....	27
III.  De onde procede esta filosofía.....	28
IV.  As súas consecuencias.....	29
V.   Como podemos refutar esta ‘terceira filosofía’.....	29
VI.  Conclusión.....	30
<b>SEGUNDA PARTE. O MATERIALISMO FILOSÓFICO.....</b>	<b>32</b>
<b>Capítulo I. A MATERIA E OS MATERIALISTAS.....</b>	<b>33</b>
I.    Que é a materia?.....	33
II.   Teorías sucesivas da materia.....	33
III.  Que é a materia para os materialistas.....	34
IV.  O espazo, o tempo, o movemento e a materia.....	34
V.   Conclusión.....	35

<b>Capítulo II. QUE SIGNIFICA SER MATERIALISTA?</b> .....	37
I.    Unión da teoría e a práctica.....	37
II.   Que significa ser partidario do materialismo no campo do pensamento?.....	37
III.  Como ser materialista na práctica?.....	38
IV.   Conclusión.....	40
<b>Capítulo III. HISTORIA DO MATERIALISMO</b> .....	41
I.    Necesidade de estudar esta historia.....	41
II.   O materialismo premarxista.....	42
III.  De onde procede o idealismo?.....	46
IV.   De onde procede a relixión?.....	46
V.    Os méritos do materialismo premarxista.....	48
VI.   Os defectos do materialismo premarxista.....	49
<b>TERCEIRA PARTE. ESTUDO DA METAFÍSICA</b> .....	51
<b>Capítulo Único. EN QUE CONSISTE O MÉTODO ‘METAFÍSICO’</b> .....	52
I.    Os principios deste método.....	52
II.   Recapitulación.....	56
III.  A concepción metafísica da natureza.....	57
IV.   A concepción metafísica da sociedade.....	58
V.    A concepción metafísica do pensamento.....	59
VI.   Que é a lóxica?.....	59
VII.  Explicación da palabra ‘metafísica’.....	61
<b>CUARTA PARTE. ESTUDO DA DIALÉCTICA</b> .....	62
<b>Capítulo I. INTRODUCCIÓN AO ESTUDO DA DIALÉCTICA</b> .....	63
I.    Precaucións preliminares.....	63
II.   Onde xurdiu o método dialéctico?.....	64
III.  Por que a dialéctica estivo dominada tanto tempo dominada pola concepción metafísica?.....	65
IV.   Por que era metafísico o materialismo do século XVIII?.....	65
V.    Como xurdiu o materialismo dialéctico: Hegel e Marx.....	66
<b>Capítulo II. AS LEIS DA DIALÉCTICA. PRIMEIRA LEI: O CAMBIO DIALÉCTICO</b> .....	68
I.    Que se entende por cambio dialéctico?.....	68
II.   ‘Para a dialéctica non hai nada definitivo, absoluto, sagrado.....	69
III.  O proceso.....	70
<b>Capítulo III. SEGUNDA LEI: A LEI DA ACCIÓN RECÍPROCA</b> .....	72
I.    O encadeamento dos procesos.....	72
II.   Os grandes descubrimentos do século XIX.....	74
III.  O desenvolvemento histórico ou desenvolvemento en espiral.....	75
IV.   Conclusión.....	75
<b>Capítulo IV. TERCEIRA LEI: A CONTRADICIÓN</b> .....	77
I.    A vida e a morte.....	77
II.   As cousas transfórmanse no seu contrario.....	78
III.  Afirmación, negación e negación da negación.....	79
IV.   Puntualicemos.....	81
V.    A unidade dos contrarios.....	82
VI.   Erros que deben evitarse.....	83
VII.  Consecuencias prácticas da dialéctica.....	84
<b>Capítulo V. CUARTA LEI: TRANSFORMACIÓN DA CANTIDADE EN CALIDADE OU LEI DO PROGRESO POR SALTOS</b> .....	86
I.    Reformas ou revolución?.....	86

II.	O materialismo histórico.....	88
<b>QUINTA PARTE. O MATERIALISMO HISTÓRICO.....</b>		<b>91</b>
<b>Capítulo I. AS FORZAS MOTRICES DA HISTORIA.....</b>		<b>92</b>
I.	Un erro de debe evitarse.....	92
II.	O ‘ser social’ e a consciencia.....	92
III.	Teorías idealistas.....	93
IV.	O ‘ser social’ e as condicións de existencia.....	93
V.	As loita de clases, motor da historia.....	94
<b>Capítulo II. DE ONDE PROVEÑEN AS CLASES E AS CONDICIÓN S ECONÓMICAS?.....</b>		<b>96</b>
I.	Primeira grande división do traballo.....	96
II.	Primeira división da sociedade en clases.....	97
III.	Segunda grande división do traballo.....	97
IV.	Segunda división da sociedade en clases.....	97
V.	O que determina as condicións económicas.....	98
VI.	Os modos de produción.....	99
VII.	Observacións.....	100
<b>SEXTA PARTE. O MATERIALISMO DIALÉCTICO E AS IDEOLOXÍAS.....</b>		<b>101</b>
<b>Capítulo único. APLICACIÓN DO MÉTODO DIALÉCTICO ÁS IDEOLOXÍAS.....</b>		<b>102</b>
I.	Cal é a importancia das ideoloxías para o marxismo?.....	102
II.	Que é unha ideoloxía? (Factor e formas ideolóxicas).....	102
III.	Estrutura económica e estrutura ideolóxica.....	103
IV.	Consciencia verdadeira e consciencia falsa.....	104
V.	Acción e reacción dos factores ideolóxicos.....	105
VI.	O método de análise dialéctica.....	107
VII.	Necesidade da loita ideolóxica.....	108
VIII.	Conclusión.....	109
<b>ÍNDICE DE PALABRAS E NOMES CITADOS.....</b>		<b>110</b>
<b>BIBLIOGRAFÍA.....</b>		<b>121</b>

**PRIMEIRA PARTE**  
**OS PROBLEMAS FILOSÓFICOS**

## INTRODUCCIÓN

### I. POR QUE DEBEMOS ESTUDAR A FILOSOFÍA?

No curso desta obra, propoñémonos presentar e explicar os principios elementais da filosofía materialista.

Por que? Porque o marxismo está intimamente ligado a unha filosofía e a un método: os do materialismo dialéctico. Xa que logo, é indispensable estudar esta filosofía e este método para comprender ben o marxismo e para refutar os argumentos das teorías burguesas, tanto como para emprender unha loita política eficaz.

En efecto, Lenin dixo: «Sen teoría revolucionaria, non hai movemento revolucionario»<sup>1</sup>. Por riba de todo, isto quere dicir: hai que unir a teoría coa práctica.

*Que é a práctica?* É o feito de realizar. Por exemplo, a industria, a agricultura, realizan (é dicir, converten en realidade) certas teorías (teorías químicas, físicas ou biolóxicas).

*Que é a teoría?* É o coñecemento das cousas que queremos realizar.

Pódese ser unicamente práctico; mais entón se realiza por rutina. Pódese ser unicamente teórico; pero entón o que se concibe a miúdo é irrealizábel. É necesario, pois, que exista vinculación entre a teoría e a práctica. Todo o problema consiste en saber cal debe ser esta teoría e cal debe ser a súa conexión coa práctica.

Pensemos que o militante obreiro precisa dun método de análise e de razoamento correcto para poder realizar unha acción revolucionaria correcta. Precisa dun método que non sexa un dogma que lle proporcione solucións xa confeccionadas, senón un método que teña en conta feitos e circunstancias que nunca son os mesmos, un método que non separa xamais a teoría da práctica, o razoamento da vida. E ben: este método está contido na filosofía do materialismo dialéctico, base do marxismo, que nos propoñemos explicar.

### II. É DIFÍCIL O ESTUDO DA FILOSOFÍA?

Cóidase xeralmente que o estudo da filosofía é para os obreiros unha cousa chea de dificultades, que esixe coñecementos especiais. Hai que confesar que o xeito no que son redactados os manuais burgueses serve precisamente para confirmalos nesas ideas e non poden menos que rexeitalos.

Non imos negar as dificultades que comporta o estudo en xeral, e as da filosofía en particular. Mais tales dificultades son perfectamente superábeis e son consecuencia, sobre todo, de tratarse de cousas novas para moitos dos nosos lectores.

Desde o comezo, aínda determinando as cousas con precisión, convidarémolos a volver sobre certas definicións de verbas que, na linguaxe corrente, están adulteradas.

### III. QUÉ É A FILOSOFÍA?

Enténdese vulgarmente por filósofo: ou ben o que vive nas nubes, ou ben o que colle as cousas polo seu lado bo, o que «non se fai mal sangue por nada». Todo o contrario, o filósofo é o que quere, en certas cuestións, dar respostas precisas, e, se se considera que a filosofía quere dar unha explicación

---

<sup>1</sup> Lenin: *Que facer?*

dos problemas do universo (de onde ven o mundo?, onde imos?, etc.), vese que o filósofo se ocupa de moitas cousas e, á inversa do que se di, 'preocúpase moito'.

Diremos, xa que logo, para definir a filosofía, que quere explicar o universo, a natureza, que é o *estudo dos problemas xerais*. Os problemas menos xerais, son estudados polas ciencias. Polo tanto, a filosofía é unha prolongación das ciencias, no sentido de que se *apoi*a nas ciencias e *depende* delas.

Engadamos de inmediato que a filosofía marxista aporta un método para resolver todos os problemas e que este método deriva do que se chama o materialismo.

#### IV. QUÉ É A FILOSOFÍA MATERIALISTA?

Tamén aquí existe unha confusión que debemos denunciar inmediatamente; enténdese vulgarmente por materialista aquel que non pensa máis que no goce dos praceres materiais. Xogando coa verba materialismo –que contén a palabra *materia*- chegouse así a darlle un sentido completamente falso.

Estudando o materialismo –no sentido científico da verba- imos devolverlle o seu verdadeiro significado, dado que ser materialista non impide, como imos ver, ter un ideal e ser capaz de combater para facelo triunfar.

Dixemos que a filosofía quere dar unha explicación dos problemas máis xerais do mundo. Mais no curso da historia da humanidade, esta explicación non foi sempre a mesma.

Os primeiros homes trataron de explicar a natureza, o mundo, mais non o conseguiron. En efecto, o que permite explicar o mundo e os fenómenos que nos arrodean son as ciencias; mais os descubrimentos que permitiron ás ciencias progresar son moi recentes.

A ignorancia dos primeiros homes era, pois, unha eiva para as súas investigacións. É por iso que no curso da Historia, por mor desta ignorancia, vemos xurdir as *relixións*, que tamén queren explicar o mundo, mais a través de forzas sobrenaturais. Esta é unha explicación anticientífica. Mais co paso dos séculos, a ciencia vai desenvolvéndose, os homes van tentar explicar o mundo polos feitos materiais a partir de experiencias científicas, e disto, desta vontade por explicar as cousas mediante as ciencias, nace a filosofía materialista.

Nas seguintes páxinas, imos estudar que é o materialismo, mais desde xa debemos reter que *o materialismo non é senón a explicación científica do universo*.

Estudando a historia da filosofía materialista, veremos que áspera e complicada foi a loita contra a ignorancia. Compre destacar, por outra parte, que nos nosos días esta loita non rematou aínda, posto que o materialismo e a ignorancia continúan subsistindo xuntos, un ao carón do outro.

Marx e Engels entraron de cheo nesta loita. Compreendendo a importancia dos grandes descubrimentos do século XIX, permitiron á filosofía materialista facer enormes progresos na explicación científica do universo. Así naceu o materialismo dialéctico. Ademais, foron os primeiros en comprender que as leis que rexen o mundo permiten tamén explicar o desenvolvemento das sociedades; dese xeito formularon a célebre teoría do materialismo histórico.

Propoñémonos estudar nesta obra en primeiro lugar o materialismo, despois o materialismo dialéctico e finalmente o materialismo histórico. Mais por riba de todo, queremos establecer as relacións entre o materialismo e o marxismo.

#### V. CALES SON AS RELACIÓNS ENTRE O MATERIALISMO E O MARXISMO?

Podemos resumilas da seguinte maneira:



1. A filosofía do materialismo constitúe a base do marxismo.
2. Esta filosofía materialista que quere aportar unha explicación científica aos problemas do mundo progresa, no curso da Historia, ao mesmo tempo que as ciencias. En consecuencia, o marxismo xorde das ciencias, apóiase nelas e evoluciona con elas.
3. Antes de Marx e Engels houbo en varias ocasións e baixo diferentes formas filósofos materialistas. Mais no século XIX, cando as ciencias deron un grande paso adiante, Marx e Engels anovaron ese materialismo antigo partindo das ciencias modernas, dándonos o materialismo *moderno*, que se chama *materialismo dialéctico*, e que constitúe a base do marxismo.

A través destas breves explicacións vemos que a filosofía do materialismo, contrariamente ao que se acostuma dicir, ten unha historia. Esta historia está intimamente vinculada á historia das ciencias. O marxismo baseado no materialismo non agromou da cabeza dun só home. É a culminación, a continuación do materialismo antigo, que xa avanzara moito con Diderot. O marxismo é o florecemento do materialismo desenvolvido polos enciclopedistas do século XVIII, enriquecido polos grandes descubrimentos do século XIX. O marxismo é unha teoría viva, e para mostrar de inmediata de que xeito encara os problemas, imos coller un exemplo que todo o mundo coñece: o problema da loita de clases.

Que pensa a xente verbo desta cuestión? Uns coidan que a defensa do pan dispensa da loita política. Outros pensan que abonda con baterse nas rúas, negando a necesidade da organización. E hai quen pretenden que só a loita política aportará unha solución a este problema.

Para o marxista, a loita de clases comprende:

- a) Unha loita económica.
- b) Unha loita política.
- c) Unha loita ideolóxica.

O problema, xa que logo, pode ser exposto *simultaneamente* nestes tres terreos.

- a) Non se pode loitar polo pan (loita económica) sen loitar pola paz (loita política) e sen defender a liberdade (loita ideolóxica).
- b) Outro tanto acontece na loita política que, a partir de Marx, se converteu nunha verdadeira ciencia: para levar a cabo esta loita, estamos obrigados a ter en conta a un mesmo tempo a situación económica e as correntes ideolóxicas.
- c) No tocante á loita ideolóxica, que se manifesta mediante a propaganda, para que sexa eficaz débese ter en conta a situación económica e política.

Polo tanto, vemos que todos estes problemas están intimamente ligados e, consecuentemente, que non se pode tomar unha decisión ante non importa que aspecto deste grande problema que é a loita de clases –nunha folga, por exemplo– sen considerar cada dato do problema e o conxunto do problema mesmo.

Xa que logo, aquel que sexa quen de loitar en todos os terreos é o que dará ao movemento a mellor dirección.

Así é como un marxista comprende este problema, da loita de clases. Despois, na loita *ideolóxica*, que debemos afrontar todos os días, topamos con problemas de difícil resolución: inmortalidade da alma, existencia de Deus, orixes do mundo, etc. É o materialismo dialéctico o que nos dará un método de razoamento que permita resolver todos estes problemas e, do mesmo xeito, desenmascarar todas as campañas de falsificación do marxismo que afirman pretender completalo e anovallo.

## VI. CAMPAÑAS DA BURGUESÍA CONTRA O MARXISMO

Estas tentativas de falsificación apóianse en piares moi diferentes. Procúrase levantar contra o marxismo aos autores socialistas do período premarxista (antes de Marx). É así que moi a miúdo vemos utilizar contra Marx aos ‘utopistas’. Outros utilizan a Proudhon; outros inspíranse nos revisionistas anteriores a 1914 (maxistralmente refutados estes por Lenin). Mais o que compre subliñar é a campaña de silencio que fai a burguesía contra o marxismo. Fixo todo para impedir que sexa coñecida a filosofía materialista na súa forma marxista. Neste sentido, é particularmente sorprendente o conxunto das ensinanzas filosófica tal como se dá en Francia.

Nos centros de ensino secundario ensínase a filosofía. Mais é posíbel seguir toda esta ensinanza sen aprender xamais que existe unha filosofía materialista elaborada por Marx e Engels. Cando se fala de materialismo nos manuais de filosofía (porque non hai máis remedio que falar), sempre se trata do marxismo e do materialismo de forma *separada*. Preséntase o marxismo, en xeral, unicamente como unha doutrina política, e cando se fala do materialismo histórico, non se fala da filosofía do materialismo; por último, ausencia de todo o que se refire ao materialismo dialéctico.

Esta situación non existe unicamente nas escolas e nos institutos; é exactamente a mesma en todas as universidades. O feito máis característico, é que en Francia se pode ser un “especialista” da filosofía, posuidor dos diplomas máis importantes que outorgan as universidades francesas, sen saber que o marxismo ten unha filosofía, que é o materialismo, e sen saber que o materialismo tradicional ten unha forma moderna, que é o marxismo ou materialismo dialéctico.

Nós queremos demostrar que o marxismo implica unha concepción xeral non só da sociedade senón tamén do propio universo. Xa que logo, é inútil, contrariamente ao que algúns pretenden, laiarse de que o grande defecto do marxismo é a súa falta de filosofía, e querer, como algúns teóricos do movemento obreiro, ir na procura desta filosofía que faltaría no marxismo. Porque o marxismo *ten* unha filosofía, que é o materialismo dialéctico.

Por outra parte, e malia esta campaña de silencio e todas as falsificacións e precaucións tomadas polas clases dirixentes, fica en pé o feito de que o marxismo e a súa filosofía comezan a ser cada vez máis coñecidos.

## **CAPÍTULO PRIMEIRO**

### **O PROBLEMA FUNDAMENTAL DA FILOSOFÍA**

#### **I. COMO DEBEMOS COMEZAR O ESTUDO DA FILOSOFÍA?**

Na nosa introdución dixemos en varias ocasións que a filosofía do materialismo dialéctico é a base do marxismo.

O fin que nos propoñemos é o estudo desta filosofía. Mais para chegar a ese fin, precisamos avanzar por etapas.

Cando falamos do materialismo dialéctico, temos ante nós dúas verbas: *materialismo* e *dialéctico*, o que quere dicir que o materialismo é dialéctico. Sabemos que antes de Marx e Engels o materialismo xa existía, mais que son eles os que, coa axuda dos descubrimentos do século XIX, transformaron ese materialismo creando o materialismo ‘dialéctico’.

Despois examinaremos o sentido da verba ‘dialéctico’, que designa a forma máis moderna do materialismo.

Pero xa que, antes de Marx e Engels, houbo filósofos materialistas (por exemplo, Diderot no século XVIII), e posto que hai puntos comúns a todos os materialistas, necesitamos estudar a *historia* do materialismo antes de abordar o materialismo dialéctico. Necesitamos coñecer igualmente cales son as concepcións que se opoñen ao materialismo.

#### **II. DOUS XEITOS DE EXPLICAR O MUNDO**

Vimos que a filosofía é «o estudo dos problemas máis xerais» e que ten por obxectivo explicar o mundo, a natureza, o home.

Se abrimos un manual de filosofía burguesa, ficamos azordegados pola cantidade de filosofías diversas que alí se atopan. Son designadas por múltiples verbas máis ou menos complicadas e que terminan en ‘ismo’: o criticismo, o evolucionismo, o intelectualismo, etc., e esta multitude crea a confusión. Por outra parte, a burguesía nada fixo para aclarar a situación, máis ben todo o contrario. Mais nós xa podemos analizar todos estes sistemas e distinguir dúas grandes correntes, dúas concepción antagónicas:

- a) A concepción científica do mundo.
- b) A concepción non científica do mundo.

#### **III. A MATERIA E O ESPÍRITO**

Cando os filósofos emprenderon a tarefa de explicar as cousas do mundo, da natureza, do home e, en fin, de todo o que nos arrodea, sentiron a necesidade de establecer distincións. Nós mesmos comprobamos que hai cousas, obxectos, que son materiais, que vemos e tocamos. Xunto a estas, hai outras cousas que non vemos e que non podemos tocar nin medir, como as nosas ideas.

Xa que logo, clasificamos as cousas así: por unha banda, unhas que son materiais; pola outra, as que non son materiais e que corresponden ao dominio do espírito, do pensamento, das ideas.

É así como os filósofos se atoparon coa *materia* e o *espírito*.

#### IV. QUE É A MATERIA? QUE É O ESPÍRITO?

Acabamos de ver de xeito xeral como o home sentiu a necesidade de clasificar as cousas como materia ou espírito.

Mais debemos precisar que esta distinción se efectúa de diferentes formas e con verbas distintas.

É así como, no canto de falar do espírito, falamos do pensamento, das nosas ideas, da nosa consciencia, da nosa alma, o mesmo que falando da natureza, do mundo, da terra, do ser, estamos a referirnos á materia.

Do mesmo xeito, cando Engels, na súa obra *Ludwig Feuerbach*, fala do ser e do pensamento, o ser é a materia; o pensamento é o espírito.

Para definir o que é o pensamento ou o espírito, e o ser ou a materia, diremos:

O *pensamento* é a idea que nos facemos das cousas; algunhas desas ideas chégannos ordinariamente das nosas sensacións e corresponden a obxectos materiais; outras ideas, como as de Deus, da filosofía, do infinito, do mesmo pensamento, corresponden a obxectos materiais. O esencial que debemos reter aquí é que temos ideas, pensamentos, sentimentos, *porque* vemos e sentimos.

A *materia*, ou o ser, é o que as nosas sensacións e as nosas percepcións nos amosan e presentan; é, de maneira xeral, todo o que nos arrodea, o que se chama 'mundo exterior'. Exemplo: A miña folla de papel é branca. *Saber* que é branca é unha idea, e son os meus sentidos os que me dan esta idea. Mais a materia é a folla.

Por iso, cando os filósofos falan das relacións entre o ser e o pensamento, ou entre o espírito e a materia, ou entre a consciencia e o cerebro, etc., todo isto concirne á mesma cuestión e significa: entre materia ou espírito, ser ou pensamento, cal é o máis importante, quen domina a quen, quen apareceu primeiro? Isto é o que se chama:

#### V. A CUESTIÓN OU O PROBLEMA FUNDAMENTAL DA FILOSOFÍA

Todos nos preguntamos algunha vez: en que nos convertemos ao morrer?, de onde ven o mundo?, como se formou a Terra? E resúltanos difícil admitir que *sempre* existiu algo. Existe a tendencia a pensar que en certo momento non existía nada. Por iso é máis doado crer o que ensina a relixión: «O espírito voaba por riba das tebras... despois foi a materia». De igual forma, xorde a pregunta de *onde* están os nosos pensamentos, e así aparece o problema das relacións que existen entre o espírito e a materia, entre o cerebro e o pensamento. Por outra parte, hai outras moitas maneiras de expoñer a cuestión. Por exemplo, cales son as relacións entre a vontade e o poder? A vontade é, aquí, o espírito, o pensamento; e o poder é o posíbel, é o ser, a materia. Tamén atopamos coa mesma frecuencia a cuestión das relacións entre a 'consciencia social' e a 'existencia social'.

A cuestión fundamental da filosofía preséntase, pois, baixo diferentes aspectos, e pode comprenderse a importancia de recoñecer sempre a maneira na que se expón este problema das relacións da materia e do espírito, porque sabemos que non poden existir máis que dúas respostas para esta cuestión:

1. Unha resposta científica.
2. Unha resposta non científica.

#### VI. IDEALISMO OU MATERIALISMO

Deste xeito, os filósofos tiveron a necesidade de tomar posición en tan importante cuestión.

Os primeiros homes, completamente ignorantes, sen ningún coñecemento do home e de si mesmos e ningún medio técnico para actuar sobre o mundo, atribuían a seres sobrenaturais a responsabilidade de todo o que provocaba sorpresa. Na súa imaxinación excitada polos soños, onde vían vivir aos seus amigos e a eles mesmos, chegaron á concepción de que cada un de nós tiña unha dobre existencia. Desasosegados pola idea dese 'dobre', chegaron a figurarse que os seus pensamentos e as súas sensacións eran producidos non polo

«seu propio corpo, senón por unha alma particular que habitaba nese corpo e que o abandonaba no momento da morte»<sup>2</sup>.

Despois xurdiu a idea da inmortalidade da alma e dunha vida posíbel do espírito fora da materia.

Do mesmo xeito, a súa debilidade, a súa inquietude ante as forzas da natureza, ante todos eses fenómenos que non comprendían e que o estado da técnica non lles permitía dominar (xerminación, tormentas, inundacións, etc.) levounos a pensar que detrás desas forzas había seres todopoderosos, 'espíritos' ou 'deuses', benfeitores ou danos, mais sempre caprichosos.

Igualmente, crían nos deuses; en seres máis poderosos que os homes, pero os imaxinaban baixo a forma de homes ou animais, como corpos materiais. Só máis tarde as almas e os deuses (e despois o Deus único que substituíu *aos* deuses) foron concibidos como puros espíritos.

Chegouse entón á idea de que hai espíritos que teñen unha vida completamente específica, completamente independente da do corpo e que non precisan corpos para existir.

Posteriormente, esta cuestión foi exposta de xeito máis preciso en función da relixión baixo esta forma:

«O mundo foi creado por Deus ou existe desde toda a eternidade?

Os filósofos dividíanse en dous grandes campos, segundo responderan dunha ou doutra maneira a esta cuestión.<sup>3</sup>»

Aqueles que, adoptando a explicación non científica, admitían a creación do mundo por Deus, é dicir, afirmaban que o espírito creara a materia, formaban o campo do idealismo.

Os outros, aqueles que tentaban dar unha explicación científica do mundo e pensaban que a natureza, a materia, era o elemento principal, pertencían ás diferentes escolas do materialismo.

Orixinariamente, esas dúas expresións, idealismo e materialismo, non significaban máis que iso.

O idealismo e o materialismo son, polo tanto, dúas respostas opostas e contraditorias ao problema fundamental da filosofía.

O idealismo é a concepción non científica. O materialismo é a concepción científica do mundo.

Veranse máis adiante as probas desta afirmación, pero podemos dicir desde agora que se ben se comproba na experiencia que hai corpos sen pensamento, como as pedras, os metais, a terra, non se comproba nunca, pola contra, a existencia do espírito sen corpo.

Para rematar este capítulo cunha conclusión sen equívocos, vemos que para responder a esta cuestión: por que pensa o home?, só poden existir dúas respostas completamente diferentes e radicalmente opostas:

1ª resposta: O home pensa porque ten alma.

2ª resposta: O home pensa porque ten cerebro.

Segundo deamos unha ou outra resposta, teremos que aportar solucións diferentes aos problemas que derivan desta cuestión.

---

<sup>2</sup> Friederich Engels, *Ludwig Feuerbach e a fin da filosofía clásica alemá*

<sup>3</sup> Friederich Engels, *Ludwig Feuerbach e a fin da filosofía clásica alemá*

Segundo a nosa resposta, seremos idealistas ou materialistas.

## **LECTURA**

F. Engels, *Ludwig Feuerbach e a fin da filosofía clásica alemá*, Cap. II, “Idealismo e materialismo”.

## **CAPÍTULO SEGUNDO O IDEALISMO**

### **I. IDEALISMO MORAL E IDEALISMO FILOSÓFICO**

Xa denunciámos a confusión creada pola linguaxe corrente no que respecta ao materialismo. A mesma confusión prodúcese verbo do idealismo.

En efecto, non hai que confundir o idealismo *moral* co idealismo *filosófico*

O idealismo moral consiste en consagrarse a unha causa, a un ideal. A historia do movemento obreiro internacional ensínanos que un número incalculábel de revolucionarios, de marxistas, consagráronse até o sacrificio das súas vidas a un ideal moral e, porén, eran adversario dese outro idealismo que se chama idealismo filosófico.

### **IDEALISMO FILOSÓFICO**

O idealismo filosófico é unha doutrina que ten por base a explicación do mundo polo espírito.

É a doutrina que responde á cuestión fundamental da filosofía dicindo: «o pensamento é o elemento principal, o máis importante, o primeiro». E o idealismo, afirmando a importancia primeira do pensamento, sinala que é este quen produce o ser ou, doutro xeito, «o espírito é o que produce a materia».

Esta é a primeira forma do idealismo; atopou o seu pleno desenvolvemento nas relixións afirmando que Deus, ‘puro espírito’, era o creador da materia.

A relixión, que pretendeu e pretende aínda estar fora das discusións filosóficas, é, de feito, a representación directa e lóxica da filosofía idealista.

Mais coa intervención da ciencia no curso dos séculos, moi cedo foi necesario explicar a materia, o mundo, as cousas, doutros modos que unicamente por Deus. Porque desde o século XVI, a ciencia comezou a explicar os fenómenos da natureza sen ter en conta a Deus e prescindindo da hipótese da creación.

Para combater mellor esas explicacións científicas materialistas e ateas, foi necesario, pois, levar máis lonxe o idealismo e negar a mesma existencia da materia.

Dedicouse a iso, a comezos do século XVIII, un bispo inglés, Berkeley, coñecido como o pai do idealismo.

### **II. POR QUE DEBEMOS ESTUDAR O IDEALISMO DE BERKELEY?**

O obxectivo do seu sistema filosófico será, pois, destruír o materialismo, tentar demostrar que a substancia material non existe. Escribiu no limiar do seu libro *Diálogo de Hylas e de Filón*:

«Se estes principios son aceptados e considerados como verdadeiros, o ateísmo e o escepticismo fican completamente demolidos dun mesmo golpe, as cuestións escuras aclaradas, as dificultades case insolúbeis resoltas, e os homes que se compracían en paradoxos devoltos ao sentido común.»

Polo tanto, Berkeley considera que a materia non existe e que é paradoxal pretender o contrario.

Imos ver como se manexa para demostrar isto. Mais coido que non é inútil insistir en que aqueles que queren estudar a filosofía deben tomar a teoría de Berkeley en grande consideración.

Sei que as teses de Berkeley farán sorrir a algúns, mais non hai que esquecer que vivimos no século XX e podemos beneficiarnos de todos os estudos do pasado. E por outra parte, cando estudemos o materialismo e a súa historia, veremos que os filósofos materialistas doutras épocas ás veces tamén fan sorrir.

Porén, compre saber que Diderot, quen foi antes de Marx e Engels o máis grande dos pensadores materialistas, atribuíu certa importancia ao sistema de Berkeley, posto que o describiu como un

«sistema que, para vergonza do espírito humano e da filosofía, é o máis difícil de combater, aínda que sexa o máis absurdo de todos!»<sup>4</sup>

O propio Lenin dedicou numerosas páxinas á filosofía de Berkeley e escribiu:

«Os máis modernos filósofos idealistas non produciron contra os materialistas ningún... argumento que non poda atoparse no bispo Berkeley.»<sup>5</sup>

Finalmente, esta é a apreciación do inmaterialismo de Berkeley nun manual de historia da filosofía difundido aínda hoxe nos institutos franceses:

«Teoría aínda imperfecta, sen dúbida, pero admirábel, e que debe destruír para sempre, nos espíritos filosóficos, a crenza na existencia dunha substancia material.»<sup>6</sup>

Fica claro, pois, a importancia que para todo o mundo ten –malia que por razóns diferentes, como estas citas acaban de demostralo- este razoamento filosófico.

### III. O IDEALISMO DE BERKELEY

A finalidade deste sistema consiste, pois, en demostrar que a materia non existe. Berkeley dicía:

«A materia non é o que nós cremos, coidando que existe fóra do noso espírito. Pensamos que as cousas existen porque as vemos, porque as tocamos; é porque nos dan esas sensacións polo que cremos na súa existencia.

Pero as nosas sensacións non son senón ideas que temos no noso espírito. Por conseguinte, os obxectos que percibimos polos nosos sentidos non son outra cousa que ideas, e as ideas non poden existir fora do noso espírito.»

Para Berkeley, as cousas existen; el non nega a súa natureza e a súa existencia, pero afirma que só existen baixo a forma de sensacións que nolas fan coñecer e tira a conclusión de que as nosas sensacións e os obxectos non son senón unha mesma cousa.

As cousas existe, por certo, pero en *nós* –di el-, no noso espírito, e non teñen ningunha substancia fora do espírito.

Concibimos as cousas coa axuda da vista, percibímolos coa axuda do tacto; o olfacto infórmanos do olor; o gusto do sabor; o ouvido do son. Esas diferentes sensacións dannos ideas que, combinadas unhas coas outras, fan que lles deamos un nome común considerándoas como obxectos.

Obsérvase, por exemplo, unha cor, un sabor, un olor, unha forma, unha consistencia determinadas... Recoñécese este conxunto como un obxecto que se designa co nome de *mazá*.

---

<sup>4</sup> “Carta sobre os cegos”, de Diderot. Citado por Lenin en *Materialismo e Empiriocriticismo*.

<sup>5</sup> Lenin en *Materialismo e Empiriocriticismo*

<sup>6</sup> A Penjon, *Precis d’histoire de la philosophie*, pp. 320-321, Ed. Paul Delaplace.



(Outras combinacións de sensacións dannos) outras coleccións de ideas (que) constitúen o que se chama pedra, árbore, libro e os outros obxectos sensíbeis.

Somos vítimas de ilusións cando pensamos coñecer como exteriores o mundo e as cousas, posto que todo iso non existe máis que no noso espírito.

No seu libro *Diálogos de Hylas e Filón*, Berkeley demostranos esta tese do seguinte xeito:

«Non é absurdo crer que unha mesma cousa no mesmo momento poda ser diferente? Quente ou fría, por exemplo, no mesmo instante? Imaxínade, pois, que unha das vosas mans estea quente e a outra fría e ambas as dúas estean mergulladas ao mesmo tempo nunha xerra chea de auga a unha temperatura intermedia: a auga non semellará quente a unha man, e fría á outra?»

Como é absurdo crer que unha cousa no mesmo momento poda ser, en si mesma, diferente, debemos tirar a conclusión de que esta cousa non existe máis que no noso espírito.

Que fai Berkeley, pois, no seu método de razoamento e de discusión? Despoxa aos obxectos, ás cousas, de todas as súas propiedades:

«Vostedes din que os obxectos existen porque teñen unha cor, un olor, un sabor, porque son grandes ou pequenos, liviáns ou pesados? Vou demostrarlles que iso non existe nos obxectos, senón no noso espírito.

«Aquí tedes un anaco de tecido: vostedes dinme que é vermello. É iso completamente seguro? Pensan que o vermello está no mesmo tecido. É certo? Vostedes saben que hai animais que teñen ollos diferentes dos nosos e que nunca verán vermello este tecido; do mesmo xeito, un home con ictericia vai velo amarelo! Entón, de que cor é? Iso depende, din? Polo tanto, o vermello non está no tecido, senón no ollo, en nós.

«Din que o tecido é livián? Déixeno caer encol dunha formiga e seguramente ela o atopará pesado. Quen ten razón, pois? Vostedes pensan que é quente? Sentiríano frío se tiveran febre! Entón, é quente ou frío?»

«Nunha palabra, se as mesmas cousas poden ser no mesmo instante vermellas, pesadas, quentes para uns, e para outros exactamente o contrario, é que somos vítimas de ilusións e que as cousas non existen máis que no noso espírito.»

Despoxando de todas as súas propiedades aos obxectos, chégase así a dicir que estes non existen máis que no noso pensamento, é dicir, *que a materia é unha idea*.

Xa antes de Berkeley, os filósofos gregos dicían, e iso era xusto, que certas calidades como o sabor ou o son non estaban nas cousas mesmas, senón en nós.

Pero o que hai de novo na teoría de Berkeley é precisamente que el estende esta observacións a *todas* as calidades dos obxectos.

En efecto, os filósofos gregos estableceran entre as calidades das cousas a seguinte distinción:

Por unha banda, as *calidades primarias*, é dicir, as que están nos obxectos, como o peso, o tamaño, a resistencia, etc.

Pola outra banda, as *calidades secundarias*, é dicir, aquelas que están en nós, como olor, sabor, calor, etc.

Mais Berkeley aplica ás calidades primarias a mesma tese que ás calidades secundarias, a saber, que *todas as calidades, todas as propiedades, non están nos obxectos senón en nós*.

O sol vémolos redondo, chato, vermello. A ciencia ensínanos que nos enganamos, que o sol non é chato, non é vermello. Por conseguinte, coa axuda da ciencia faremos abstracción de certas falsas propiedades que damos ao sol, pero sen por iso chegar á conclusión de que non existe! Porén, Berkeley chega a esta conclusión.

Berkeley non se equivocou, por certo, ao amosar que a distinción dos antigos non resistía a análise científica, mais incorre nunha falla de razoamento, nun sofisma, extraendo desas observacións consecuencias non implicadas nelas. El demostra, en efecto, que as calidades das cousas non son como nolas mostran os nosos sentidos, é dicir, que os nosos sentidos nos enganan e deforman a realidade material, e chega inmediatamente á conclusión de que a realidade material non existe!

#### IV. CONSECUENCIAS DOS RAZOAMENTOS ‘IDEALISTAS’

Sendo a tese: «Todo non existe máis que no noso espírito», hai que chegar á conclusión de que o mundo exterior non existe.

Levando este razoamento ao extremo, chegaríamos a dicir: «Son o único que existe, posto que non coñezo aos demais homes máis que polas miñas ideas, e que os demais homes só son para min, como os obxectos materiais, coleccións de ideas.» É iso o que en filosofía se chama o *solipsismo* (que quere dicir *só eu*).

Berkeley –dinos Lenin no seu libro xa citado- deféndese instintivamente contra a acusación de soste esta teoría. Até se comproba que o solipsismo, forma extrema do idealismo, non foi defendido por ningún filósofo.

Por iso, ao discutir cos idealistas, debemos aplicarnos en pór en relevo que os razoamentos que negan efectivamente a materia deberían arribar, para ser lóxicos e consecuentes, a ese extremo absurdo que é o solipsismo.

#### V. OS ARGUMENTOS IDEALISTAS

Aplicámonos en resumir o máis sinxelamente posíbel a teoría de Berkeley, porque é el quen expuxo con maior franqueza o que é o idealismo filosófico.

Pero é seguro que, para comprender ben eses razoamentos, novos para nós, agora resulta indispensable tomalos moi en serio e facer un esforzo intelectual. Por que?

Porque veremos a continuación, aínda que o idealismo se presente dun xeito máis agochado e cubríndose con verbas e expresións novas, todas as filosofías idealistas non fan máis que retomar os argumentos do «vello Berkeley» (Lenin).

Porque veremos tamén até que punto a filosofía idealista que dominou e domina aínda a historia *oficial* da filosofía, levando consigo un método de pensamento do que estamos impregnados, soubo penetrar en nós malia unha educación completamente laica.

Como a base dos argumentos de todas as filosofías idealistas están nos razoamentos de Berkeley, imos tratar, pois, para resumir este capítulo, de deducir cales son eses principais argumentos e o que tentan demostrar.

##### ***1. O espírito crea a materia***

Sabemos que esta é a resposta idealista á cuestión fundamental da filosofía; é a primeira forma do idealismo que se reflicte nas diferentes relixións, nas que se afirma que o espírito creou o mundo.

Esta afirmación pode ter dous sentidos:

Ou *ben* Deus creou o mundo, e este existe realmente, fora de nós. Este é o idealismo común das teoloxías.<sup>7</sup>

Ou *ben* Deus creou *a ilusión* do mundo en nós dándonos ideas que non corresponden a nada. Este é o ‘idealismo inmaterialista’ do bispo Berkeley, que quere probarnos que o espírito é a única realidade, mentres que a materia é un produto fabricado polo noso espírito.

Por iso os idealistas afirman que:

## ***2. O mundo non existe fóra do noso pensamento***

Isto é o que Berkeley quere demostrar ao afirmar que cometemos un erro atribuíndo ás cousas propiedades e calidades propias, cando non existen máis que no noso espírito.

Para os idealistas, os bancos e as mesas existen, pero só no noso pensamento e non fora de nós, porque

## ***3. Son as nosas ideas as que crean as cousas***

Con outras palabras, as cousas son o reflexo do noso pensamento. En efecto, posto que é o espírito o que crea a ilusión da materia, posto que as sensacións que experimentamos ante as cousas non proveñen das cousas mesmas senón unicamente do noso pensamento, a causa da realidade do mundo e das cousas é o noso pensamento, e, consecuentemente, todo o que nos arrodea non existe fóra do noso espírito e non pode ser máis que o reflexo do noso pensamento. Pero como para Berkeley *o noso* espírito sería incapaz de crear por *si só* esas ideas, e como por outra parte non fai o que quere (como acontecería se as creara por si mesmo), é preciso admitir que o creador é outro espírito máis poderoso. Por conseguinte, é Deus quen crea o noso espírito, impoñéndonos todas as ideas do mundo que atopamos nel.

Son estas as principais teses nas que se apoian as doutrinas idealistas e as respostas que aportan á cuestión fundamental da filosofía. Xa é tempo de ver cal é a resposta da filosofía materialista a esta cuestión e aos problemas suscitados por estas teses.

## **LECTURAS**

Berkeley, *Diálogos de Hylas e Filón*.

Lenin, *Materialismo e Empiriocriticismo*.

---

<sup>7</sup> A teoloxía é a ‘ciencia’ (!!!) que trata de Deus e das cousas divinas.

## **CAPÍTULO TERCEIRO O MATERIALISMO**

### **I. POR QUE DEBEMOS ESTUDAR O MATERIALISMO?**

Xa vimos que o problema: «Cales son as relacións entre o ser e o pensamento?», só ten dúas respostas opostas e contraditorias.

No capítulo precedente estudamos a resposta idealista e os argumentos presentados para defendera a filosofía idealista.

Agora debemos examinar a segunda resposta a ese problema fundamental (problema, repítámolo, que se encontra na base de toda filosofía) e ver cales son os argumentos que o materialismo aporta na súa defensa. E máis cando o materialismo é para nós unha filosofía moi importante, xa que é a do marxismo.

Polo tanto, é indispensábel coñecer ben o materialismo. Indispensábel sobre todo porque as concepcións desta filosofía son moi mal coñecidas e foron falsificadas. Indispensábel tamén porque, por mor da nosa educación, da instrución que recibimos –sexa primaria ou máis avanzada-, dos nosos hábitos de vivir e razoar, estamos todos, sen decatarnos, impregnados en maior ou menor medida das concepcións idealistas. (Por outra parte, xa veremos noutros capítulos varios exemplos desta afirmación, e a razón disto.)

Por conseguinte, é unha necesidade absoluta para aqueles que queren estudar o marxismo coñecer a súa base: o materialismo.

### **II. DE ONDE PROCEDE O MATERIALISMO?**

Definimos a filosofía, de maneira xeral, como un esforzo por explicar o mundo, o universo. Mais sabemos que as súas explicacións cambiaron de acordo co estado dos coñecementos humanos, e que no curso da historia da humanidade dúas actitudes trataron de explicar o mundo: unha, anticientífica, que recorre a un ou a moitos espíritos superiores, a forzas sobrenaturais; outra, científica, que se funda sobre feitos e experiencias.

Unha desas concepcións é defendida polos filósofos idealistas; a outra, polos materialistas.

Por iso, desde o comezo deste libro dixemos que a primeira idea que é preciso facerse do materialismo é que esta filosofía representa «a explicación científica do universo».

Se o idealismo naceu da ignorancia dos homes –e xa veremos como a ignorancia foi mantida, conservada na historia das sociedades por forzas culturais e políticas que compartían as concepción idealistas-, o materialismo naceu da loita das ciencias contra a ignorancia ou escurantismo.

Por iso esta filosofía foi tan combatida, e aínda o é nos nosos días, baixo a súa forma moderna (o materialismo dialéctico), e é pouco coñecida ou mesmo ignorada ou negada polo mundo universitario oficial.

### III. COMO E POR QUE EVOLUCIONOU O MATERIALISMO?

Contrariamente ao que pretenden aqueles que combaten esta filosofía e que din que esta doutrina non evolucionou desde hai vinte séculos, a historia do materialismo amósanos que esta filosofía é algo vivo e sempre en movemento.

No curso dos séculos, os coñecementos científicos do home progresaron. Ao comezo da historia do pensamento, na antigüidade grega, os coñecementos científicos eran case nulos, e os primeiros sabios eran ao mesmo tempo filósofos, porque nesa época a filosofía e as ciencias nacentes formaban un todo, sendo aquela a prolongación destas.

Posteriormente, e a medida que as ciencias aportaban precisións na explicación dos fenómenos do mundo, precisións que estorbaban aos dogmas dos filósofos idealistas e incluso estaban en contradicións con eles, xurdiu un conflito entre a filosofía e as ciencias.

Como as ciencias estaban en contradición coa filosofía oficial desa época, foi necesario que se separasen. Foi por iso que

«elas se apresuran a desembazarse da zarapallada filosófica e a deixar aos filósofos as vastas hipóteses, para tomar contacto con problemas restrinxidos, aqueles que están *maduros* para unha solución próxima. Crease entón esa distincións entre as ciencias... e a filosofía.»<sup>8</sup>

Mais o materialismo, nado coas ciencias, unido a elas e dependente delas, progresou e evolucionou con elas para chegar, co materialismo moderno, o de Marx e Engels, a reunir novamente a ciencia e a filosofía no materialismo dialéctico.

Máis adiante estudaremos esta historia e esta evolución, que están vinculadas ao progreso da humanidade, pero xa comprobamos, e é importante retelo, que o materialismo e as ciencias están unidos entre si e que o materialismo é absolutamente dependente da ciencia.

Fáltanos establecer e definir as bases do materialismo, base comúns a todas as filosofías que, baixo diferentes aspectos, se declaran materialistas.

### IV. CALES SON OS PRINCIPIOS E OS ARGUMENTOS DOS MATERIALISTAS?

Para contestar isto é preciso volver á cuestión fundamental da filosofía, a das relacións entre o ser e o pensamento: cal dos dous é o principal?

Os materialistas afirman, por suposto, que hai unha relación determinada entre o ser e o pensamento, entre a materia e o espírito. Para eles, o ser, a materia, é o elemento primordial, a cousa primeira, e o espírito a cousa secundaria, posterior, dependente da materia.

Consecuentemente, para os materialistas non son o espírito ou Deus os que crearon o mundo e a materia, senón que o mundo, a materia, a natureza, crearon o espírito:

«O mesmo espírito non é máis que o produto superior da materia.»<sup>9</sup>

Por iso, se retomamos a pregunta que expuxemos no primeiro capítulo: «Por que pensa o home?», os materialistas responden que o home pensa porque ten un cerebro e o pensamento é un produto do cerebro. Para eles non pode existir pensamento sen materia, sen corpo.

«A nosa consciencia e o noso pensamento, por transcendentais que nos parezan, non son senón produtos dun órgano material, corporal, o cerebro.»<sup>10</sup>

<sup>8</sup> René Maublanc, *La vie ouvrière*, 25 de novembro de 1935.

<sup>9</sup> Friedrich Engels, *L. Feuerbach*.

Por iso, a materia, o ser, son para os materialistas algo real, existente fóra do noso pensamento, e non necesitan do pensamento ou do espírito para existir. Do mesmo xeito, como o espírito non pode existir sen materia, non hai alma inmortal e independente do corpo.

Contrariamente ao que din os idealistas, as cousas que nos arrodean existen independentemente de nós: son elas as que nos dan os nosos pensamentos; e as nosas ideas non son máis que o reflexo das cousas no noso cerebro.

É por iso que ante o segundo aspecto da cuestión das relacións entre o ser e o pensamento:

«Que relación hai entre as nosas ideas sobre o mundo que nos arrodea e ese mesmo mundo? O noso pensamento está en condicións de coñecer o mundo real? Podemos, nas nosas concepcións do mundo real, reproducir unha imaxe fiel da realidade? Esta cuestión é chamada na linguaxe filosófica a cuestión da identidade do pensamento e do ser.»<sup>11</sup>

Os materialistas afirman: Si!, podemos coñecer o mundo, e as ideas que nos facemos deste mundo son cada vez máis xustas, posto que podemos estudar coa axuda das ciencias, que estas nos proban continuamente mediante a experiencia que as cousas que nos arrodean teñen efectivamente unha vida de seu, independente de nós, e que os homes xa poden reproducir en parte esas cousas, crealas artificialmente.

Para resumir, diremos que ante o problema fundamental da filosofía os materialistas afirman:

1. *Que é a materia a que produce o espírito e que, cientificamente, nunca se viu espírito sen materia.*
2. *Que a materia existe fóra de todo espírito e que non ten necesidade do espírito para existir, posto que ten unha existencia particular e que, contrariamente ao que din os idealistas, non son as nosas ideas as que crean as cousas, senón, pola contra, son as cousas as que nos dan as nosas ideas.*
3. *Que somos quen de coñecer o mundo, que as ideas que nos facemos da materia e do mundo son cada vez máis correctas, posto que, coa axuda das ciencias, podemos determinar con precisión o que xa coñecemos e descubrir o que ignoramos*

---

<sup>10</sup> Friedrich Engels, *L. Feuerbach*.

<sup>11</sup> *Idem*.

## **CAPÍTULO CUARTO**

### **QUEN TEN RAZÓN: O IDEALISTA OU O MATERIALISTA?**

#### **I. COMO DEBEMOS FORMULAR O PROBLEMA**

Agora que coñecemos as teses dos idealistas e dos materialistas, imos tentar coñecer quen ten razón.

Lembremos que ante todo necesitamos comprobar, por unha parte, que estas teses son absolutamente opostas e contraditorias; por outra parte, que, ben sexa que se defenda unha ou outra teoría, isto nos conduce a conclusións que, polas súas consecuencias, son fundamentais.

Para saber quen ten razón, debemos referirnos aos tres puntos nos cales resumimos cada argumentación.

Os idealistas afirman:

1. Que é o espírito o que crea a materia.
2. Que a materia non existe fora do noso pensamento, e que, loxicamente, non é para nós máis ca unha ilusión.
3. Que son as nosas ideas as que crean as cousas.

Pola súa parte, os materialistas afirman exactamente o contrario.

Para facilitar o noso traballo, debemos comezar polo que pertence ao dominio do sentido común e que máis nos asombra.

1. É certo que o mundo non existe máis que nos nosos pensamentos?
2. É certo que son as nosas ideas as que crean as cousas?

Estes son dous argumentos defendidos polo idealismo 'inmaterialista' de Berkeley, cuxas conclusións conducen, como en todas as teoloxías, á nosa terceira pregunta:

3. É certo que o espírito crea a materia?

Trátase de cuestións moi importantes, posto que se relacionan co problema fundamental da filosofía. Polo tanto, ao discutilas imos saber quen ten razón, e elas son particularmente interesantes para os materialistas, dado que as respostas materialistas a estas preguntas son comúns a *todas* as filosofías materialistas –e polo tanto, ao materialismo dialéctico.

#### **II. É CERTO QUE O MUNDO NON EXISTE MÁIS QUE NO NOSO PENSAMENTO?**

Antes de estudar esta cuestión, debemos situar dous termos filosóficos que non é preciso utilizar e que atopamos a miúdo nas nosas lecturas.

Realidade subxectiva (que quere dicir: realidade que existe só no noso pensamento).

Realidade obxectiva (realidade que existe fóra do noso pensamento).

Os idealistas din que o mundo non é unha realidade obxectiva, senón subxectiva.

Os materialistas din que é unha realidade obxectiva.

Para demostrarnos que o mundo e as cousas non existen máis que no noso pensamento, o bispo Berkeley fai a súa descomposición en propiedades (cor, tamaño, densidade, etc.). Demóstranos que esas propiedades, que varían segundo os individuos, non están nas mesmas cousas senón no espírito de cada un de nós. Diso deduce que a materia é un conxunto de propiedades non obxectivas senón subxectivas e que, consecuentemente, non existe.

Retornando ao exemplo do sol, Berkeley pregúntanos se cremos na realidade obxectiva do disco vermello, demostrándonos, co seu método de discusión de propiedades, que o sol non é vermello e non é un disco. Por conseguinte, o sol non é unha realidade obxectiva, porque non existe por si mesmo, senón que é unha simple realidade subxectiva, posto que non existe máis que no noso pensamento.

Os materialistas afirman que o sol existe de todos modos, non porque o vexamos como un disco chato ou vermello –porque isto corresponde ao realismo inxenuo, o dos nenos e o dos primeiros homes que non contaban cos seus sentidos para controlar a realidade-, senón que afirman que existe invocando á ciencia. En efecto, esta permítenos rectificar os erros que os nosos sentidos nos fan cometer.

Pero ante este exemplo do sol, debemos formular claramente o problema.

Diremos, con Berkeley, que o sol non é un disco nin é vermello, pero non aceptamos as súas conclusión: a negación do sol como realidade obxectiva.

Non discutimos as propiedades das cousas senón a súa existencia.

Non discutimos para saber se os nosos sentidos nos engana e deforman a realidade material, senón se esta realidade existe fóra dos nosos sentidos.

E ben!: os materialistas afirman a existencia desta realidade fóra de nós, proporcionándonos argumentos que son a ciencia mesma.

Que fan os idealistas para demostrármonos que teñen razón? Discuten sobre verbas, fan grandes discursos, escriben numerosas páxinas.

Supoñamos por un intre que tiveran razón. Se o mundo non existe máis que no noso pensamento, entón o mundo non existiu antes que os homes? Sabemos que isto é falso, porque a ciencia nos demostra que o home apareceu moi tardiamente sobre a Terra. Certos idealistas dirán que antes do home existían os animais e que podía aloxarse neles o pensamento. Pero sabemos que antes dos animais existía unha Terra inhabitábel sobre a cal non era posíbel ningunha vida orgánica. Outros dirannos que incluso se só existía o sistema solar sen que existira o home, de todos modos o pensamento, o espírito, existían en Deus. Deste xeito chegamos á forma suprema do idealismo. Debemos elixir entre Deus e a ciencia. O idealismo non pode sosterse sen Deus e Deus non pode existir sen o idealismo

Esta é a forma de formular exactamente o problema do idealismo e do materialismo: Quen ten razón? Deus ou a ciencia?

Deus é un puro espírito creador da materia: unha afirmación sen proba.

A ciencia vai demostrármonos, mediante a práctica e a experiencia, que o mundo é unha realidade obxectiva, e vai permitírnos responder á pregunta:

### **III. É CERTO QUE SON AS NOSAS IDEAS AS QUE CREAN AS COUSAS?**

Tomemos, por exemplo, un autobús que pasa no momento no que atravesamos a rúa na compañía dun idealista co cal discutimos para saber se as cousas teñen unha realidade obxectiva ou subxectiva e se é certo que son as nosas ideas as que crean as cousas. Non hai dúbida de que se non queremos



ser esmagados poremos moita atención. Por conseguinte, o idealista, na práctica, está obrigado a recoñecer a existencia do autobús. Para el, practicamente, non hai diferenza entre un autobús obxectivo e un autobús subxectivo, e isto é tan xusto que a práctica proporciona a proba de que os idealistas, na vida, son materialistas.

Poderíamos citar numerosos exemplos nos que veríamos que os filósofos idealistas e aqueles que sosteñan esta filosofía, non desdeñan certas baixeiras ‘obxectivas’ para obter o que para eles non é máis que realidade subxectiva...

É por iso, ademais, que xa non se ve a ninguén afirmar, como Berkeley, que o mundo non existe. Os argumentos son moitos máis sutís e disimulados. (Consulten, como exemplo da maneira na que argumentan os idealistas, o capítulo titulado “O descubrimento dos elementos do mundo”, no libro de Lenin *Materialismo e Empiriocriticismo*.)

Polo tanto, «o criterio da práctica» -segundo o termo de Lenin- é o que nos permitirá confundir aos idealistas.

Por outra parte, estes non deixarán de dicir que a teoría e a práctica non son o mesmo, que son dúas cousas completamente diferentes. Isto non é certo. Unicamente a práctica pode demostrar, mediante a experiencia, se unha concepción é xusta ou falsa.

O exemplo do autobús demostra que o mundo ten, pois, unha realidade obxectiva, e que non é unha ilusión creada polo noso espírito.

Fáltanos ver agora –dado que a teoría do inmaterialismo de Berkeley non pode sosterse ante as ciencias nin resistir o criterio da práctica- se, como afirman todas as conclusións dos filósofos idealistas, das relixións e das teoloxías, o espírito crea a materia.

#### **IV. É CERTO QUE O ESPÍRITO CREA A MATERIA?**

Tal como vimos antes, para os idealistas o espírito ten a súa forma suprema en Deus. El é a resposta final, a conclusión da súa teoría, e é por iso que o problema *espírito-materia* se formula (para saber se ten razón o idealista ou o materialista) baixo a forma do problema: «Deus ou a ciencia».

Os idealistas afirman que Deus existiu desde toda a eternidade e que, non experimentando nunca cambios, é sempre o mesmo. É o espírito puro, para o cal non existe nin o tempo nin o espazo. É o creador da materia.

Para soste a súa afirmación de Deus tampouco aquí presentan os idealistas ningún argumento.

Para defender ao creador da materia recorreron a un feixe de misterios que un espírito científico non pode aceptar.

Ao remontarse ás orixes da ciencia e observar que os homes primitivos forxaron no seu espírito a idea de Deus instintivamente e por mor da súa grande ignorancia, compróbase que os idealistas dos século XX continúan ignorando, como os primeiros homes, todo o que un traballo paciente e perseverante permitiu coñecer. De feito, Deus, para os idealistas, non pode explicarse, e segue a ser para eles unha *crenza* sen ningunha proba. Cando os idealistas queren ‘probarnos’ a necesidade dunha creación do mundo dicindo que a materia non puido existir sempre; que necesariamente debeu ter unha orixe, recorren a un Deus, o cal, pola súa parte, nunca tivo comezo. Seica resulta máis clara esta explicación?

Pola contra, para soste os seus argumentos, os materialistas empregarán a ciencia que os homes desenvolveron a medida que facían retroceder «os límites da súa ignorancia».

A ciencia permítenos pensar que o espírito creara a materia? Non.

A idea dunha creación por un espírito puro é incomprendible, porque non coñecemos nada semellante na experiencia. Para que isto fose posible, sería necesario, como din os idealistas, que o espírito existira só, antes que a materia, mentres que a ciencia nos demostra que isto non é posible e que endexamais houbo espírito sen materia. Ao contrario, o espírito está sempre unido á materia, e en particular comprobamos que o espírito do home está unido ao cerebro, que é a fonte das nosas ideas e do noso pensamento. A ciencia non nos permite concibir que as ideas existen no baleiro.

Polo tanto, para que o espírito-Deus puidera existir sería preciso que tivera un cerebro. Por iso podemos dicir que non é Deus quen creou a materia e polo tanto ao home, senón que é a materia, baixo a forma do cerebro humano, a que creou o espírito-Deus.

Máis adiante veremos se a ciencia nos dá a posibilidade de crer nun Deus sobre o cal o tempo non tivera efecto e para quen o espazo, o movemento e o cambio non existiran.

Desde xa podemos chegar a unha conclusión. Na súa resposta ao problema fundamental da filosofía:

## V. OS MATERIALISTAS TEÑEN RAZÓN E A CIENCIA PROBA AS SÚAS AFIRMACIÓNS

Os materialistas teñen razón ao afirmar:

1. Contra o idealismo de Berkeley e contra os filósofos que se agochan detrás do seu inmaterialismo: que o mundo e as cousas, por unha banda, existen fóra do noso pensamento e non teñen necesidade do noso pensamento para existir; por outra banda, que non son as nosas ideas as que crean as cousas senón que, pola contra, son as cousas ás que nos dan as nosas ideas.
2. Contra todas as filosofías idealistas, porque as súas conclusións conducen a afirmar a creación da materia polo espírito, ou sexa, a afirmar a existencia de Deus e a soste as teoloxías, os materialistas, apoiándose nas ciencias, afirman e proban que é a materia a que crea o espírito e que non necesitan a ‘hipótese-Deus’ para explicar a creación da materia.

*Observación.* – Debemos prestar atención ao xeito no que os idealistas expoñen os problemas. Afírmannos que Deus creou o home cando xa vimos que é o home o que crea a Deus. Por outra banda, afirman tamén que é o espírito o que creou a materia, cando vemos que a realidade é exactamente a contraria. Compre destacar esta maneira de inverter as perspectivas.

## LECTURAS

Lenin, *Materialismo e Empiriocriticismo*, p. 71: “Existía a natureza antes que o home?”; pp. 85-89: “Pensa o home co cerebro?”. Edicións en Linguas Estranxeiras. Moscova.

Engels, *Ludwig Feuerbach*, “Idealismo e Materialismo”.

## CAPÍTULO QUINTO

### HAI UNHA TERCEIRA FILOSOFÍA? O AGNOSTICISMO

#### I. POR QUE UNHA TERCEIRA FILOSOFÍA?

Despois destes tres primeiros capítulos pode parecer nos que debe ser bastante doado situarnos no medio de todos os razoamentos filosóficos, xa que unicamente dúas grandes correntes se reparten todas as teorías: o idealismo e o materialismo. E que, ademais, os argumentos que militan a prol do materialismo convencen de xeito definitivo.

Semella que, despois dalgún exame, atopamos o camiño que conduce cara á filosofía da razón: o materialismo.

Mais as cousas non son tan simples. Como xa sinalamos, os idealistas modernos non teñen a franqueza do bispo Berkeley. Presentan as súas ideas

«con moito máis artificio, baixo unha forma escurecida polo emprego dunha terminoloxía ‘nova’ destinada a conseguir que a xente inxenua as tome pola filosofía ‘máis moderna’.»<sup>12</sup>

Xa vimos que a cuestión fundamental da filosofía ten dúas respostas que son totalmente opostas, contraditorias e inconciliábeis. Estas dúas respostas son moi claras e non permiten ningunha confusión.

E efectivamente, até máis ou menos 1710, o problema era formulado así: dun lado, os que afirmaban a existencia da materia fóra do noso pensamento –eran os materialistas-; do outro, aqueles que, con Berkeley, negaban a existencia da materia e pretendían que esta só existía en nós, no noso espírito –eran os idealistas.

Mais nesta época, e co progreso da ciencia, interviñeron entón outros filósofos que trataron de superar aos idealistas e os materialistas creando unha corrente filosófica que sementara a confusión entre estas dúas teorías, e esta confusión ten a súa fonte na busca dunha *terceira* filosofía.

#### II. RAZOAMENTO DESTA TERCEIRA FILOSOFÍA

A base desta filosofía, que foi elaborada despois de Berkeley, é que resulta inútil tratar de coñecer a natureza real das cousas e que nunca poderemos coñecer máis que as *aparencias*.

Por iso é que esta filosofía se chama *agnosticismo* (do grego *a*, negación, e *gnósticos*, capaz de coñecer; é dicir, ‘incapaz de coñecer’).

Segundo os agnósticos, non se pode saber se o mundo é, no fondo, espírito ou natureza. Podemos coñecer a aparencia das cousas, pero non podemos coñecer a realidade.

Por ese motivo, considerando que os idealistas e os materialistas discuten para saber se as cousas son materia ou espírito, se estas cousas existen ou non fóra do noso pensamento, se podemos coñecelas ou non, os agnósticos din que se pode coñecer a aparencia, mais nunca a realidade.

Os nosos sentidos –din eles- permítennos ver e sentir as cousas, coñecer os seus aspectos exteriores, as aparencias; polo tanto, esas aparencias existen para nós; constitúen o que na linguaxe filosófica

---

<sup>12</sup> Lenin, *Materialismo e Empiriocriticismo*.

se chama 'a cousa para nós'. Pero non podemos coñecer a cousa, independente de nós, coa súa realidade que lle é propia, o que se chama 'a cousa en si'.

Os idealistas e os materialistas, que discuten continuamente sobre estes temas, son comparábeis a dous homes que se pasearan pola neve, un con anteollos azuis e o outro rosados, disputando verbo da verdadeira cor da neve. Supoñamos que nunca puideran quitar os seus anteollos. Poderán chegar a coñecer un día a verdadeira cor da neve?... Non. E ben!: os idealistas e os materialistas que discuten para saber quen ten a razón, levan anteollos azuis ou rosados. Nunca coñecerán a realidade. Terán un coñecemento da neve 'para eles'; cada un a ver á ao seu xeito, pero xamais coñecerán a neve 'en si mesma'. Este é o razoamento dos agnósticos.

### III. DE ONDE PROCEDE ESTA FILOSOFÍA?

Os fundadores desta filosofía son Hume (1711-1776), que era inglés, e Kant (1724-1804), un alemán. Ambos os dous trataron de conciliar o idealismo e o materialismo.

O seguinte é unha pasaxe dos razoamentos de Hume citados por Lenin no seu libro *Materialismo e Empiríocriticismo*:

«Pódese considerar evidente que os homes somos propensos, por instinto ou predisposición natural, a fiarnos dos sentidos, e que sen o menor razoamento, ou incluso antes de recorrer ao razoamento, sempre supoñemos a existencia dun mundo exterior, que non depende da nosa percepción e que existiría aínda que desaparecésemos ou fósemos destruídos nós e todos os demais seres dotados de sensibilidade...

«Mais esta opinión universal e primaria de todos os homes é prontamente rebatida pola máis superficial filosofía, que nos ensina que á nosa mente só pode ser accesíbel a imaxe ou a percepción e que as sensacións son tan só canles polas que estas imaxes son transportadas, non sendo capaces de establecer por si mesmas unha relación directa entre a mente e o obxecto. A mesa que vemos semella máis pequena se nos afastamos dela, pero a mesa real, que existe independentemente de nós, non cambia; por conseguinte, a nosa mente non percibiu outra cousa que a imaxe da mesa. Tales son as indicacións evidentes da razón.»<sup>13</sup>

Vemos que Hume admite para comezar o que é evidente para o sentido común: a «existencia dun universo exterior» que non depende de nós. Pero ao momento nega que esta existencia sexa unha realidade obxectiva. Para el, esta existencia non é máis ca unha imaxe, e os nosos sentidos, que comprobamos esta existencia, esta imaxe, son incapaces de establecer unha relación calquera entre a mente e o obxecto.

Nunha palabra, vivimos no medio das cousas como no cinema, onde vemos a imaxe dos obxectos, a súa existencia, mais detrás das imaxes, detrás da pantalla, non hai nada.

Agora, para saber como ten a nosa mente coñecemento dos obxectos, isto pode ser debido

«á enerxía da nosa mesma intelixencia ou á acción dalgún espírito invisíbel e descoñecido ou tamén a algunha causa aínda menos coñecida.»<sup>14</sup>

---

<sup>13</sup> Lenin, *Materialismo e Empiríocriticismo*, p. 21.

<sup>14</sup> *Obra citada*.

#### IV. AS SÚAS CONSECUCENCIAS

Temos aquí unha teoría sedutora que, por outra parte, está moi estendida. Atopámola baixo diferentes aspectos no curso da Historia, entre as teorías filosóficas, e nos nosos días entre todos aqueles que pretenden «permanecer neutrais e manterse nunha reserva científica».

É preciso, polo tanto, examinar se eses razoamentos son xustos e que consecuencias se derivan diso.

Se verdadeiramente é imposible para nós, como afirman os agnósticos, coñecer a verdadeira natureza das cousas, e se o noso coñecemento se limita as súas aparencias, non podemos afirmar, entón, a existencia da realidade obxectiva e non podemos saber se as cousas existen por si mesmas. Para nós, por exemplo, o autobús é unha realidade obxectiva; pero o agnóstico afirma que iso non é seguro, que non se pode saber se ese autobús é un pensamento ou unha realidade. El prohíbenos, xa que logo, soste que o noso pensamento é o reflexo das cousas. Vemos que deste xeito estamos en pleno razoamento idealistas, porque, entre afirmar que as cousas non existen ou ben que sinxelamente non se pode saber se existen, a diferenza non é moita...

Xa vimos que o agnóstico distingue as 'cousas para nós' e as 'cousas en si'. O estudo das cousas para nós é polo tanto posible: é a ciencia; pero o estudo das cousas en si é imposible, porque non podemos coñecer o que existe fóra de nós.

O resultado deste razoamento é o seguinte: o agnóstico acepta a ciencia; cre nela e quere practicala e, como non se pode facer ciencia sen a condición de expulsar da natureza toda forza sobrenatural, ante a ciencia el é materialista.

Mais non tarde en engadir que, como a ciencia non nos dá máis que aparencias, nada proba que non exista na realidade outra cousa ademais da materia, ou incluso que exista a materia ou que Deus non exista. A razón humana non pode saber nada e, xa que logo, non ten por que mesturarse niso. Se hai outros medios de coñecer as 'cousas en si', como a fe relixiosa, o agnóstico non quere sabelo tampouco e non se recoñece o dereito de discutilo.

No tocante á condución da vida e á construción da ciencia, o agnóstico é, pois, un materialista, pero un materialista que non ousa afirmar o seu materialismo e que tenta, por riba de calquera cousa, non atraerse dificultades cos idealistas, non entrar en conflito coas relixións. É «un materialista vergoñoso».<sup>15</sup>

A consecuencia é que, ao dubidar do valor profundo da ciencia e ao non ver nela máis que ilusión, esta terceira filosofía propón non atribuír ningunha veracidade á ciencia e considerar como perfectamente inútil tratar de saber algo, de facer avanzar o progreso.

Os agnósticos din: «Noutra época, os homes vían o sol como un disco chato e crían que esa era a realidade: enganábanse. Hoxe, a ciencia di que o sol non é tal como o vemos e pretende explicar todo. Porén, sabemos que se engana a miúdo, destruindo un día o que construíra a véspera. Erro onte, verdade hoxe, pero erro mañá. Deste xeito, sosteñen os agnósticos, nós non podemos *saber*, a razón non nos aporta ningunha certeza. E se fóra da razón hai outros medios que, como a fe relixiosa, pretenden darnos certezas absolutas, nin sequera a ciencia pode impedirnos crer niso. Ao diminuír a confianza na ciencia, o agnosticismo prepara así o retorno das relixións.

#### V. COMO PODEMOS REFUTAR ESTA 'TERCEIRA' FILOSOFÍA

Vimos xa que, para probar as súas afirmacións, os materialistas se serven non só da ciencia senón tamén da *experiencia*, que permite controlar as ciencias. Grazas ao 'criterio da práctica' pódese saber, pódense coñecer as cousas.

---

<sup>15</sup> Friedrich Engels, *Estudos filosóficos*.

Os agnósticos din quen é imposible afirmar que o mundo exterior existe ou non existe.

Pero mediante a práctica nós sabemos que o mundo e as cousas existen. Sabemos que as ideas que nos facemos das cousas son xustas, que as relacións que establecemos entre as cousas e nós son reais.

«Desde o momento que sometemos eses obxectos ao noso uso, de acordo ás calidades que percibimos neles, sometemos a unha proba infalíbel a corrección ou a falsidade das nosas percepcións sensíbeis. Se esas percepcións foran falsas, a nosa apreciación do uso que se pode facer dun obxecto debería selo igualmente, e a nosa tentativa debería fracasar. Pero se acadamos o noso obxectivo, se advertimos que o obxecto concorda coa idea que tiñamos del e responde ao designio no que o facemos entrar, esa é unha proba positiva de que as nosas percepcións do obxecto e das súas calidades están de acordo cunha realidade exterior a nós mesmos, e cada vez que fracasamos empregamos xeralmente pouco tempo para descubrir a razón do noso fracaso; decatámonos de que a percepción sobre a cal nos baseáramos para actuar era ou incompleta ou superficial ou combinada cos resultados doutras percepcións, de xeito tal que non garantía o que chamamos razoamento verdadeiro. Na medida na que temos coidado de conducir e de empregar axeitadamente os nosos sentidos e de manter a nosa acción nos límites prescritos por percepcións convenientemente obtidas e convenientemente utilizadas, notamos que o resultado da nosa acción proba a conformidade das nosas percepcións coa natureza obxectiva das cousas percibidas. En ningún caso debemos tirar a conclusión de que as nosas percepcións sensíbeis, cientificamente controladas, produzan nos nosos espíritos ideas sobre o mundo exterior que estean, pola súa mesma natureza, en desacordo coa realidade, ou que exista unha incompatibilidade inherente entre o mundo e as percepcións sensíbeis que del temos.»<sup>16</sup>

Retomando a frase de Engels, diremos: «a proba do pudín é que se come» (proverbio inglés). Se non existira ou non fora máis ca unha idea, o feito de comelo non saciaría en absoluto a nosa fame.

Deste xeito é perfectamente posíbel coñecer as cousas, ver se as nosas ideas corresponden á realidade. Podemos controlar os datos da ciencia pola experiencia e a industria, que traducen en aplicacións prácticas os resultados teóricos das ciencias. Se podemos *facen* caucho sintético, é porque a ciencia coñece a ‘cousa en si’ que é o caucho.

Xa que logo, vemos que non é inútil tentar saber quen ten razón, xa que, malia os erros teóricos que a ciencia pode cometer, a experiencia nos proporciona en cada ocasión a proba de que indubidabelmente é a ciencia a que ten razón.

## VI. CONCLUSIÓN

Desde o século XVIII, entre os diferentes pensadores que foron influenciados en maior ou menor medida polo agnosticismo, vemos que esta filosofía é atraída tanto polo idealismo como polo materialismo. Cubríndose con novas verbas, como di Lenin, pretendendo incluso servirse da ciencia para apuntalar os seus razoamentos, non fan máis que crear a confusión entre as dúas teorías, permitindo así a algúns ter unha filosofía cómoda, que lles dá a posibilidade de declarar que non son idealistas porque botan man da ciencia, pero que tampouco son materialistas, porque non se atreven a ir até a fin dos seus argumentos, porque non son consecuentes:

«Que é o agnosticismo –di Engels- senón... un materialismo ‘vergonzoso’? A concepción agnóstica da natureza é completamente materialista. O mundo natural é rexido enteiramente por leis e exclúe absolutamente toda intervención exterior. Mais,

---

<sup>16</sup> Friedrich Engels, *Estudos filosóficos*.

agrega ela, nós non temos ningún medio para afirmar ou negar a existencia dalgún ser supremo máis alá do universo coñecido.»<sup>17</sup>

Polo tanto, esta filosofía fai o xogo ao idealismo e, posto que son inconsecuentes nos seus razoamentos, os agnósticos desembocan no idealismo. «Rasquen ao agnóstico –di Lenin- e atoparán ao idealista.»

Vimos que se pode saber *quen* ter razón: se o idealismo ou o materialismo.

Vemos agora que as teorías que pretenden conciliar esas dúas filosofías non poden, de feito, senón soste ao idealismo, que non aportan unha terceira resposta á cuestión fundamental da filosofía e que, consecuentemente, non hai terceira filosofía.

## LECTURAS

Lenin, *Materialismo e Empiriocriticismo*.

F. Engels, *Ludwig Feuerbach*.

F. Engels, *Estudos filosóficos*.

---

<sup>17</sup> Friedrich Engels, *Estudos filosóficos*.

**SEGUNDA PARTE**  
**O MATERIALISMO FILOSÓFICO**



## **CAPITULO PRIMEIRO**

### **A MATERIA E OS MATERIALISTAS**

Despois de definir as ideas comúns a todos os materialistas, a continuación os argumentos de todos os materialistas contra os filósofos idealistas e, finalmente, o erro do agnosticismo, imos extraer as consecuencias destas ensinanzas e reforzar os argumentos materialistas aportando as nosas respostas á dúas seguintes preguntas:

1º Que é a materia?

2º Que significa ser materialista?

#### **I. QUE É A MATERIA?**

*Importancia da cuestión.* – Cada vez que temos que resolver un problema, debemos formular a cuestión con moita claridade. De feito, neste caso non é tan sinxelo dar unha resposta satisfactoria. Para conseguilo debemos facer unha teoría da materia.

En xeral, a xente coída que a materia é o que se pode tocar, o que é resistente e duro. Na antigüidade grega, así era como se definía a materia.

Hoxe, grazas ás ciencias, sabemos que isto non é exacto.

#### **II. TEORÍAS SUCEASIVAS DA MATERIA**

(O noso obxectivo é pasar revista o máis sinxelamente posíbel ás diversas teorías relativas á materia, sen entrar en explicacións científicas.)

Na Grecia pensábase que a materia era algo duro, que non podía dividirse infinitamente. Chega un momento –dicíase- no que os anacos xa non son divisíbeis; pasando a chamarse a estas partículas átomos (que significa *indivísibel*). Polo tanto, unha mesa é un conglomerado de átomos. Coidábase tamén que estes átomos eran diferentes uns de outros: había átomos lisos e redondos, como os do aceite, outros rugosos e curvados como os do vinagre.

Demócrito, un materialista da antigüidade, fundamentou esta teoría: el foi o primeiro que tentou dar unha explicación materialista do mundo. Pensaba, por exemplo, que o corpo humano estaba composto por átomos grosos, que a alma era un conglomerado de átomos máis finos e, como admitía a existencia dos deuses e sen embargo quería explicar todo como un materialista, afirmaba que os mesmos deuses estaban compostos por átomos extra finos.

Desde a antigüidade, pois, os homes trataron de explicar que é a materia.

A Idade Media non aportou nada verdadeiramente novo á teoría dos átomos elaborada polos gregos. Foi no século XIX cando se modifica profundamente esta teoría.

Continuábase pensando que a materia se dividía en átomos, que estes últimos eran partículas moi duras que se atraían unhas ás outras. Se abandonara a teoría dos gregos, e eses átomos xa non eran curvados ou lisos, aínda que se continuaba sostendo que eran duros, indivísíbeis e experimentaban un movemento de atracción entre si.

Posteriormente, o progreso permitiu ás ciencias aportar precisións e ir máis adiante na explicación da materia. Hoxe se demostra que o átomo é aproximadamente un centro ao redor do cal gravita un pequeno sistema de planetas que levan pequenas cargas eléctricas. O mesmo centro ou núcleo do

átomo é complexo e de estrutura moi variada. A materia é un conglomerado deses átomos e se a nosa man pousada sobre a mesa sinte unha resistencia é que recibe un número incalculábel de choques, procedentes deses pequenos sistemas que son os átomos.

A esta nova teoría moderna de explicación da materia, teoría confirmada pola experiencia científica, os idealistas reprocháronlle: Xa non hai materia dura! Polo tanto, xa non hai materia! Os materialistas que basean a súa filosofía na existencia da materia xa non teñen probas! A materia desvaneceuse!

Hai que recoñecer que esta maneira de argumentar tivo certo éxito, xa que incluso certos marxistas, o que é dicir materialistas, foron sacudidos nas súas conviccións. Mais falar da supresión da materia é escurecer o problema, cando o que se está a facer é aportar precisións sobre a súa composición.

O que importa, o necesario, é ver

### III. QUE É A MATERIA PARA OS MATERIALISTAS

Neste sentido, é indispensable facer unha distinción: trátase de ver ante todo

1. *¿Que é a materia?*

e despois

2. *¿Como é a materia?*

A resposta que dan os materialistas á primeira das cuestións é que a materia é unha realidade exterior, independente do espírito, e que non precisa do espírito para existir. Lenin di verbo disto:

«A noción de materia só expresa a realidade obxectiva que nos dá a sensación.»<sup>18</sup>

Agora, á segunda cuestión: '*Como é a materia?*', os materialistas din: «Non nos corresponde contestar a nós, senón á ciencia.»

A primeira resposta é invariábel desde a antigüidade até os nosos días.

A segunda resposta *variou e debe* variar porque depende das ciencias, do estado dos coñecementos humanos. Non é unha resposta definitiva.

Vemos que é absolutamente indispensable formular ben o problema e non deixar que os idealistas mesturen as dúas cuestións. É preciso separalas ben, amosar que a primeira é a principal e que a nosa resposta a ese respecto é desde sempre invariábel.

«Porque a *única* 'propiedade' da materia cuxa admisión define o materialismo filosófico é a de *ser unha realidade obxectiva*, a de existir fóra da nosa consciencia.»<sup>19</sup>

### IV. O ESPAZO, O TEMPO, O MOVEMENTO E A MATERIA

Se afirmamos, porque o comprobamos, que a materia existe *fóra de nós*, precisamos tamén:

1. Que a materia existe no tempo e no espazo.

---

<sup>18</sup> *Obra citada.*

<sup>19</sup> Friedrich Engels, *Anti-Dühring*.

## 2. Que a materia está *en movemento*.

Os idealistas pensan que o espazo e o tempo son ideas no noso espírito (Kant foi o primeiro en defendelo). Para eles, o espazo é unha forma *que nós damos* ás cousas, o espazo nace do espírito do home. Outro tanto acontece co tempo.

Os materialistas afirman, pola contra, que o espazo non está en nós, senón que nós estamos no espazo. Afirman tamén que o tempo é unha condición indispensable ao desenvolvemento da nosa vida; e que, consecuentemente, é no tempo e no espazo que o que existe fóra do noso pensamento – a materia- existe.

«...As formas esenciais de todo ser son o espazo e o tempo, e un ser fóra do tempo é un absurdo tan grande como un ser fóra do espazo.»<sup>20</sup>

Xa que logo, pensamos que hai unha realidade independente da consciencia. Pensamos que o mundo existiu antes de nós e que continuará existindo despois de nós. Pensamos que para existir, o mundo non ten necesidade de nós. Estamos persuadidos de que París existiu antes do noso nacemento e que, a non ser que fose definitivamente arrasado, existiría despois da nosa morte. Estamos seguros de que París existe, incluso aínda que non pensemos nel, do mesmo xeito que hai dúzias de milleiros de cidades que non visitamos nunca, das que nin sequera coñecemos o nome e que sen embargo existen. Tal é a convicción xeral da humanidade. As ciencias permitiron dar a este argumento unha precisión e unha solidez que reducen a nada todos os requilorios idealistas.

«As ciencias naturais afirman positivamente que a Terra existiu en estados tales que nin o home nin ningún ser vivinte a habitaban nin podían habitala. A materia orgánica é un fenómeno tardío, o produto dunha evolución moi longa.»<sup>21</sup>

As ciencias proporcionan, pois, a proba de que a materia existe no tempo e no espazo, ao tempo que ensinan que a materia está en movemento. Esta última precisión, proporcionada polas ciencias modernas, é moi importante, xa que destrúe a vella teoría segunda a cal a materia sería incapaz de movemento, *inerte*.

«O movemento é o modo de existencia, a maneira de ser da materia... A materia sen movemento é tan inconcibíbel como o movemento sen materia.»<sup>22</sup>

Sabemos que no seu estado actual, o mundo é o resultado, en todos os terreos, dunha longa evolución e, en consecuencia, o resultado dun movemento lento pero continuo. Establecemos, pois, despois de demostrar a existencia da materia, que

«o universo non é máis que materia en movemento, e esta materia en movemento non pode moverse doutro xeito que no espazo e no tempo.»<sup>23</sup>

## V. CONCLUSIÓN

Estas comprobacións levan a comprender que a idea de Deus, a idea dun 'espírito puro' creador do universo, non ten sentido, porque: un Deus fóra do espazo e do tempo é algo que non pode *existir*.

Hai que vivir na mística idealista e, por conseguinte, non admitir ningún control científico, para crer nun Deus existente fóra do tempo, é dicir, non existente en ningún momento e existente fóra do espazo, é dicir, non existente en ningures.

---

<sup>20</sup> Friedrich Engels, *Anti-Dühring*.

<sup>21</sup> Lenin, *Obra citada*.

<sup>22</sup> Friedrich Engels, *Anti-Dühring*.

<sup>23</sup> Lenin, *Obra citada*.

Fortalecidos polas conclusións das ciencias, os materialistas afirman que a materia existe no espazo e nun certo momento (no tempo). Xa que logo, o universo non puido ser creado, porque para poder crear o mundo Deus necesitaría un momento que non foi en ningún momento (xa que para Deus o tempo non existe) e necesitaría tamén que o mundo xurdira *da nada*.

Para admitir a creación é preciso admitir ante todo que hai un momento no que o universo non existía, é dicir, que da nada xurdiu algo, e isto a ciencia non o pode admitir.

Vemos que se confrontamos coas ciencias os argumentos idealistas, estes non poden manterse, mentes que os dos filósofos materialistas non poden ser afastados das mesmas ciencias. Subliñamos así, de novo, as relacións íntimas que unen ao materialismo coas ciencias.

## LECTURAS

F. Engels, *Anti-Dühring*.

Lenin, *Materialismo e Emiriocriticismo*, Cap. III.

## **CAPÍTULO SEGUNDO**

### **QUE SIGNIFICA SER MATERIALISTA?**

#### **I. UNIÓN DA TEORÍA E A PRÁCTICA**

O estudo que realizamos ten por obxectivo facer coñecer que é o marxismo, ver como a filosofía do materialismo, ao facerse dialéctica, se identifica co marxismo. Xa sabemos que un dos fundamentos desta filosofía é a relación estreita entre a teoría e a práctica.

Por iso, despois de ver *que é* a materia para os materialistas e despois *como é* a materia, é indispensable explicar que significa *ser materialista*, é dicir, como actúa o materialista. É a parte práctica destes problemas.

A base do materialismo é o recoñecemento do ser como creador do pensamento. Mais, abonda con repetir continuamente isto? Para ser un verdadeiro partidario do materialismo hai que selo: 1) no campo do pensamento; 2) no campo da acción.

#### **II. QUE SIGNIFICA SER PARTIDARIO DO MATERIALISMO NO CAMPO DO PENSAMENTO?**

Ser partidario do materialismo no campo do pensamento é –coñecendo a fórmula fundamental do materialismo: o ser crea o pensamento- saber como se pode aplicar esta fórmula.

Cando dicíamos: o ser crea o pensamento, temos unha fórmula *abstracta*, porque as verbas *ser* e *pensamento* son verbas abstractas. Ao dicir ‘ser’, falamos do ser en xeral; ao dicir ‘pensamento’, queremos falar do pensamento en xeral. O ser, así como o pensamento *en xeral*, constitúen unha realidade subxectiva (ver na primeira parte, cap. IV, a explicación da realidade subxectiva e a realidade obxectiva); isto *non existe*; é o que se chama unha *abstracción*: Dicir: ‘o ser crea o pensamento’ é, xa que logo, unha fórmula abstracta, xa que está composta por abstraccións.

Por exemplo: coñecemos ben aos cabalos, pero se falamos *do* cabalo, queremos falar do cabalo *en xeral*; e ben: o cabalo en xeral é unha abstracción.

Se en troques do cabalo poñemos ao home ou ao ser *en xeral*, tamén se trata de abstraccións.

Mais se o cabalo en xeral non existe, que existe entón? Os cabalos *en particular*. O veterinario que dixera: «Estou cuidando un cabalo en xeral pero non a un cabalo en particular», faría que se riran del; o mesmo sucedería se un médico dixera unha cousa semellante respecto aos homes.

Por conseguinte, o ser en xeral non existe, pero existen seres particulares, que teñen calidades particulares. O mesmo acontece co pensamento.

Polo tanto, diremos que o ser en xeral é algo abstracto, e que o ser en particular é algo *concreto*; e outro tanto respecto ao pensamento en xeral e ao pensamento en particular.

*O materialista é aquel que sabe recoñecer en todas as situacións, que sabe concretar, onde está o ser e onde está o pensamento.*

Exemplo: o cerebro e as nosas ideas.

Debemos saber aplicar a fórmula xeral abstracta nunha fórmula concreta. O materialista identificará ao cerebro como o ser e ás nosas ideas como o pensamento. Razoará dicindo: o cerebro (o ser) é o que produce as nosas ideas (o pensamento). Este é un exemplo sinxelo, mais tomemos o exemplo máis complexo da sociedade humana e vexamos como razoará un materialista.

A vida da sociedade está composta (a grandes trazos) dunha vida económica e unha vida política. Cales son as relacións entre a vida económica e a vida política? Cal é o factor primeiro desta fórmula abstracta que queremos converter nunha fórmula concreta?

Para o materialista, o factor primeiro, é dicir, o ser, o que dá vida á sociedade, é a vida económica. O factor segundo, o pensamento que é creado polo ser, que só pode vivir a causa del, é a vida política.

Polo tanto, o materialista dirá que a vida económica *explica* a vida política, posto que a vida política é un produto da vida económica.

Esta comprobación, feita aquí brevemente, está na raíz do que se chama o *materialismo histórico* e foi establecida por primeira vez por Marx e Engels.

Collamos outros exemplo máis delicado: é certo que para ‘explicar’ ao poeta hai que ter presente numerosos elementos, pero aquí queremos amosar un aspecto da cuestión.

Dirase, xeralmente, que o poeta escribe porque é impulsado pola inspiración. É suficiente iso para explicar por que o poeta escribe unha cousa ou outra? Non. Certamente, o poeta ten ideas na súa cabeza, mais tamén é un ser que vive na sociedade. Veremos que o factor primeiro, o que dá a súa vida propia ao poeta, é a sociedade, posto que o factor segundo son as ideas que o poeta ten no seu cerebro. Por conseguinte, *un* dos elementos, o elemento fundamental, que ‘explica’ ao poeta, será a sociedade, é dicir, o medio no que el vive nesta sociedade. (Volveremos ao ‘poeta’ cando estudemos a dialéctica, porque entón contaremos con todos os elementos para estudar ben este problema).

Por estes exemplos, vemos que o materialista é aquel que sabe aplicar, en calquera lugar e momento, a fórmula do materialismo. Actuar así é o único xeito de ser consecuente.

### III. COMO SER MATERIALISTA NA PRÁCTICA?

#### 1. Primeiro aspecto da cuestión

Vimos que non hai terceira filosofía e que se non se é consecuente na aplicación do materialismo, ou ben se é idealista ou ben se obtén unha mestura de idealismo e de materialismo.

Nos seus estudos e experiencias, o sabio burgués é sempre materialista. Isto é normal porque para facer avanzar a ciencia hai que traballar coa materia, e se o sabio pensara verdadeiramente que a materia non existe máis que na súa mente, consideraría inútil facer experiencias.

Polo tanto, hai distintas variedades de sabios:

1. Os sabios que son materialistas conscientes e consecuentes, como na URSS, e que tamén existen noutros países socialistas ou capitalistas.
2. Os sabios que son materialistas sen sabelo: é dicir, case todos, porque é imposible dedicarse á ciencia sen formularse a existencia da materia. Pero entre estes últimos, hai que distinguir:
  - a) Os que comezan a seguir ao materialismo, pero que se deteñen, porque non se atreven a chamarse así: son os agnósticos, aqueles ao que Engels chama «materialistas avergoñados».
  - b) Despois, os sabios materialistas sen sabelo e inconsecuentes. Son materialistas no laboratorio pero despois, ao deixar o seu traballo, son idealistas, crentes, relixiosos.

De feito, estes últimos non souberon ou non quixeron ordenar as súas ideas. Están en perpetua contradición consigo mesmo. Afasta os seus traballos, forzosamente materialistas, das súas concepcións filosóficas. Son ‘sabios’ e, porén, aínda que non neguen expresamente a existencia da materia, pensan, o que é pouco científico, que é inútil coñecer a natureza real das cousas. Son ‘sabios’ e, porén, *cren* sen ningunha proba en cousas imposíbeis. (Ver o caso de Pasteur, de Branly e doutros que eran crentes, mentres que o sabio, se é consecuente, debe abandonar a súa crenza relixiosa). Ciencia e crenza opóñense absolutamente.

## 2. Segundo aspecto da cuestión

*O materialismo e a acción:* Se é certo que o verdadeiro materialista é aquel que aplica a fórmula situada na base desta filosofía sempre e en calquera parte, debe prestar atención para aplicala ben.

Como acabamos de ver, é preciso ser consecuente e, para ser un materialista consecuente, hai que traspoñer o materialismo á acción.

Ser materialista na práctica significa actuar de conformidade coa filosofía tomando por factor primeiro e máis importante a *realidade*, e por factor segundo o *pensamento*.

Imos ver que actitudes toman aqueles que, sen sospeitalo, toman como factor primeiro ao pensamento e, polo tanto, son nese momento idealistas sen sabelo.

1. Como se denomina aquel que vive como se estivera só no mundo?: *individualista*. Vive repregado en si mesmo: o mundo exterior non existe máis que para el só. Para el, o importante é *el*, o seu pensamento. É un idealista puro, o que se chama un solipsista. (Ver a explicación desta verba na primeira parte, cap. II).

O individualista é *egoísta*, e ser egoísta non é unha actitude materialista. O egoísta toma o mundo para el e limita o mundo a el.

2. Quen aprende polo *pracer de aprender*, ao ‘dilettante’, para si, que asimila ben, non ten dificultades, pero garda iso só para el. Outorga unha importancia principal a si mesmo, ao seu pensamento.

O idealista péchase ao mundo exterior, á realidade. O materialista está sempre *aberto* á realidade; por iso aqueles que seguen cursos de marxismo e aprenden facilmente deben tratar de *transmitir* o que aprenderon.

3. Aquel que razoa sobre todas as cousas *con relación a si mesmo* padece unha deformación idealista.

Dirá, por exemplo, dunha reunión na que se manifestaron cousas desagradábeis para el: «Foi unha mala reunión». Non é así como se deben analizar as cousas; hai que xulgar a reunión en relación coa organización, cos seus fins, e non con relación a un mesmo.

4. O *sectarismo* tampouco é unha actitude materialista. Como o sectario comprendeu os problemas e está de acordo consigo mesmo, pretende que os outros deben ser coma el. Tamén isto significa dar a importancia principal a un mesmo ou a unha seita.

5. O *doutrinario* que estudou os textos e extraeu definicións, tamén é un idealista cando se contenta con citar textos materialistas, cando vive só cos seus textos, porque entón o mundo real desaparece. Repite esas fórmulas sen aplicalas á realidade. Dá importancia primordial aos textos, ás ideas. A vida desenvólvese na súa consciencia baixo forma de textos e, polo xeral, compróbase que o doutrinario é tamén un sectario.

Pensar que a revolución é unha cuestión de educación, dicir que explicando 'dunha vez' aos obreiros a necesidade da revolución eles deben comprender e que, se non queren comprender, non paga a pena tratar de facer a revolución, iso é sectarismo e non unha actitude materialista.

Debemos *comprobar* os casos nos que a xente non comprende; *indagar* por que acontece iso, ter en conta a represión, a propaganda dos xornais burgueses, radios, cinema, etc., e procurar todos os medios posíbeis para facer comprender o que queremos, por medio das follas, os xornais, as escolas, etc.

Non ter o sentido da realidade, vivir na lúa e, practicamente, facer proxectos sen ter absolutamente en conta as situacións e as realidades, é unha actitude idealista que outorga a importancia principal a fermosos proxectos sen comprobar se son ou non realizábeis. Aqueles que critican continuamente, mais nada fan para que as cousas vaian mellor e non propoñen ningún remedio, aqueles que carecen de sentido crítico cara a si mesmos, todos eles son materialistas non consecuentes.

#### IV. CONCLUSIÓN

Por medio destes exemplos, vemos que os defectos que se poden comprobar en maior ou menor grao en cada un de nós son defectos idealistas. Prodúcense porque separamos a práctica da teoría e porque a burguesía que nos influenciou quere que non concedamos importancia á realidade. Para ela, que sostén o idealismo, a teoría e a práctica son dúas cousas completamente diferentes e sen ningunha vinculación. Por conseguinte, eses defectos son prexudiciais e debemos combatelos, porque beneficiarán á burguesía. Resumindo, debemos comprobar que tales defectos, sementados en nós pola sociedade, polas bases teóricas da nosa educación e da nosa cultura, arraigados na nosa infancia, son obra da burguesía e debemos desembarazarnos deles.



## **CAPÍTULO TERCEIRO**

### **HISTORIA DO MATERIALISMO**

Estudamos xa o que é o materialismo en xeral e cales son as ideas comúns a *todos* os materialistas. Agora imos ver como evolucionou desde a antigüidade para culminar no materialismo moderno. En resume, imos expoñer rapidamente a *historia do materialismo*.

Non temos a pretensión de explicar en tan poucas páxinas os 2.000 anos de historia do materialismo; sinxelamente queremos dar indicacións xerais que guiarán ás lecturas.

Para estudar ben esta historia, aínda que sexa de forma lixeira, é indispensábel ver en cada momento *por que* as cousas se desenvolven dese modo. É preferíbel omitir certos nomes históricos a deixar de aplicar este método. Mais aínda que non queremos atuar o cerebro dos nosos lectores, coidamos necesario nomear na orde histórica aos principais filósofos materialistas.

Por iso, para simplificar o traballo, imos consagrar estas primeiras páxinas ao aspecto puramente histórico, e despois, na segunda parte deste capítulo, veremos por que a evolución do materialismo *tivo* que experimentar esta forma de desenvolvemento.

#### **I. NECESIDADE DE ESTUDAR ESTA HISTORIA**

A burguesía non gusta da historia do materialismo e por iso esta historia, ensinada nos libros burgueses, é totalmente incompleta e sempre falsa. Empréganse diversos procedementos de falsificación.

1. Non podendo ignorar aos grandes pensadores marxistas, falan de todo o que escribiron, *agás* dos seus estudos materialistas, e *esquecen* dicir que son filósofos materialistas.

Hai moitos destes casos de *esquecemento* na historia da filosofía tal como se ensina nos institutos e na Universidade, e citaremos como exemplo a Diderot, que foi o máis grande pensador materialista antes de Marx e Engels.

2. No curso da Historia houbo numerosos pensadores que foron materialistas sen sabelo ou inconsecuentes. É dicir, nalgúns dos seus escritos eran materialistas pero noutros eran idealistas; por exemplo, Descartes.

Pero a historia escrita pola burguesía deixa na sombra todo o que estes pensadores escribiron, que non só influenciou no materialismo, senón que deu nacemento a toda unha corrente desta filosofía.

3. Ademais, se estes dous procedementos de falsificación non logran disfrazar a certos autores, pois se ignoran pura e simplemente.

Así é como se ensina a historia da literatura e da filosofía do século XVIII, ‘ignorando’ a D’Holbach e a Helvetius, que foron grandes pensadores desa época.

Por que pasa isto? Porque a historia do materialismo é particularmente instrutiva para coñecer e comprender os problemas do mundo; e tamén porque o desenvolvemento do materialismo é funesto para as ideoloxías que defenden os privilexios das clases dominantes.

Estas son as razóns polas cales a burguesía presenta ao materialismo como unha doutrina que non mudou, que non se anovou desde hai vinte séculos, cando a realidade é que o materialismo é algo vivo e sempre en movemento.

«Así como o idealismo pasou por toda unha serie de fases de desenvolvemento, outro tanto aconteceu co materialismo. Con cada descubrimento que fixo época no campo das ciencias naturais, tivo que modificar a súa forma.»<sup>24</sup>

Agora comprendemos mellor a necesidade de estudar, aínda que sexa con brevidade, esta historia do materialismo. Para facelo debemos distinguir dous períodos: 1º desde as orixes (antigüidade grega) até Marx e Engels; 2º desde o materialismo de Marx e Engels até os nosos días. (Estudaremos esta segunda parte co materialismo dialéctico).

Chamamos ao primeiro período ‘materialismo premarxista’ e ao segundo ‘materialismo dialéctico’.

## II. O MATERIALISMO PREMARXISTA

### 1. A antigüidade grega

Lembremos que o materialismo é unha doutrina que estivo sempre ligada ás ciencias, que evolucionou e progresou coas ciencias. Cando na antigüidade grega, nos séculos VI e V antes da nosa era, as ciencias comezaron a manifestarse cos ‘físicos’, xorde unha corrente materialista que atrae aos mellores pensadores e filósofos da época (Tales, Anaxímenes, Heráclito). Eses primeiros filósofos serán, como dixo Engels, «naturalmente dialécticos». Sentíronse impresionados polo feito de que en todas partes se atopa o movemento, o cambio, e que as cousas non están illadas, senón intimamente vinculadas entre si...

Heráclito, a quen se chama ‘o pai da filosofía’, dicía:

«Nada está inmóbil, todo flúe; xamais nos bañamos dúas veces no mesmo río, porque este nunca é en dous instantes sucesivos o mesmo; dun instante ao outro cambiou, transformouse noutro.»

É o primeiro en tentar explicar o movemento, o cambio, e ver na contradición as razóns da evolución das cousas.

As concepcións deses primeiros filósofos eran xustas e, porén, foron abandonadas porque tiñan o defecto de ser formuladas *a priori*, é dicir, porque o estado das ciencias nesa época non permitía probar o que eles anticipaban. Por outra parte, non se daban aínda as condicións sociais necesarias para o florecemento da dialéctica (máis adiante veremos cales son).

Só moito máis tarde, no século XIX, aparecerán as condicións (sociais e intelectuais) que permiten á ciencia probar a exactitude da dialéctica.

Outros pensadores gregos tiveron concepcións materialistas: Leucipo (século V antes da nosa era), que foi o mestre de Demócrito, xa discutira o problema dos átomos, cuxa teoría, como xa vimos, foi establecido por este último.

Epicuro (341-270 antes da nosa era), discípulo de Demócrito, foi completamente terxiversado pola historia burguesa, que o representa como a un vulgar ‘porco filosófico’; para a historia oficial, ser epicúreo é ser un festeiro, cando o certo é que, na vida, Epicuro era un asceta. Esta mala reputación débese simplemente ao feito de que era materialista...

---

<sup>24</sup> Friedrich Engels, *L. Feuerbach*.

Lucrecio (século I antes da nosa era), discípulo latino de Epicuro, compuxo un extenso poema sobre *A Natureza*. Escribiu alí que se a humanidade non é ditosa, é porque a relixión ensinou aos homes que despois da morte a alma seguía vivindo e podía padecer eternamente.

É este medo, pois, o que impide aos homes ser felices na terra. É preciso libralos dese terror, e a única teoría capaz de conseguilo é o materialismo epicúreo.

Todos eses filósofos tiñan consciencia de que a filosofía materialista estaba ligada á sorte da humanidade, e comprobamos xa entón, da súa parte, unha oposición á teoría oficial: oposición entre o idealismo e o materialismo.

Pero un grande pensador domina a Grecia antiga: é Aristóteles, que era máis ben idealista. A súa influencia foi considerábel. E por iso debemos citalo moi especialmente. El estableceu o inventario dos coñecementos humanos desa época, colmando as lagoas creadas polas ciencias novas. Espírito universal, escribiu numerosos libros sobre todos estes temas. Pola universalidade do seu saber, do cal só se retiveron as tendencias idealistas descoidando os seus aspectos materialistas e científicos, tivo sobre as concepcións filosóficas unha influencia considerábel até finais da Idade Media, é dicir, durante vinte séculos.

Continuouse durante todo ese período, polo tanto, a tradición antiga, e só se pensaba a través de Aristóteles. Unha represión salvaxe desatábase contra aqueles que pensaban doutro xeito. Aínda así, comezou unha loita a finais da Idade Media entre os idealistas que negaban a materia e aqueles que pensaban que existía unha realidade material.

Nos séculos XI e XII esta disputa continuou en Francia e sobre todo en Inglaterra.

Nun primeiro momento, o materialismo desenvólvese principalmente neste último país. Marx dixo:

«O materialismo é o verdadeiro fillo da Gran Bretaña.»<sup>25</sup>

Un pouco máis tarde, é en Francia onde xermolará o materialismo. En calquera caso, vemos que nos séculos XV e XVI se manifestan dúas correntes: unha, o materialismo inglés, outra o materialismo francés, cuxa conxunción contribuirá ao prodixioso florecemento do materialismo no século XVIII.

## 2. O materialismo inglés

«O verdadeiro antepasado do materialismo inglés e de toda ciencia experimental moderno é Bacon. As ciencias físicas e naturais constitúen aos seus ollos a verdadeira ciencia, e a física concreta é a súa parte principal.»<sup>26</sup>

Bacon é cerebro fundador do método experimental no estudo das ciencias. Para el, o importante é estudar a ciencia no «gran libro da natureza», e isto é particularmente interesante nunha época na que se estuda a ciencia *nos libros* que Aristóteles deixara algúns séculos antes.

Así era como se procedía, por exemplo, para estudar a física: sobre un certo tema tomábanse as pasaxes escritas por Aristóteles; despois se tomaban os libros de Santo Tome de Aquino, que era un grande teólogo, e líase o que este último escribira sobre a pasaxe de Aristóteles. O profesor non facía comentarios persoais, aínda menos sobre o que pensaba, pero se refería a unha terceira obra que repetía a Aristóteles e a Santo Tomé. Era esta a ciencia da Idade Media, á que se chamaba a escolástica: era unha ciencia *libresca*.

Contra esta escolástica, contra esta ciencia estancada reaccionou Bacon chamando a estudar no «grande libro da natureza».

Nesta época formúlase unha cuestión:

---

<sup>25</sup> Marx-Engels, *A Sagrada Familia*. Estudos Filosóficos.

<sup>26</sup> Engels, *O materialismo histórico*. En Marx-Engels, *Estudos Filosóficos*.

De onde veñen as nosas ideas? De onde veñen os nosos coñecementos? Cada un de nós ten ideas, a idea de casa, por exemplo. Esta idea témola porque hai casas, din os materialistas. Os idealistas pensan que é Deus quen nos dá a idea de casa. Pola súa banda, Bacon dicía xustamente que a idea só existía porque se vían ou se tocaban as cousas, pero aínda non podía demostralo.

Foi Locke (1632-1704) o que emprendeu a tarefa de demostrar como as ideas proveñen da experiencia. Mostrou que todas as ideas veñen da experiencia e que unicamente a experiencia nos dá as ideas. A idea da primeira mesa sobreveu ao home antes de que esta existira porque, por experiencia, el utilizaba xa un tronco de árbore ou unha pedra como mesa.

### 3. O materialismo en Francia

Pódese situar a partir de Descartes (1596-1650) o nacemento en Francia dunha corrente netamente materialista. Descartes tivo unha grande influencia sobre esta filosofía, pero polo xeral non se fala disto!

Nesta época, na que a ideoloxía feudal estaba moi viva, até nas ciencias, que se estudaban da maneira escolástica, Descartes entre en loita contra o estado das cousas.

A expresión simple da ideoloxía feudal é ese razoamento segundo o cal hai dúas clases de xente: os nobres e os que non o son. Os nobres teñen todos os dereitos, os outros ningún. Aplicábase este mesmo razoamento ás ciencias, ou sexa, que unicamente aqueles que polo seu nacemento tiñan unha posición privilexiada, tiñan o dereito de ocuparse das ciencias. Unicamente eles eran quen de comprender os problemas!

Descartes loitou, pois, contra ese razoamento e dixo: «O bo sentido é a cousa mellor compartida no mundo». Consecuentemente, todo o mundo ten os mesmos dereitos ante a ciencia. E se el fai, por exemplo, unha boa crítica da medicina do seu tempo (*O enfermo imaxinario*, de Molière, é un eco das críticas de Descartes), é porque quere facer unha ciencia que sexa unha ciencia verdadeira, baseada no estudo da natureza, rexeitando aquela ensinada até entón, na que Aristóteles e Santo Tomé eran os únicos 'argumentos'.

Descartes viviu ao comezo do século XVII; no século seguinte ía estoupar a Revolución e por iso podemos dicir que el sae dun mundo que vai desaparecer para entrar nun mundo novo, naquel que vai nacer. Esta posición fai que Descartes sexa un conciliador; quere crear unha ciencia materialista e, ao tempo, é idealista, porque quere salvar a relixión.

Cando na súa época se pregunta: Por que hai animais que viven?, seguíanse as respostas xa confeccionadas da teoloxía: porque hai un principio que os fai vivir. Pola contra, Descartes sostíña que se os animais viven, é porque *son* materia. El cría e afirmaba, por outra parte, que os animais non son máis que máquinas de carne e músculos, como as outras máquinas son de ferro e madeira. Incluso pensaba que unhas e outras non tiñan sensacións, e cando na Abadía de Port-Royal, durante as xornadas de estudo, homes que invocaban a súa filosofía espiñaban aos cans, dicían: «Que ben feita está a natureza, *diríase* que sofren!...»

Para Descartes, o materialista, os animais eran máquinas. Pero o home é diferente, porque ten unha alma, dicía Descartes, o idealista...

Das ideas desenvolvidas e defendidas por Descartes van nacer, por unha banda, unha corrente filosófica netamente materialista e, pola outra banda, unha corrente idealista.

Entres aqueles que continúan a vertente cartesiana materialista, reteremos o nome de La Mettrie (1709-1751). Retomando esa tese do animal-máquina, esténdea até o home. Por que non sería o home unha máquina?... El ve a alma humana como unha mecánica na que as ideas serían movementos mecánicos.

Nesta época penetra en Francia, coas ideas de Locke, o materialismo inglés. Da conxunción destas dúas correntes vai nacer un materialismo máis evolucionado. Este será

#### 4. O materialismo do século XVIII

Este materialismo foi defendido por filósofos que tamén souberon ser loitadores e escritores admirábeis; criticando continuamente as institucións sociais e a relixión, aplicando a teoría á práctica e sempre en combate contra o poder, foron, ás veces, encerrados na Bastilla.

Son eles os que reuniron os seus traballos na grande *Enciclopedia*, na que fixan a nova orientación do materialismo. Por outra parte, tiveron unha grande influencia, posto que esta filosofía era, como dixo Engels, «a convicción de toda a mocidade culta».

Incluso na historia da filosofía en Francia, esta foi a única época na que unha filosofía que tiña un carácter francés se volveu verdadeiramente popular.

Diderot, nado en Langres en 1713, morto en París en 1784, domina todo ese movemento. O que hai que dicir, antes de nada, e que a historia burguesa non di que foi antes de Marx e Engels o máis grande pensador materialista. Diderot, dixo Lenin, chega *case* ás conclusións do materialismo contemporáneo (dialéctico).

Foi un auténtico militante; sempre en batalla contra a Igrexa, contra o estado social, coñeceu os calabozos. A historia escrita pola burguesía escamoteouno moito. Mais compre ler as *Conversas de Diderot e d'Alembert, O Sobriño de Rameau, Jacques o Fatalista*, para comprender a influencia enorme de Diderot sobre o materialismo.<sup>27</sup>

Na primeira metade do século XIX, por mor dos acontecementos históricos, comprobamos un retroceso do materialismo. A burguesía de todos os países fai unha grande propaganda a prol do idealismo e da relixión, porque non só xa non quere que se propaguen as ideas progresistas (materialistas), senón que ademais ten a necesidade de adurmiñar aos pensadores e ás masas para manterse no poder.

É cando vemos a Feuerbach na Alemaña afirmar, no medio de todos os filósofos idealistas, as súas conviccións materialistas,

«poñendo de novo e decididamente o materialismo no trono.»<sup>28</sup>

Non é que aporte algo novo ao materialismo, pero retoma dun xeito san e actual as base do materialismo que foran esquecidas, e influencia así aos filósofos da súa época.

Chegamos a ese período do século XIX no que se comproba un progreso enorme nas ciencias, debido en particular a estes tres grandes descubrimentos: a célula vida, a transformación da enerxía e a evolución (de Darwin)<sup>29</sup>, que permitirán a Marx e Engels, influenciados por Feuerbach, facer evolucionar o materialismo para darnos o materialismo moderno ou dialéctico.

Acabamos de ver, lixeiramente, a historia do materialismo antes de Marx e Engels. Sabemos que estes, se ben estaban de acordo con numerosos puntos comúns dos materialistas que os precederon, xulgaron tamén que a obra destes últimos presentaba numerosos defectos e lagoas.

Para comprender as transformacións aportadas por eles ao materialismo premarxista, é absolutamente necesario establecer cales foron eses defectos e esas lagoas, e *por que* se produciron.

---

<sup>27</sup> Outros materialistas da época eran d'Alembert, d'Holbach, Helvetius, que poden vincularse até certo punto a Montesquieu, Voltaire e Rousseau.

<sup>28</sup> Engels, *Feuerbach*.

<sup>29</sup> *Idem*.

Noutras verbas, o noso estudo da historia do materialismo sería incompleto se, despois de enumerar os diferentes pensadores que contribuíron ao progreso do materialismo, non tratáramos de saber como e en que sentido se efectuou esta progresión e por que experimentou unha ou outra forma de evolución.

Interésanos particularmente o materialismo do século XVIII, por foi a culminación das diferentes correntes desta filosofía.

Polo tanto, imos estudar cales eran as eivas deste materialismo e cales as súas lagoas, pero como nunca debemos ver as cousas de xeito unilateral, senón no seu conxunto, subliñaremos tamén cales foron os seus méritos.

O materialismo, dialéctico nos seus comezos, non puido continuar desenvolvéndose sobre esas bases. O razoamento dialéctico, por mor da insuficiencia dos coñecementos científicos, tivo que ser abandonado. O primeiro era crear e desenvolver as ciencias.

«Primeira era preciso saber o que era esa ou aquela cousa antes de poder estudar os procesos.»<sup>30</sup>

Xa que logo, a unión moi íntima do materialismo e da ciencia é o que permitirá a esta filosofía converterse novamente, sobre bases máis sólidas e científicas, no materialismo dialéctico, o de Marx e Engels.

Atoparemos de novo, pois, o nacemento do materialismo xunto ao da ciencia. Pero se ben descubrimos sempre de onde procede o materialismo, debemos establecer tamén de onde procede o idealismo.

### **III. DE ONDE PROCEDE O IDEALISMO?**

Se no curso da historia o idealismo puido existir xunto á relixión, tolerado e aprobado por ela, é porque naceu e provén da relixión.

Lenin escribiu unha fórmula que debemos estudar: «O idealismo non é outra cousa que unha forma afinada e refinada da relixión». Que quere dicir isto? O seguinte: O idealismo sabe presentar as súas concepcións dun xeito moita máis flexíbel que a relixión. Pretender que o universo foi creado por un espírito que voaba por riba das tebras, que Deus é inmaterial, e despois, de súpeto, como fai a relixión, declarar que el fala (polo Verbo) e que ten un fillo (Xesús), constitúe unha serie de ideas presentadas brutalmente. O idealismo, cando afirma que o mundo só existe no noso pensamento, na nosa mente, emprega unha forma máis oculta. No fondo, como sabemos, é o mesmo, pero é unha forma menos basta, máis elegante. Por iso o idealismo é unha forma afinada da relixión.

É refinada tamén porque os filósofos idealistas saben, nas discusións, prever as preguntas, tender celadas, como Filón ao pobre Hylas nos diálogos de Berkeley.

Mais dicir que o idealismo provén da relixión é simplemente postergar o problema, e debemos preguntarnos inmediatamente:

### **IV. DE ONDE PROCEDE A RELIXIÓN?**

Engels deunos sobre este tema unha resposta moi clara: «A relixión nace das concepcións limitadas do home».

---

<sup>30</sup> Engels, *Feuerbach*.

Para os primeiros homes, esta ignorancia é dobre: ignorancia da natureza, ignorancia de si mesmos. É preciso pensar continuamente nesta dobre ignorancia cando se estuda a historia dos homes primitivos.

Na antigüidade grega, que sen embargo xa consideramos como unha civilización avanzada, esta ignorancia seméllanos infantil, por exemplo cando se ve que Aristóteles pensaba que a Terra estaba inmóbil, que era o centro do mundo e que ao seu redor xiraban planetas. (Estes últimos, que calculaba eran 46, estaban fixos, como cravos no ceo, e o todo xiraba ao redor da Terra...)

Os gregos pensaban tamén que existían catros elementos: a auga, a terra, o aire e o lume, e que non era posíbel descompoñelos. Sabemos que todo iso é falso, porque agora nós descompoñemos a auga, a terra e o aire, e non consideramos o lume como un elemento da mesma orde.

Os gregos eran tamén moi ignorantes respecto ao home mesmo, porque non coñecían as funcións dos nosos órganos e consideraban o corazón, por exemplo, como a sede do valor...

Se era tan grande a ignorancia dos sabios gregos, aos que consideramos xa como moi avanzados, cal debía ser entón a ignorancia dos homes que viviron milleiros de anos antes ca eles? As concepcións que os homes primitivos tiñan da natureza e si mesmos estaban limitadas pola ignorancia. Malia todo isto, eses homes trataban de explicar as cousas. Todos os documentos que posuímos sobre os homes primitivos din que estaban moi preocupados polos soños. Xa no primeiro capítulo vimos como resolveran esta cuestión dos soños mediante a crenza na existencia dun 'dobre' do home. Ao comezo atribuían a este dobre unha especie de corpo transparente e livián, cunha consistencia aínda material. Só moito despois nacerá no seu espírito a concepción de que o home ten de seu un principio *inmaterial* que sobrevive despois da morte, un principio espiritual (a verba ven de *espírito* que el latín quere dicir *sopro*, o *sopro* que se vai co último suspiro no momento no que se entrega a alma e no que só o 'dobre' subsiste). Por iso a *alma* explica o pensamento, o soño.

Na Idade Media tíñanse concepcións extravagantes sobre a alma. Pensábase que nun corpo gordo, había unha alma delgada e nun corpo delgado, unha alma grande; por iso é que nesta época os ascetas facían longos e numerosos xaxúns para dar un grande aloxamento á alma.

Admitindo baixo a forma do dobre transparente, despois baixo a forma da alma, principio espiritual, a supervivencia do home despois da morte, os homes primitivos crearon os deuses.

Crendo ao principio en seres máis poderosos que os homes e que aínda existían baixo unha forma material, chegaron insensibelmente á crenza de que existían na forma dunha alma superior á nosa. E así, despois de crear unha multitude de deuses, cada un deles cunha función definida, como na antigüidade grega, chegaron á concepción dun só Deus. Entón foi creada a relixión monoteísta<sup>31</sup> actual. Vemos así que na orixe da relixión, aínda baixo a súa forma actual, está presente a ignorancia.

O idealismo nace, pois, das limitadas concepcións do home, da súa ignorancia; mentres que, pola contra, o materialismo nace da desaparición deses límites.

No curso da historia da filosofía imos asistir a esta loita continua entre o idealismo e o materialismo. Este quere facer retroceder os límites da ignorancia, e iso será un dos seus méritos. Pola contra, o idealismo e a relixión que o alimenta fan os maiores esforzos para *manter a ignorancia* e aproveitar esta ignorancia das masas para facer que admitan a opresión, a explotación económica e social.

---

<sup>31</sup> Do grego, *monos*: un só, e *theos*: deus.

## V. OS MÉRITOS DO MATERIALISMO PREMARXISTA

Vimos nacer o materialismo entre os gregos desde que existe un embrión de ciencia. Seguindo o principio de que: cando a ciencia se desenvolve, tamén se desenvolve o materialismo, comprobamos no curso da historia:

1. Na Idade Media, un feble desenvolvemento das ciencias, unha paralización do materialismo.
2. Nos séculos XVII e XVIII a un desenvolvemento moi grande das ciencias corresponde un grande desenvolvemento do materialismo. O materialismo francés do século XVIII é a consecuencia directa do desenvolvemento das ciencias.
3. No século XIX, comprobamos numerosos e grandes descubrimentos e o materialismo experimenta unha grande transformación con Marx e Engels.
4. Hoxe, as ciencias progresan enormemente, e igual pasa co materialismo. Os mellores sabios aplican nos seus traballos o materialismo dialéctico.

Polo tanto, o materialismo e o idealismo teñen orixes completamente opostos; e comprobamos no curso dos séculos unha loita entre estas dúas filosofías, loita que dura aínda nos nosos días, e que non foi só académica.

Esta loita que atravesa a historia da humanidade é a loita entre a ciencia e a ignorancia, é a loita entre dúas correntes. Unha arrastra á humanidade cara á ignorancia e a mantén nesta ignorancia; a outra, polo contra, tende á liberación dos homes trocando a ignorancia pola ciencia.

Esta loita adoptou ás veces formas graves, como no tempo da Inquisición no que podemos tomar, entre outros, o exemplo de Galileo. Este último afirma que a Terra xira. Este é un coñecemento novo, que está en contradición coa Biblia e tamén con Aristóteles: se a Terra xira entón non é o centro do mundo senón simplemente un punto no mundo, e entón hai que ampliar os límites do noso pensamento. Que se fai entón ante este descubrimento de Galileo?

Para manter á humanidade na ignorancia, nace un tribunal relixioso que condena a Galileo á tortura ou a retractarse. Este é un exemplo da loita entre a ignorancia e a ciencia.

Xa que logo, debemos vulgar aos filósofos e aos sabios desta época situándoos nesta loita da ignorancia contra a ciencia, e comprobaremos que defendendo a ciencia defendían o materialismo sen sabelo. Así Descartes, cos seus razoamentos, proporcionou ideas que fixeron progresar o materialismo.

É preciso ver tamén que esta loita no curso da historia non é simplemente unha loita teórica, senón unha loita social e política. As clases dominantes están sempre nesta batalla do lado da ignorancia. A ciencia é revolucionaria e contribúe á liberación da humanidade.

O caso da burguesía é típico. No século XVIII, a burguesía está dominada pola clase feudal; neste momento, está a favor das ciencias; *dirixe* a loita contra a ignorancia e dános a *Enciclopedia*. No século XX, a burguesía é a clase dominante e, nesta loita entre a ignorancia e a ciencia *está a favor da ignorancia* co seu salvaxismo moito máis grande que o do pasado (fíxense no hitlerismo).

Vemos, pois, que o materialismo premarxista desenvolveu un papel considerábel e tivo unha importancia histórica moi grande. No curso desta loita entre a ignorancia e a ciencia soubo desenvolver unha concepción xeral do mundo que puido se oposta á relixión, é dicir, á ignorancia. É grazas tamén á evolución do materialismo, a esta sucesión dos seus traballos, que foron postas as bases indispensábeis para a eclosión do materialismo dialéctico.



## VI. OS DEFECTOS DO MATERIALISMO PREMARXISTA

Para comprenderen a evolución do materialismo, para ver ben os seus defectos e lagoas, non hai que esquecer nunca que ciencia e materialismo están unidos.

Nun principio, o materialismo estaba adiante con relación ás ciencias, e por iso esta filosofía non puido afirmarse de golpe. Era preciso crear e desenvolver as ciencias para probar que o materialismo dialéctico tiña razón, pero isto requiriu máis de vinte séculos. Durante este longo período, o materialismo experimentou a influencia das ciencias e particularmente a influencia do espírito das ciencias, así como a das ciencias particulares máis desenvolvidas.

Por iso,

«o materialismo do século precedente (é dicir, o do século XVIII) era ante todo mecanicista, porque nesta época, de todas as ciencias naturais, unicamente a mecánica e só a dos corpos sólidos, celestes e terrestres, en resumo, a mecánica da gravidade, chegara a certa perfección. A química só existía nunha forma infantil, floxística. A bioloxía estaba aínda empezando; o organismo vexetal e animal só fora estudado superficialmente e só era explicado por causas puramente mecánicas; para os materialistas do século XVIII, o home era unha máquina, tal como o animal para Descartes.»<sup>32</sup>

Isto era o materialismo xurdido dunha longa e lenta evolución das ciencias despois do período ‘invernal do medievo cristián’.

O grande erro neste período foi considerar o mundo como unha gran mecánica, xulgar toda cousa segundo as leis desta ciencia que se chama a mecánica. Considerando a evolución como un simple movemento mecánico, considerábase que os mesmos acontecementos debían reproducirse continuamente. Víase o lado máquina das cousas, pero non se vía o lado *vivinte*. Por iso coñecemos a este materialismo como mecánico (ou mecanicista).

Vexamos un exemplo: Como explican estes materialistas o pensamento? Deste xeito: «o cerebro segrega o pensamento como o fígado segrega a bile». É un pouco simplista! Pola contra, o materialismo de Marx dá unha serie de precisións. Os nosos pensamentos non proveñen só do cerebro. É preciso ver por que temos certos pensamentos, certas ideas, e percibimos entón que a sociedade, o ambiente, etc., seleccionan as nosas ideas. O materialismo mecanicista considera ao pensamento como un simple fenómeno mecánico. Pero é moito máis ca iso!

«Esta aplicación exclusiva da mecánica aos fenómenos da natureza química e orgánica, entre os cales as leis mecánicas actuaban seguramente tamén, pero eran rexeitadas no último momento por leis de orde superior, constitúe unha estreiteza específica, pero inevitábel nesta época do materialismo francés clásico.»<sup>33</sup>

Temos aquí a primeira grande eiva do materialismo do século XVIII.

A consecuencia deste erro era que aquel ignoraba a historia en xeral, é dicir, o punto de vista do desenvolvemento histórico, do proceso: este materialismo consideraba que o mundo non evolucionaba e que a intervalos regulares volvía a estados semellantes e non concibía tampouco unha evolución do home e dos animais.

«Este materialismo... na súa incapacidade para considerar o mundo en tanto que proceso, en tanto que materia comprometida nun desenvolvemento histórico... correspondeu ao nivel que acadaran nesa época as ciencias naturais e á maneira metafísica<sup>34</sup>, é dicir, antidialéctica, de filosofar, que era o seu resultado. Sabíase que a

---

<sup>32</sup> Engels, *Feuerbach*.

<sup>33</sup> *Idem*.

<sup>34</sup> *Metafísica*: na seguinte parte encetaremos o estudo do ‘método metafísico’.

natureza estaba empeñada nun movemento perpetuo. Pero este movemento, segundo a concepción da época, describía tamén un círculo perpetuo e, consecuentemente, non se movía nunca do seu sitio; producía sempre os mesmos resultados.»<sup>35</sup>

Temos aquí o segundo defecto do materialismo.

O seu terceiro erro, é que era demasiado contemplativo; non vía suficientemente o papel da *acción* humana no mundo e na sociedade. O materialismo de Marx ensina que non debemos unicamente *explicar* o mundo senón *transformalo*. O home é na historia un elemento activo que pode provocar cambios no mundo.

A acción dos comunistas rusos é un exemplo vivo dunha acción capaz non só de preparar, realizar e facer triunfar a Revolución, senón tamén de establecer o socialismo desde 1918 no medio de enormes dificultades.

O materialismo premarxista non tiña consciencia desta concepción da acción do home. Nesta época pensábase que o home era un produto do medio, mentres que Marx nos ensina que o medio é un produto do home e que o home é, por conseguinte, un produto de si mesmo. Se o home experimenta a influencia do medio, pode transformar o medio, a sociedade; polo tanto, pode transformarse a si mesmo.

O materialismo do século XVIII *era* demasiado contemplativo, xa que ignoraba o desenvolvemento histórico de toda cousa, e isto era inevitábel entón, posto que os coñecementos científicos non estaban suficientemente avanzados como para concibir o mundo e as cousas doutro xeito que a través do vello método de pensar: a 'metafísica'.

## LECTURAS

Marx e Engels, *A Sagrada Familia*.

Marx, *Tese sobre Feuerbach*.

Plejanov, *Ensaio sobre a historia do materialismo* (d'Holbach, Helvetius, Marx).

---

<sup>35</sup> Engels, *Feuerbach*.

**TERCEIRA PARTE**  
**ESTUDO DA METAFÍSICA**

## **CAPÍTULO ÚNICO**

### **EN QUE CONSISTE O ‘MÉTODO METAFÍSICO’**

Sabemos que os defectos dos materialistas do século XVIII proveñen da súa forma de razoamento do seu método particular de investigación, que chamamos ‘método metafísico’. Polo tanto, o método metafísico traduce unha concepción particular do mundo, e debemos sinalar que se ao materialismo premarxista opoñemos o materialismo marxista, do mesmo xeito opoñemos ao materialismo metafísico o materialismo dialéctico.

Por iso agora necesitamos aprender que é este ‘método metafísico’, para examinar enseguida que é, pola contra, o método dialéctico.

#### **I. OS PRINCIPIOS DESTE MÉTODO**

O que imos estudar aquí é ese

«antigo método de investigación e de pensamento que Hegel chama o método ‘metafísico’.»<sup>36</sup>

Faremos de inmediato unha observación sinxela: Que parece máis natural á maioría da xente: o movemento ou a inmovilidade? Cal é, para el, o estado normal das cousas: o repouso ou a mobilidade?

En xeral, pensamos que o *repouso* existía antes que o movemento e que para que unha cousa puidera poñerse en movemento, tiña que estar primeiro en estado de repouso.

A Biblia dinos tamén que antes que o universo, que foi creado por Deus, existía a eternidade inmóvil, é dicir, o repouso.

Estas son verbas que empregaremos a miúdo: repouso, inmovilidade; e tamén movemento e cambio. Pero estas dúas últimas verbas non son sinónimos.

O movemento, no sentido estrito da verba, é o desprazamento. Exemplo: unha pedra que cae, un tren en marcha, están en movemento.

O cambio, no exacto sentido da verba, é o paso dunha forma a outra. Exemplo: a árbore que perde as súas follas *cambiou* de forma. Pero é tamén o paso dun *estado* a outro. Exemplo: o aire volveuse irrespirábel. É un cambio.

Polo tanto, movemento significa cambio de lugar, e cambio quere dicir cambio de forma ou de estado. Trataremos de respectar esta distinción para evitar confusión. (Por outra parte, cando estudemos a dialéctica teremos que examinar novamente o sentido desas palabras).

Acabamos de ver que, dun xeito xeral, se pensa que o movemento e o cambio son menos normais que o repouso, e é certo que temos unha especie de preferencia en considerar as cousas en repouso e sen cambio.

Exemplo: Mercamos un par de zapatos amarelos e tempo despois, após múltiples reparacións nas que cambiamos a sola e o tacón, e incluso engadimos remendos, seguimos a dicir: «Vou pórme os meus zapatos amarelos», sen decatármonos de que xa non son os mesmos. Para nós son sempre os zapatos amarelos que mercamos en tal ocasión e polos que pagamos tal prezo. Non temos en conta o cambio que experimentaron os nosos zapatos, son sempre os mesmos, *son idénticos*. Desdeñamos o cambio para non ver máis que a identidade, como se nada importante acontecera. Esta é a

---

<sup>36</sup> Engels, *Feuerbach*.

## ***1. Primeiro principio: o principio de identidade***

Consiste en preferir a inmovilidade ao movemento e a identidade ao cambio fronte aos acontecementos.

Desta preferencia, que constitúe o primeiro carácter deste método, emana toda unha concepción do mundo. Considérase o universo como se estivera inmóbil –diría Engels. O mesmo ocorrerá con respecto á natureza, a sociedade e o home. Esta é a razón pola que, a miúdo, se afirma: «Non hai nada novo baixo o sol», o que quere dicir que desde sempre non houbo ningún cambio: o universo permaneceu inmóbil e idéntico. Moitas veces tamén se quere aludir así a un retorno periódico aos mesmos acontecementos. Deus creou o mundo producindo os peixes, os paxaros, os mamíferos, etc., e despois nada cambiou, o mundo non se moveu. Tamén se di: «Os homes son sempre os mesmos», como se os homes nunca cambiaran.

Estas expresións correntes son o reflexo desa concepción que está profundamente arrigada en nós, no noso espírito, e a burguesía explota a fondo este erro.

Cando se critica ao socialismo, un dos argumentos citados con máis insistencia é que o home é egoísta e que é necesario que interveña unha forza para controlalo, porque se non reinaría a desorde. É o resultado desta concepción metafísica que quere que o home teña para sempre unha natureza fixa que non pode cambiar.

É moi certo que se bruscamente tivéramos a posibilidade de vivir nun réxime comunista, é dicir, se se puidera repartir inmediatamente os produtos a cada un segundo as súas necesidades e non segundo o seu traballo, habería unha puxa para satisfacer os apetitos e unha sociedade así non se podería manter. E, porén, niso consiste a sociedade comunista e iso é o racional. Pero como temos arraigada unha concepción metafísica, representamos ao home futuro que vivirá nun porvir relativamente distante, como semellante ao home de hoxe.

Polo tanto, cando se afirma que unha sociedade socialista ou comunista non é viábel porque o home é egoísta, estase esquecendo que se a sociedade cambia, tamén o home *cambiará*.

Todos os días se ouven críticas sobre a Unión Soviética que nos demostran as dificultades de comprensión de aqueles que as formulan. Isto acontece porque teñen unha concepción metafísica do home e das cousas.

Entre os numerosos exemplos que poderíamos citar, collamos só este. Dísenos:

«Un traballador, na Unión Soviética, recibe un salario que non corresponde ao valor total do que produce; hai, pois, unha plusvalía, é dicir, unha resta efectuada no seu salario. Róbaselle. En Francia acontece outro tanto: os obreiros son explotados, entón non hai diferenzas entre un traballador soviético e un traballador francés».

Onde está, neste exemplo, a concepción metafísica? Consiste en non considerar que aquí se trata de dous tipos de sociedades e en non ter en conta as diferenzas entre estas dúas sociedades. Consiste en crer que desde o momento no que hai plusvalía aquí e alá, todo é o mesmo, sen considerar os cambios que se produciron na URSS, onde o home e a máquina xa non teñen o mesmo sentido económico e social que en Francia. Agora ben: no noso país, a máquina existe para producir (ao servizo do patrón) e o home para ser explotado. Na URSS a máquina existe para producir (ao servizo do home) e o home para aproveitar o froito do seu traballo. En Francia, a plusvalía vai ao patrón; na URSS ao Estado Socialista, é dicir, á colectividade sen clases. As cousas *cambiaron!*

Por este exemplo vemos que os defectos do xuízo proveñen, nos que son sinceros, dun método metafísico de pensamento e, particularmente, da aplicación do primeiro principio deste método,

principio fundamental, que consiste en subestimar o cambio e considerar preferentemente a inmovilidade, ou, noutras palabras, que tende a perpetuar a identidade baixo o cambio.

Pero, que é esta identidade? Vimos construír unha casa que foi rematada o 1 de xaneiro de 1935, por exemplo. O 1 de xaneiro de 1936, así como todos os anos seguintes, diremos que é idéntica porque segue tendo dous piso, vinte fiestras, dúas portas á rúa, etc., porque segue a ser a mesma, non cambia, non é diferente. Así, pois, ser idéntico é continuar sendo o mesmo, non transformarse noutro. E, porén, esta casa *cambiou!* Só a primeira vista, superficialmente, segue a ser a mesma. O arquitecto ou o albanel, que ven as cousas máis cerca, saben perfectamente que a casa xa non é a mesma unha semana despois da construción: aquí hai unha pequena fenda, alí está solta unha pedra, máis alá se desvaneceu a cor, etc. Polo tanto, as cousas parecen idénticas só cando se consideran 'globalmente'. Ao *analizalas* polo miúdo resulta que cambian incesantemente.

Pero, cales son as *consecuencias prácticas* do método metafísico?

Como preferimos ver a identidade nas cousas, é dicir, velas como se seguiran sendo as mesmas, dicimos, por exemplo: «A vida é a vida e a morte é a morte». Afirmamos que a vida segue a ser a vida, que a morte segue a ser a morte e iso é todo.

Habituándonos a considerar as cousas na súa identidade, separamos unhas de outras. Dicir 'unha cadeira é unha cadeira' é unha comprobación natural, pero é pór o acento na identidade e iso quere dicir: o que non é unha cadeira é outra cousa.

É tan natural dicilo, que subliñalo semella infantil. Na mesma orde de ideas, diremos: «O cabalo é o cabalo, e o que non é o cabalo é outra cousa». Así pois, separamos, dun lado o cabalo, doutro a cadeira, e o mesmo facemos con cada cousa. Polo tanto, facemos distincións separando rigorosamente unhas cousas das outras, e así chegamos a transformar o mundo nunha colección de cousas separadas, o que constitúe o

## **2. Segundo principio: illamento das cousas**

O que acabamos de dicir parece tan natural que é como para preguntar: por que dicilo? Imos ver que, pese a todo, era necesario facelo, porque este sistema de razoamento nos leva a ver as cousas desde certo ángulo.

De novo, imos xulgar nas consecuencias prácticas a segunda característica deste método.

Na vida cotiá, se observamos os animais e razoamos separando os seres, non vemos o que hai en común entre os de xéneros e especies diferentes. Un cabalo é un cabalo e unha vaca é unha vaca. Entre eles non hai ningunha relación.

Ese é o punto de vista da antiga zooloxía que clasifica aos animais separándoos claramente e que non ve ningunha relación entre eles. É un dos resultados da aplicación do método metafísico.

Como un exemplo máis, podemos citar o feito de que a burguesía quere que a ciencia sexa a ciencia; que a filosofía siga sendo iso e máis nada, e o mesmo no tocante á política. Por suposto non hai nada común, absolutamente ningunha relación entre as tres.

As conclusións prácticas de tal razoamento, son que un sabio debe continuar séndoo sen mesturar a súa ciencia coa filosofía e a política. O mesmo debe ocorrer co filósofo e co home dun partido político.

Cando un home de boa fe razoa así, podemos dicir que razoa como un metafísico. O escritor inglés H. G. Wells foi á Unión Soviética hai uns anos e visitou ao grande escritor, hoxe desaparecido, Máximo Gorki. Propúxolle crear un club literario no que non se faría política, porque para el, a literatura é a literatura e a política é a política. Parece que Gorki e os seus amigos se botaron a rir,

deixando molesto a Wells. Este vía e concibía ao escritor como se vivira *fora* da sociedade, mentres que Gorki e os seus amigos sabían ben que iso non acontece na vida, na que todas as cousas están vinculadas, queiramos ou non.

Na práctica corrente esforzámonos por clasificar, por illar as cousas, por velas, e estudalas só en si mesmas. Os que non son marxistas ven ao Estado illado da sociedade, como independente da forma da sociedade. Razoar así, illar ao Estado da sociedade é illalo das súas relacións coa realidade.

Cométese o mesmo erro cando se fala do home illándoo dos outros homes, do seu medio, da sociedade. Se se considera tamén á máquina en si mesma, illándoa da sociedade na que produce, xorde o erro de pensar: «Máquina en París, máquina en Moscova; plusvalía aquí e plusvalía alá: non hai diferenza, é exactamente a mesma cousa».

Porén, este é un razoamento que pode lerse continuamente e quen o len así o aceptan, porque o punto de vista xeral e habitual tende a illar, a dividir as cousas. É un hábito característico do método metafísico.

### **3. Terceiro principio: divisións eternas e infranqueábeis**

Despois de preferir considerar as cousas como inmóbeis e sen cambio, pasamos a clasificalas, catalogalas, creando así entre elas divisións que nos fan esquecer as relacións que poden ter unha con outras.

Esta maneira de ver e de xulgar lévanos a crer que esas divisións existen dunha vez por todas (un cabalo é un cabalo) e que son *absolutas*, infranqueábeis e eternas. Este é o terceiro principio do método metafísico.

Pero debemos prestar atención cando falamos deste método; porque cando nós, marxistas, dicimos que na sociedade capitalista hai dúas clases, a burguesía e o proletariado, tamén facemos divisións que poden parecer emparentadas co punto de vista metafísico. Mais non se é metafísico simplemente polo feito de introducir divisións, senón polo modo, a maneira na que se establecen as diferenzas, as relacións que existen entre esas divisións.

Por exemplo, cando dicimos que na sociedade hai dúas clases, a burguesía pensa enseguida que hai ricos e pobres. E diranos naturalmente: «*Sempre* houbo ricos e pobres».

«*Sempre* houbo» e «*habirá sempre*» é un xeito metafísico de razoar. Clasifícase para *sempre* ás cousas, independentemente unhas das outras, erguendo tabiques entre elas, muros infranqueábeis.

Divídese á sociedade en ricos e pobres, no canto de comprobar a existencia da Burguesía e do Proletariado, e incluso si se admite esta última división, faise considerando a esas clases fóra das súas relacións mutuas, é dicir, da loita de clases. Cales son as consecuencias prácticas deste terceiro principio que establece entre as cousas barreiras definitivas?: que entre un cabalo e unha casa non poden existir vínculos de parentesco. O mesmo ocorre con respecto a todas as ciencia e con todo o que nos arrodea. Máis adiante veremos se isto é correcto, pero nos falta examinar cales son as consecuencias destes tres diferentes principios que acabamos de describir, o que corresponde ao

### **4. Cuarto principio: oposición dos contrarios**

Despréndese de todo o anterior que cando dicimos: «A vida é a vida e a morte é a morte», afirmamos que non hai nada en común entre a vida e a morte. Clasificámolas perfectamente aparte unha da outra, observando á vida e á morte en si mesmas e sen ver as relacións que poden existir entre elas. Nestas condicións, un home que acaba de perder a vida debe ser considerado como unha

cousa morta, porque é imposible que estea a un tempo vivo e morto, xa que a vida e a morte se exclúen mutuamente.

Considerando as cousas como illadas, definitivamente diferentes unhas das outras, chegamos a opoñer unhas a outras.

Xa estamos no cuarto principio do método metafísico, que *opón os contrarios* os uns aos outros e que afirma que *dúas cousas contrarias non poden existir ao mesmo tempo*.

En efecto, neste exemplo da vida e da morte; non pode haber unha terceira posibilidade. Estamos absolutamente obrigados a elixir unha ou outra das posibilidades que establecemos. Consideramos que unha terceira posibilidade sería unha *contradición* e que esta contradición é un absurdo, e, obviamente, unha imposibilidade.

O cuarto principio do método metafísico é, pois, o *horror da contradición*.

As consecuencias prácticas deste razoamento son que cando se fala de democracia e de ditadura, por exemplo, o punto de vista metafísico esixe que unha sociedade *elixa* entre as dous: porque a democracia é a democracia e a ditadura é a ditadura. Debemos elixir, xa que de non facelo estaríamos ante unha contradición, un absurdo, unha imposibilidade.

*A actitude marxista é totalmente diferente.*

Coidamos, pola contra, que a ditadura do proletariado, por exemplo, é á vez a ditadura da masa e a democracia para a masa dos explotados.

Coidamos que a vida, a dos seres vivos, só é posíbel porque hai unha loita perpetua entre as células e porque continuamente unhas morren para ser substituídas por outras. Así, a vida contén nela a morte. Pensamos que a morte non é tan total e separada da vida como afirma a metafísica, porque nun cadáver non desapareceu completamente toda vida, porque certas células continúan vivindo durante algún tempo e dese mesmo cadáver nacerán outras vidas.

## II. RECAPITULACIÓN

Vemos, pois, que os diferentes principios do método metafísico nos obrigan a considerar as cousas desde un certo ángulo, a razoar de certa maneira. Comprobamos que esta maneira de analizar posúe unha certa 'lóxica' que estudaremos máis adiante, e comprobamos tamén que isto corresponde, en grande medida, á maneira de ver, de pensar, de analizar que existe en xeral.

Comézase –e esta enumeración permitíranos resumir- por

1. Ver as cousas na súa inmovilidade, na súa identidade.
2. Separar as cousas unhas das outras, desligalas das súas relacións mutuas.
3. Estabelecer entre as cousas divisións eternas, muros infranqueábeis.
4. Opoñer os contrarios, afirmando que dúas cousas contrarias non poden existir a un mesmo tempo.

Cando examinamos as consecuencias prácticas de cada carácter, xa vimos que nada disto corresponde á realidade.

É que o mundo responde a esta concepción? É que as cousas están inmóbeis e sen cambio na natureza? Non. Comprobamos que todo cambia e vemos o movemento. Xa que logo, esta concepción non está de acordo coas cousas mesmas. Evidentemente, a natureza ten razón e esta concepción é errónea.



Definimos, desde o comezo, que a filosofía quere explicar o universo, o home, a natureza, etc. Como as ciencias estudan os problemas particulares, a filosofía é, como dixemos, o estudo dos problemas máis xerais que se vinculan coas ciencias, prolongándoas.

Así pois, o vello modo de pensar ‘metafísico’ que se aplica a todos os problemas, é tamén unha concepción filosófica que considera o universo, o home e a natureza dunha maneira completamente particular.

«Para o metafísico, as cousas e os seus reflexos no pensamento, os conceptos, son obxecto de estudos illados, que deben considerarse un despois do outro e o un sen o outro, fixos, ríxidos, dados dunha vez por todas. El non pensa máis que na antítese, sen termos medios. Di: si, si, non, non e o que vai máis alá non vale nada. Para el, ou ben unha cousa existe ou ben non existe; unha cousa non pode ser á vez a mesma e outra. O positivo e o negativo exclúense absolutamente; a causa, e o efecto están opostos de maneira igualmente ríxida.»<sup>37</sup>

Polo tanto, a concepción metafísica considera «o universo como un conxunto de cousas fixas». Para captar ben esta maneira de pensar, imos estudar como concibe a natureza, a sociedade, o pensamento.

### III. A CONCEPCIÓN METAFÍSICA DA NATUREZA

A metafísica considera a natureza como un conxunto de cousas definitivamente fixas.

Pero hai dúas maneiras de considerar así as cousas.

A *primeira maneira* considera que o mundo está absolutamente inmóbil, pois o movemento non é máis que unha ilusión dos nosos sentidos. Se borramos esta aparencia de movemento, a natureza non se move.

Esta teoría foi sostida por unha escola de filósofos gregos, os eleáticos. Esta concepción simplista está en contradición tan violenta coa realidade que xa non é defendida nos nosos días.

A *segunda maneira* de considerar a natureza como un conxunto de cousas fixas é moito máis sutil. Non se di que a natureza está inmóbil, queda admitido que se move, pero se afirma que está animada por un movemento *mecánico*. Aquí, a primeira maneira desaparece; xa non se nega o movemento e isto non pare ser unha concepción metafísica. Chámase a esta concepción ‘mecanicista’ ou o ‘mecanicismo’.

Constitúe un erro que se comete moi frecuentemente e que volvemos a atopar nos materialistas dos séculos XVII e XVIII. Vimos que non consideran a natureza como inmóbil, senón en movemento; só que para eles ese movemento é simplemente un cambio mecánico, un desprazamento.

Admiten todo o conxunto do sistema solar (a Terra xira ao redor do Sol), pero pensan que ese movemento é puramente mecánico, é dicir, un simple cambio de lugar, e consideran ese movemento unicamente baixo este aspecto.

Pero as cousas non son tan simples. O xirar da Terra é, certamente, un movemento mecánico; pero mentres xira pode experimentar influencias, e, por exemplo, mudar de temperatura. Polo tanto, non se trata só dun desprazamento: tamén se producen outros cambios.

O que caracteriza, pois, esta concepción chamada ‘mecanicista’, é que considera *só* o movemento mecánico.

---

<sup>37</sup> F. Engels, *Anti-Dühring*.

Se a Terra xira sen cesar e non lle ocorre máis nada, a Terra cambia *de lugar* pero *a mesma* Terra non cambia; permanece *idéntica* a si mesma. Non fai máis que seguir xirando sempre e sempre. Deste xeito, todo pasa como se nada pasara. Polo tanto, vemos que admitir o movemento, pero facendo deste un puro movemento mecánico, é unha concepción metafísica, porque este movemento é *sen historia*.

Un reloxo que tivera órganos perfectos, construído con materiais que non se gastasen, marcharía eternamente sen cambiar en nada e o reloxo non tería historia. Unha concepción así do Universo atopámola constantemente en Descartes. El tenta reducir á mecánica todas as leis físicas e fisiolóxicas. Non ten ningunha dúbida da química (véxase a súa explicación das circulación do sangue) e a súa concepción mecánica das cousas será tamén a dos materialistas do século XVIII.

(Faremos unha excepción con Diderot, que é menos puramente mecanicista e que en certos escritos se aproxima á concepción dialéctica).

O que caracteriza aos materialistas do século XVIII é que converten á natureza nun mecanismo de relojería.

Se verdadeiramente fora así, as cousas volverían continuamente ao mesmo punto sen deixar pegadas e a natureza permanecería idéntica a si mesma, o que é precisamente o primeiro principio do método metafísico.

#### IV. A CONCEPCIÓN METAFÍSICA DA SOCIEDADE

A concepción metafísica sostén que nada cambia na sociedade. Pero en xeral isto non se pretende literalmente así. Recoñécese que se producen cambios, como por exemplo na produción cando a partir do material en bruto se producen obxectos elaborados; ou na política, na que os gobernos se suceden os uns aos outros. A xente recoñece todo isto, pero considera ao réxime capitalista como definitivo, eterno, e, ás veces, até o compara cunha máquina.

Fálase, neste sentido, da *máquina* económica, que ás veces se descompón pero que se quere reparar para conservala. Búscase que esta máquina económica poida continuar distribuíndo, como unha máquina automática, a uns os dividendos e aos outros a miseria.

Tamén se fala da máquina política, que é o réxime parlamentar burgués, e só se lle pide unha cousa: que funcione, inclinándose unhas veces cara á esquerda, outras cara á dereita, para conservar ao capitalismo os seus privilexios.

Esta maneira de considerar a sociedade é unha concepción mecanicista, metafísica.

Se fose posíbel que esta sociedade, na cal funcionan todos eses mecanismos, puidese continuar marchando continuamente do mesmo xeito, non deixaría pegadas e non tería continuidade na historia.

Hai tamén unha concepción mecanicista moi importante, válida para todo o universo pero sobre todo para a sociedade, que consiste en difundir a idea de unha marcha regular e dun retorno periódico dos mesmos acontecementos, de acordo coa fórmula: «a historia é un perpetuo recomezar».

Hai que admitir que estas concepcións están moi difundidas. Non se nega verdadeiramente nin o movemento nin o cambio, que existen e que se comprobán na sociedade, pero se falsifica o movemento mesmo transformándoo en simple mecanismo.

## V. A CONCEPCIÓN MECATÁFISICA DO PENSAMENTO

Cal é, polo xeral, a concepción que se ten verbo do pensamento?

Coidamos que o pensamento humano é e foi eterno. Coidamos que se as cousas cambiaron, a nosa maneira de razoar é a mesma que a do home que vivía hai un século. Consideramos os nosos sentimentos como se fosen os mesmos que tiveron os gregos, a bondade e o amor como se sempre existiran; así é que se fala do ‘amor eterno’. É moi usual pensar que os sentimentos humanos non cambiaron.

Iso é o que fai dicir e escribir, por exemplo, que unha sociedade non pode existir sen ter outra base que o enriquecemento individual e egoísta. Por isto tamén escoitamos a miúdo que «os desexos dos homes sempre son os mesmos».

A miúdo pensamos así. Demasiado a miúdo. No movemento do pensamento como en todos os outros, deixamos penetrar a concepción metafísica. É porque na base da nosa educación está este método,

«esta maneira de pensar que, de primeiras, nos parece extremadamente plausíbel, porque é o que se chama o sentido común.»<sup>38</sup>

Esta maneira de ver, esta maneira de pensar metafísica, non é só unha concepción do mundo, senón tamén *unha maneira de proceder para pensar*.

Pero si é relativamente doado rexeitar os razoamentos metafísicos, é moito máis difícil desfacerse do método de pensar metafísico. A este respecto debemos aportar unha precisión. Chamamos á maneira como vemos o universo: unha *concepción*; e á maneira como buscamos as explicacións: *un método*.

Exemplos: a) Os cambios que vemos na sociedade son só aparentes, renovan o que xa foi. Isto é unha ‘concepción’.

b) Cando se busca na historia da sociedade o que xa tivo lugar para sacar a conclusión de que ‘non hai nada novo baixo o sol’, isto é o ‘método’.

E comprobamos que a *concepción* inspira e determina o *método*. É evidente que unha vez inspirado pola concepción, o método reacciona tamén sobre esta, guiándoa.

Vimos o que é a concepción metafísica. Imos ver agora en que consiste o seu método de investigación, que se chama a lóxica.

## VI. QUE É A LÓXICA?

Dise da ‘lóxica’ que é a arte de pensar ben. Pensar conforme á verdade é pensar seguindo as regras da lóxica.

Cales son estas regras? Hai tres grandes regras principais que son:

1. *O principio de identidade*: como xa vimos, é a regra segundo a cal unha cousa é idéntica a si mesma, non cambia (un cabalo é un cabalo).
2. *O principio da non-contradición*: unha cousa non pode ser ao mesmo tempo ela mesma e o seu contrario. Hai que elixir (a vida non pode ser a vida e a morte).
3. *Principio do terceiro excluído* –ou exclusión do terceiro caso–, que quere dicir: entre dúas posibilidades contraditorias non hai lugar para unha terceira. Hai que elixir entre a vida e a morte, non hai unha terceira posibilidade.

---

<sup>38</sup> Engels, *Anti-Dühring*.

Por conseguinte, ser lóxico é pensar ben. Para pensar ben, non hai que esquecerse de aplicar estas tres regras.

Aquí volvemos a atopar principios que xa estudamos e que proveñen da concepción metafísica.

Polo tanto, lóxica e metafísica están intimamente ligadas. A lóxica é un instrumento, un método de razoamento que procede *clasificando* cada cosa dunha maneira perfectamente determinada; que obriga, polo tanto, a ver as cousas como se fosen *idénticas* a si mesmas, e que en seguida nos pon na obriga de elixir, de dicir si ou non, e, en conclusión, que *exclúe* entre dous casos, a vida e a morte, por exemplo, unha terceira posibilidade.

Cando se di:

«Todos os homes son mortais; este camarada é un home; polo tanto este camarada é mortal», temos o que se chama un *siloxismo* (é a forma típica do razoamento lóxico). Razoando así, determinamos o emprazamento do camarada, fixemos unha clasificación.

A tendencia do noso espírito, cando atopamos un home ou unha cousa, é dicir: onde hai que clasificalo? O noso espírito só se formula ese problema. Vemos as cousas como círculos ou caixas de diferentes dimensións, e a nosa preocupación consiste en facer entrar eses círculos ou esas caixas uns noutros e nunha certa orde.

No noso exemplo, determinamos primeiro un grande círculo que contén a TODOS os mortais; despois un círculo máis pequeno que contén a TODOS os homes; e a continuación só a ESTE camarada.

Se queremos clasificalos, faremos entrar os círculos uns noutros seguindo unha certa 'lóxica'.

A construción metafísica está edificada, pois, coa lóxica e o siloxismo. Un siloxismo é un grupo de tres frases; as dúas primeiras son chamadas *premisas*, o que quere dicir 'enviadas adiante'; e a terceira frase é a *conclusión*. Outro exemplo:

«Na Unión Soviética, antes da última Constitución, existía a ditadura do proletariado. A ditadura é a ditadura. Na URSS hai ditadura. Así pois, non hai ningunha diferenza entre a URSS, a Italia fascista e a Alemaña nazi, países de ditadura.»

Aquí non se ten en conta *para quen e sobre quen* se exerce a ditadura, do mesmo xeito que cando se eloxia á democracia burguesa non se di en proveito *de quen* se exerce esta democracia.

Así se chegan a formular os problemas, a ver as cousas e o mundo social como se formaran parte de círculos separados, e a facer entrar os círculos uns noutros.

Estas con cuestións teóricas, pero que implican unha maneira de actuar na práctica. É así que podemos citar ese triste exemplo da Alemaña de 1919, onde a socialdemocracia, para manter a democracia, matou a ditadura do proletariado sen ver que procedendo así deixaba subsistir ao capitalismo e abría o camiño ao nazismo.

Ver e estudar as cousas separadamente, é o que fixeron a zooloxía e a bioloxía até o momento no que se viu que existía unha *evolución* dos animais e das plantas.

Anteriormente *clasificábase* a todos os seres pensando que as cousas foran sempre como eran.

«E, de feito... até finais do último século, a ciencia da natureza foi sobre todo unha ciencia de acumulación, unha ciencia de cousas feitas unha vez por todas.»

Mais para rematar debemos dar

## VII. EXPLICACIÓN DA PALABRA ‘METAFÍSICA’

Na filosofía hai unha parte importante que se chama a metafísica. Mais só é unha parte importante na filosofía burguesa, posto que se ocupa de Deus e da alma. Alí todo é eterno. Deus é eterno, non cambia, permanece idéntico a si mesmo; a alma tamén. Outro tanto acontece co ben, o mal, etc., posto que todo está claramente definido, é definitivo e eterno. Por conseguinte, nesta parte da filosofía que se chama a metafísica as cousas son examinadas como un conxunto estático, e o razoamento por oposición é o empregado: oponse o espírito á materia, o ben ao mal, etc., é dicir, razónase por oposición dos contrarios entre eles.

Chámase a esta maneira de razoar, de pensar, a esta concepción: ‘metafísica’, porque trata de cousas e ideas que se atopan *fóra* da física, como Deus, a bondade, a alma, o mal, etc. Metafísica procede do grego *meta*, que quere dicir ‘máis alá’, e de *física*, ciencia dos fenómenos do mundo. Polo tanto, a metafísica é o que se ocupa das cousas situadas *máis alá* do mundo.

Tamén é a causa dun accidente histórico polo que se chama a esta concepción filosófica ‘metafísica’. Aristóteles, que fixo o primeiro tratado de lóxica (o mesmo que aínda hoxe se utiliza), escribiu moito. Despois da súa morte, os seus discípulos clasificaron os seus escritos; fixeron un catálogo e *despois* dun escrito titulado *Física* atoparon un escrito sen título que trataba das cousas do espírito. Clasificárono chamándoo *Despois da física*, en grego *Metafísica*.

Insistamos no vínculo existente entre os tres conceptos que estudamos.

A metafísica, o mecanismo, a lóxica. Estas tres disciplinas preséntanse sempre *xuntas* e combínanse entre si. Forman un *sistema* e só poden comprenderse integrando unha na outra.

**CUARTA PARTE**  
**ESTUDO DA DIALÉCTICA**

## **CAPÍTULO PRIMEIRO**

### **INTRODUCCIÓN AO ESTUDO DA DIALÉCTICA**

#### **I. PRECAUCIÓNS PRELIMINARES**

Cando se fala da dialéctica faise, ás veces, con misterio, e presentándoa como algo complicado. Coñecéndoa mal tamén se fala dela como quen baila sen son. Todo isto é lamentábel e provoca erros que deben evitarse.

Tomada no seu sentido etimolóxico, a verba dialéctica significa simplemente a arte de discutir, e é por iso polo que a miúdo escoitamos dicir dun home que discute moito e, por extensión, do que fala ben, *é un dialéctico!*

Non estudaremos a dialéctica nese sentido. Do punto de vista filosófico, a dialéctica ten un significado especial.

Contrariamente ao que se pensa, a dialéctica, no seu sentido filosófico, está ao alcance de todos, porque é unha cousa moi clara e sen misterio.

Pero aínda que a dialéctica pode ser comprendida por todo o mundo, ten as súas dificultades. Imos ver como poder superalas.

Entre os traballos manuais, algúns son sinxelos, outros máis complicados. Facer caixóns de embalaxe, por exemplo, é un traballo sinxelo. Montar un aparello de radiotelefonía, pola contra, representa un traballo que esixe moita habilidade, precisión, elasticidade dos dedos.

As mans e os dedos son para nós instrumentos de traballo. Pero o pensamento tamén é un instrumento de traballo. E se os nosos dedos non fan sempre un traballo de precisión, o mesmo acontece co noso cerebro.

Na historia do traballo humano, o home, ao principio, só sabía facer traballos brutos. O progreso nas ciencias permitiu traballos máis precisos.

Ocorre exactamente igual coa historia do pensamento. A metafísica é o método de pensar que só é capaz, como os nosos dedos, de movementos simples (como cravar as caixas de embalaxe ou abrir as gabetas da metafísica).

A dialéctica difire dese método porque permite unha precisión moito maior. Non é máis que un método de pensar de grande precisión.

A evolución do pensamento foi a mesma que a do traballo manual. É a mesma historia e non hai ningún misterio, todo está claro nesta evolución.

As dificultades que atopamos proveñen de que até os 25 anos cravamos caixas, e, de súpeto, colocan ante nós aparellos de radio para que fagamos a montaxe. É certo que teremos grandes dificultades, que as nosas mans serán torpes, os nosos dedos inhábiles. Só pouco a pouco chegaremos a flexibilizarnos e a realizar ese traballo. O que era moi difícil ao comezo será despois máis sinxelo.

Outro tanto acontece coa dialéctica. Sentirémonos torpes, pesados, por mor do antigo método de pensar metafísico, e debemos adquirir a elasticidade, a precisión do método dialéctico. Pero vemos que tampouco aquí non hai nada misterioso nin moi complicado.

## II. ONDE XURDIU O MÉTODO DIALÉCTICO?

Sabemos que a metafísica considera o mundo como un conxunto de cousas fixas, e que, pola contra, se observamos a natureza vemos que todo se move, que todo cambia. Comprobamos o mesmo no tocante ao pensamento. Desta comprobación resulta un desacordo entre a metafísica e a realidade. Por iso, para definir dunha maneira simple e dar unha idea esencial, podemos dicir: ‘metafísica’ di ‘inmobilidade’ e quen di ‘dialéctica’ di ‘movemento’.

O movemento e o cambio que existen en todo o que nos arrodea están na base da dialéctica.

«Cando sometemos ao exame do pensamento a natureza e a historia da humanidade, ou a nosa propia actividade mental, temos por riba de todo o cadro dun entretecido infinito de relacións, de accións e reaccións, no que nada fica como era, onde estaba, como estaba, onde todo se move, todo se transforma, cambia e pasa.»<sup>39</sup>

Segundo esta cita tan clara de Engels, vemos que do punto de vista dialéctico todo cambia, nada fica onde está, nada continúa sendo o que é, e, xa que logo, este punto de vista está en perfecto acordo coa realidade. Ningunha cousa permanece no lugar que ocupaba posto que todo se move, aínda o que nos parece inmóbil; móvese co movemento da Terra ao redor do Sol; e móvese co movemento da Terra sobre si mesma. Na metafísica, o principio de identidade pretende que unha cousa segue sendo ela mesma. Mais o certo é que nada segue a ser como é.

Temos a impresión de seguir sendo sempre os mesmos e porén –dinos Engels- «os mesmos son diferentes». Pensamos ser idénticos e xa cambiamos. De neno que eramos pasamos a home, e este home fisicamente nunca se mantén igual: envellece todos os días.

Polo tanto, o movemento non é unha aparencia enganosa, como sostiñan os eleáticos. É a inmobilidade o que é enganoso, xa que todo se move e cambia.

Tamén a historia nos demostra que as cousas non seguen a ser o que son. En ningún momento a sociedade está inmóbil. Nun principio existiu, na antigüidade, a sociedade escravista, despois chegou a sociedade feudal, máis tarde a sociedade capitalista. O estudo destas sociedades amósanos que continuamente, insensiblemente, se desenvolveron nelas os elementos que permitiron o nacemento dunha sociedade nova. Do mesmo xeito, a sociedade capitalista cambia cada día e xa se transformou na URSS. E como ningunha sociedade fica inmóbil, tamén a sociedade socialista edificada na Unión Soviética está destinada a desaparecer. Transfórmase xa a ollos vista, e por iso os metafísicos non comprenden o que acontece alí. Continúan xulgando unha sociedade completamente transformada, cos seus sentimentos de homes que soportan aínda a opresión capitalista.

Os nosos propios sentimentos tamén se transforman, e disto case non nos decatamos. Vemos o que non era máis que unha simpatía como se converte en amor, para despois, ás veces, dexenerar en xenreira.

O que vemos por todas partes, na natureza, a Historia, o pensamento, é o cambio e o movemento. Por esta comprobación comeza a dialéctica.

Os gregos sentíanse impresionados polo feito de que por todas partes se encontre o cambio e o movemento. Vimos que Heráclito, ao que se chama ‘o pai da dialéctica’, foi o primeiro en darnos unha *concepción* dialéctica do mundo, é dicir, que describiu a natureza en movemento e non fixa. A maneira de ver de Heráclito pode converterse nun *método*.

Pero este método dialéctico só se puido afirmar despois de moito tempo, e debemos analizar

---

<sup>39</sup> F. Engels, *Anti-Dühring*.



### III. POR QUE A DIALÉCTICA ESTIVO DOMINADA TANTO TEMPO POLA CONCEPCIÓN METAFÍSICA?

Vimos que a concepción dialéctica xurdira demasiado pronto na historia, e que os coñecementos insuficientes dos homes permitiran á concepción metafísica desenvolverse e adiantarse á dialéctica.

Aquí podemos facer un paralelo entre o idealismo, que xurdiu da grande ignorancia dos homes, e a concepción metafísica, que xurdiu dos coñecementos insuficientes da dialéctica.

Por que e como foi posíbel iso?

Os homes encetaron o estudo da natureza nun estado de completa ignorancia. Para estudar os fenómenos que comprobaban, comezan por clasificalos. Pero da maneira de clasificar resulta un hábito da mente. Estabelecendo categorías e separando estas categorías unhas das outras, a nosa mente acostuma a facer tales separacións, e aquí atopamos os primeiros principios do método metafísico. Polo tanto, a metafísica xorde precisamente da insuficiencia do desenvolvemento da ciencia. Hai tan só 150 anos aínda se estudaban as ciencias separándoas unhas das outras. Estudábanse por separado a química, a física, a bioloxía, por exemplo, e non se vía ningunha relación entre elas. Tamén se continuaba aplicando este método *no interior* das ciencias: a física estudaba o son, a calor, o magnetismo, a electricidade, etc., e non se consideraba que existira algún tipo de relación entre eses fenómenos; cada un deles estudábase separadamente.

Nisto recoñecemos perfectamente o segundo principio da metafísica, que pretende que se descoñezan as relacións das cousas e que entre elas non haxa nada en común.

Do mesmo xeito, é máis doado concibir as cousas en estado de repouso que en movemento. Tomemos como exemplo a fotografía: vemos que ao principio se trata de fixar as cousas na súa inmovilidade (é a fotografía), e despois, e só posteriormente, no seu movemento (é o cinema). E ben, a imaxe da fotografía e do cinema é a imaxe do desenvolvemento das ciencias e do espírito humano. Estudamos as cousas en repouso *antes* de estudalas no seu movemento.

E isto por que? Porque *non se sabía*. Na aprendizaxe adoptouse o punto de vista máis doado, e as cousas inmóbeis son máis doadas de captar e estudar. É certo que o estudo das cousas en repouso é un momento necesario do pensamento dialéctico –pero só *un momento*–, insuficiente, fragmentario, e que é preciso integrar no estudo das cousas en transformación.

Atopamos de novo este estado de espírito na bioloxía, por exemplo no estudo da zooloxía e a botánica. Como non se coñecían ben, nun principio os animais foron clasificados en razas, en especies, pensando que entre elas non había nada en común, *e que sempre fora así* (terceiro principio da metafísica). De aí provén a teoría que se chama o ‘fixismo’ (que afirma, contrariamente ao ‘evolucionismo’, que as especies animais foron sempre o que son, que *nunca* evolucionaron), que é, por conseguinte, unha teoría metafísica e que provén da ignorancia dos homes.

### IV. POR QUE ERA METAFÍSICO O MATERIALISMO DO SÉCULO XVIII?

Sabemos que a mecánica desenvolveu un grande papel no materialismo do século XVIII e que ese materialismo é denominado a miúdo o ‘materialismo mecanicista’. Por que ocorreu isto? Porque a concepción materialista está vinculada ao desenvolvemento de todas as ciencias e entre estas a mecánica foi a primeira en desenvolverse. Na linguaxe cotiá, a mecánica é o estudo das máquinas; na linguaxe científica, é o estudo do movemento como desprazamento. E se a mecánica foi a ciencia que se desenvolveu primeiro, é porque o movemento mecánico é o movemento máis simple. Estudarmos o movemento dunha mazá que axita o vento nunha maceira, é moito máis doado que estudar o cambio que se produce na mazá que madura. Pódese estudar máis facilmente o efecto do

vento na mazá que a maduración na mazá. Pero este estudo é parcial, polo que abre a porta á metafísica.

Se ben observan claramente que todo é movemento, os gregos non *poden* aproveitar esta observación, porque o seu saber é insuficiente. Entón os homes observan as cousas e os fenómenos, clasificándoos e contentándose con estudar o seu desprazamento, e por iso a mecánica e a insuficiencia dos coñecementos nas ciencias fan xurdir a concepción metafísica.

Sabemos que o materialismo se basea sempre nas ciencias e que no século XVIII a ciencia estaba dominada polo espírito metafísico. De todas as ciencias, a máis desenvolvida nesta época era a mecánica.

«Por iso era inevitábel –dirá Engels- que o materialismo do século XVIII fora un materialismo metafísico e mecanicista, porque as ciencias eran así.»

Diremos, pois, que este materialismo metafísico e mecanicista era materialista porque respondía á cuestión fundamental da filosofía dicindo que o factor primeiro era a materia, pero que era metafísico porque consideraba o universo como un conxunto de cousas fixas, e mecanicista porque estudaba e vía todo a través da mecánica.

Chegará un día no que, mediante a acumulación das investigacións, se comprobe que as ciencias non están inmóbeis; comprenderase que nelas se produciron transformacións. Despois de separar a química da bioloxía e da física, será evidente a imposibilidade de tratar unha ou outra sen botar man das demais. Por exemplo, o estudo da dixestión, que pertence ao dominio da bioloxía, vólvese imposible sen a química. No século XIX descubriuse, pois, que as ciencias están vinculadas entre si, derivándose diso un abandono do espírito metafísico nas ciencias, porque se terá un coñecemento máis profundo da natureza. Até entón, os fenómenos da física eran estudados separadamente; agora resultaba obrigatorio comprobar que todos eses fenómenos eran dunha mesma natureza. Así, a electricidade e o magnetismo, que antes se estudaban separadamente, están unidos hoxe nunha ciencia única: o electromagnetismo.

De igual modo, ao estudar os fenómenos do son e da calor, ficou claro que ambos os dous xurdiran dun fenómeno da mesma natureza.

Golpeando cun martelo obtense un son e prodúcese calor. O que produce a calor é o movemento e sabemos que o son consisten en vibracións do aire; tamén as vibracións son movemento. Temos aquí, pois, dous fenómenos da mesma natureza.

Facendo clasificacións cada vez máis minuciosas, en bioloxía chegouse a atopar especies que non se podían clasificar nin como vexetais nin como animais. Polo tanto, non existía unha separación brusca entre vexetais e animais. Impulsando máis os estudos, chegouse á conclusión de que os animais non foran sempre o que son. Os feitos condenaron o fixismo e o espírito metafísico.

Esta transformación que acabamos de ver e que permitiu ao materialismo converterse en dialéctico, produciuse no curso do século XIX. A dialéctica é o espírito das ciencias que, ao desenvolverse, abandonaron a concepción metafísica. O materialismo puido transformarse porque as ciencias cambiaron. Ás ciencias metafísicas corresponde o materialismo metafísico, e ás ciencias novas corresponde un materialismo novo, que é o materialismo dialéctico.

## V. COMO XURDIU O MATERIALISMO DIALÉCTICO: HEGEL E MARX

Se preguntamos como se operou esta transformación do materialismo metafísico en materialismo dialéctico, a resposta xeral é:

1. Existía o materialismo metafísico, o do século XVIII;
2. As ciencias cambiaron;

3. Marx e Engels interviñeron; cortaron en dous o materialismo metafísico; abandonando a metafísica, conservaron o materialismo engadíndolle a dialéctica.

Se nos inclinamos a presentar as cousas así, estaríamos botando man do método metafísico, que nos leva a simplificar as cousas para facer con elas un esquema. Pola contra, debemos ter continuamente presente que *os feitos da realidade nunca deben ser esquematizados*. Os feitos son máis complicados do que semellan e do que pensamos. Polo tanto, non houbo unha transformación tan simple do materialismo metafísico en materialismo dialéctico.

De feito, a dialéctica foi desenvolvida por un filósofo idealista alemán, Hegel (1770-1831), quen soubo comprender o cambio que operara nas ciencias. Retornando a vella idea de Heráclito, comprobou, axudado polos progresos científicos, que no universo todo é movemento e cambio, que nada está illado, senón que todo depende de todo, e así creou a dialéctica. A causa de Hegel, pois, falamos hoxe do movemento dialéctico do mundo. O que Hegel captou primeiro foi o movemento do pensamento, chamándoo naturalmente dialéctico, posto que se trata dun progreso do espírito a través do choque das ideas, da discusión.

Pero Hegel é idealista, é dicir, que dá primordial importancia ao espírito, e como consecuencia se forma unha concepción particular do movemento e do cambio. Pensa que os cambios do espírito provocan os cambios na materia. Para Hegel, o universo é a idea materializada e, *antes* que o universo, en primeiro lugar está o espírito que descubre o universo. En resumo, comproba que o espírito e o universo están en perpetuo cambio, pero saca a conclusión de que os cambios do espírito determinan os cambios na materia.

Exemplo: o inventor ten unha idea, realiza a súa idea, e esta idea materializada é a que crea cambios na materia.

Polo tanto, Hegel é dialéctico, pero subordina a dialéctica ao idealismo.

É entón cando Marx (1818-1883) e Engels, que eran discípulos de Hegel, pero discípulos materialistas, e que polo tanto daban importancia primordial á materia, pensan que a súa dialéctica dá afirmacións xustas, pero *á inversa*. Engels dirá a este respecto: con Hegel a dialéctica mantense cabeza abaixo: había que poñela sobre os seus pes. Marx e Engels transfírense á realidade material a causa inicial dese movemento do pensamento definido por Hegel, e empregan a mesma palabra, dialéctico.

Pensan que Hegel tivo razón ao dicir que o pensamento e o universo están en perpetuo cambio, pero que se enganaba ao afirmar que os cambios nas ideas son os que determinan os cambios nas cousas. *Pola contra, son as cousas as que dan as ideas, e as ideas modifícanse porque as cousas se modifícan.*

Antigamente viaxábase en dilixencia. Hoxe, viaxamos en ferrocarril. Non é porque teñamos a idea de viaxar en ferrocarril polo que existe este medio de locomoción. As nosas ideas modifícaronse porque as cousas se modificaron.

Polo tanto, debemos evitar dicir: «Marx e Engels posuían por unha parte o materialismo, xurdido do materialismo francés do século XVIII, e por outra, a dialéctica de Hegel; por conseguinte, tan só tiñan que vincular unha á outra.»

Esa é unha concepción simplista, esquemática, que esquece que os fenómenos son máis complicados; é unha concepción metafísica.

Marx e Engels tomarán, certamente, a dialéctica de Hegel, pero a transformarán. E farán outro tanto co materialismo, para darnos o materialismo dialéctico.

## **CAPÍTULO SEGUNDO AS LEIS DA DIALÉCTICA**

### **PRIMEIRA LEI: O CAMBIO DIALÉCTICO**

#### **I. QUE SE ENTENDE POR CAMBIO DIALÉCTICO?**

A primeira lei da dialéctica comeza por comprobar que «nada permanece onde está, nada segue sendo o que é». Dicar dialéctica é dicir movemento, cambio. En consecuencia, cando se fala de situarse no punto de vista da dialéctica, isto quere dicir situarse no punto de vista do movemento, do cambio: cando queremos estudar as cousas segundo a dialéctica, temos que facelo *nos* seus movementos, *no* seu cambio.

Temos unha mazá. Hai dúas formas de estudar esta mazá: por unha parte do punto de vista metafísico, pola outra do punto de vista dialéctico.

No primeiro caso daremos unha descrición deste froito, a súa forma, a súa cor. Enumeraremos as súas propiedades, falaremos do seu gusto, etc. Despois poderemos comparar a mazá cunha pera, ver as súas semellanzas, as súas diferenzas, e por último sacar a conclusión: unha mazá é unha mazá e unha pera é unha pera. Estudábanse así as cousas antigamente, como o testemuñan numerosos libros.

Se queremos estudar a mazá situándonos no punto de vista dialéctico, temos que situarnos no punto de vista do movemento; non do movemento da mazá cando roda ou cando se despraza, senón *do movemento da súa evolución*. Entón comprobaremos que a mazá madura non sempre foi como é. Antes era unha mazá verde. Previamente á súa condición de flor era un botón; e así chegaremos ao estado da maceira na época primaveral. Polo tanto, a mazá non foi sempre unha mazá, ten unha historia; e do mesmo xeito, non seguirá sendo o que é. Descomporase se cae, liberará as súas sementes que, se todo vai ben, darán un gomo e despois unha árbore. Por conseguinte, a mazá non foi sempre o que é e tampouco seguirá sendo o que é.

Isto é o que se chama estudar as cousas do punto de vista do movemento. É o estudo do punto de vista do pasado e do porvir. Vemos a mazá como *transición* entre o que era, o pasado, e o que será, o porvir.

Para situar correctamente esta maneira de ver as cousas, tomaremos outros dous exemplos: a Terra e a sociedade.

Colocándonos do punto de vista metafísico, describiremos a forma da Terra polo miúdo. Comprobaremos que na súa superficie hai mares, terras, montañas; estudaremos a natureza do chan. Despois poderemos comparar a Terra cos outros planetas ou a Lúa, e por último sacaremos a conclusión: a Terra é a Terra.

En cambio, estudando a historia da Terra do punto de vista dialéctico, veremos que non foi sempre o que é, que experimentou transformacións e que, en consecuencia, a Terra experimentará novamente no porvir outras transformacións. Polo tanto, hoxe debemos considerar que o estado actual da Terra só é unha transición entre os cambios pasados e os cambios que virán. Transición na que os cambios que se efectúan son imperceptíbeis.

Vexamos agora o exemplo da sociedade, que interesa particularmente aos marxistas.

Continuemos aplicando os dous métodos: do punto de vista metafísico, escoitaremos que sempre houbo ricos e pobres. Comprobarase que hai grandes bancos, enormes fábricas. Darásenos unha descrición detallada da sociedade capitalista comparándoa coas sociedades pasadas, (feudal, escravista) buscando as semellanzas ou as diferenzas, e dirásenos: a sociedade capitalista é o que é.

Do punto de vista dialécticos, saberemos que a sociedade capitalista non foi sempre o que é. Se comprobamos que no pasado outras sociedades existiron durante certo período, será para deducir que a sociedade capitalistas, como todas as sociedades, non é definitiva, non ten base intanxíbel, senón que pola contra só é para nós unha realidade provisoria, unha transición entre o pasado e o porvir.

A través destes exemplos vemos que considerar as cousas do punto de vista dialéctico, é considerar cada cousa como provisoria, como tendo unha historia no pasado e debendo ter unha historia no porvir, tendo un comezo e debendo ter a súa fin...

## II. 'PARA A DIALÉCTICA NON HAI NADA DEFINITIVO, ABSOLUTO, SAGRADO...'

«Para a dialéctica non hai nada definitivo, absoluto, sagrado; amosa a caducidade de todas as cousas e en todas as cousas, e para ela só existe o proceso ininterrompido do devir e do transitorio.»<sup>40</sup>

A seguinte definición subliña o que acabamos de ver e o que imos estudar:

«Para a dialéctica non hai nada definitivo». Isto quere dicir que para a dialéctica cada cousa ten un pasado e terá un porvir; que, por conseguinte, non é así dunha vez por todas e que o que el é hoxe, non é definitivo. (Exemplos da mazá, da Terra, da sociedade).

Para a dialéctica non hai ningún poder no mundo nin alén do mundo que poida fixar as cousas nun estado definitivo: así, pois, 'nada é absoluto'. (*Absoluto* quere dicir: que non está sometido a ningunha condición; polo tanto, que é universal, eterno, perfecto).

'Nada sagrado' non quere dicir que a dialéctica desprece todo. Non! Unha cousa sagrada é unha cousa que se considera como inmutábel, que non se debe tocar nin discutir senón só venerar. A sociedade capitalista é 'sagrada', por exemplo. E ben, a dialéctica di que *nada* escapa ao movemento, ao cambio, ás transformacións da Historia.

'Caducidade' procede de 'caduco', que significa: que cae; unha cousa caduca é unha cousa que envellece e debe desaparecer. A dialéctica demostranos que o que é caduco xa non ten razón de ser, que todo está destinado a desaparecer. O que é novo torna vello; o que hoxe está en vida, morre mañá, e para a dialéctica só existe 'o proceso ininterrompido do *devir* e do transitorio'.

Polo tanto, situarse no punto de vista dialéctico é considerar que nada é eterno, agás o cambio. É considerar que ningunha cousa particular pode ser eterna, agás o '*devir*'.

Pero, que é este '*devir*' do que fala Engels na súa definición?

Vimos que a mazá ten unha historia. Tomemos agora, por exemplo, un lapis, que tamén ten a súa historia.

Este lapis que agora está gastado foi ante novo. A madeira coa que está feito provén dunha táboa, e esta táboa sae dunha árbore. Vemos, pois, que a mazá e o lapis teñen cada cal a súa historia, e que nin o un nin o outro foron sempre o que son. Pero, hai unha diferenza entre estas dúas historias? Certamente!

---

<sup>40</sup> Engels, *L. Feuerbach*.

A mazá verde volveuse madura. Podía, sendo verde e se todo marcha normalmente, non volveuse madura? Non, *debía* madurar, así como, ao caer á terra, *debía* podreecer, descomparse, liberar as súas sementes.

En cambio, a árbore da que provén o lapis pode *non* transformarse en táboa, e esta táboa pode *non* converterse en lapis. O mesmo lapis pode permanecer sempre enteiro, non ser afiado.

Polo tanto, comprobamos unha diferenza entre estas dúas historias. No que respecta á mazá, trátase da mazá verde que *se volveu* madura –se nada anormal se produce- e da flor que se converteu en mazá. Así pois, dada unha fase, a outra fase segue *necesariamente*, inevitabelmente (se nada detén a evolución).

Pola contra, na historia do lapis, a árbore pode non converterse en táboa, a táboa pode non converterse en lapis, e o lapis pode non ser afiado. Así pois, dada unha fase, a outra fase *pode non seguir*. Se a historia do lapis pasa por todas estas fases é grazas a unha intervención estraña –a do home.

Na historia da mazá, atopamos fases que *se suceden* derivando da primeira á segunda fase, etc. Segue a ‘transformación’ da que fala Engels. Na do lapis, as fases ‘*xustapóñense*’, sen derivar unha da outra. A mazá segue un proceso natural.

### III. O PROCESO

(Verba que provén do latín e que significa: marcha adiante ou o feito de avanzar, de progresar).

Por que a mazá verde se volve madura? Por mor do que contén. Por mor dos encadeamentos internos que impulsan á mazá a madurar, *como era mazá aínda antes de estar madura, non podía deixar de madurar*.

Cando se examina a flor que se converte en mazá e despois a mazá verde que se volverá madura, comprobamos que estes encadeamentos internos que impulsan á mazá na súa evolución, actúan baixo o imperio de forzas internas chamadas o *autodinamismo*, o que quere dicir: forza que provén dun mesmo.

Cando o lapis aínda era táboa, foi necesaria a intervención do home para facelo converterse en lapis, porque a táboa nunca se transformaría por si mesma en lapis. Non houbo forzas internas, nin autodinamismo, nin proceso. Polo tanto, quen di dialéctica di non só movemento, senón tamén autodinamismo.

Vemos, pois, que o movemento dialéctico contén en si o proceso, o autodinamismo, que é o esencial. Porque non todo movemento ou cambio é dialéctico. Se tomamos unha pulga para estudala do punto de vista dialéctico, diremos que non sempre foi o que é e que non será sempre o que é; se a esmagamos, iso constituirá para ela, indubidabelmente, un cambio; pero este cambio, será dialéctico? Non. Sen nós, ela non estaría esmagada. Por conseguinte, este cambio non é dialéctico, senón *mecánico*.

Debemos prestar moita atención, pois, cando falamos do cambio dialéctico. Pensamos que se a Terra continúa existindo, a sociedade capitalista será substituída pola sociedade socialista, despois pola comunista. Será un cambio dialéctico. Pero se a Terra chegara a estoupar en anacos, a sociedade capitalista desaparecería non por un cambio autodínámico, senón por un cambio mecánico.

Noutra orde de cousas, dicimos que hai unha disciplina mecánica cando esta disciplina non é natural. Pero é autodínámica cando é libremente consentida, é dicir, cando procede do seu medio natural. Unha disciplina mecánica é imposta desde fóra; é unha disciplina procedente de xefes

diferentes daqueles que mandan. (E entón comprendemos que a disciplina non mecánica, a disciplina autodinámica, non está ao alcance de todas as organizacións...)

Debemos evitar, polo tanto, servirmos da dialéctica dunha maneira mecánica. Esta é unha tendencia orixinada no noso hábito metafísico de pensar. Non hai que repetir como un loro que as cousas non foron sempre o que son. Cando un dialéctico di isto, debe investigar nos feitos o que as cousas foron *antes*. Porque dicir iso non constitúe a fin do seu razoamento, senón o comezo de estudos para observar polo miúdo que foron *antes* as cousas.

Marx, Engels, Lenin, fixeron extensos e precisos estudos sobre o que foi a sociedade capitalista antes deles. Observaron até os mínimos detalles para establecer os cambios dialécticos. Para describir e criticar os cambios da sociedade capitalista, para analizar o período imperialista, Lenin efectuou estudos moi precisos e consultou numerosas estatísticas.

Cando falamos de autodinamismo, nunca debemos convertelo nunha frase literaria; só debemos empregar esta verba a sabendas e para os que a comprenden totalmente.

Por último, despois de ver ao estudar unha cousa cales son os seus cambios autodinámicos e de dicir que cambio se comprobou, hai que estudar, investigar por que razón é autodinámico.

Por iso a dialéctica, as investigacións e as ciencias están estreitamente vinculadas.

A dialéctica non é un medio para explicar e coñecer as cousas sen estudalas antes, senón o medio de estudar e facer boas observacións investigando o comezo e a fin das cousas, de onde veñen e onde van.

## **CAPÍTULO TERCEIRO**

### **SEGUNDA LEI: A ACCIÓN RECÍPROCA**

#### **I. O ENCADEAMENTO DOS PROCESOS**

Acabamos de ver, a propósito do exemplo da mazá, o que é o proceso. Volvamos a ese exemplo. Investigamos de onde procedía a mazá, e nas nosas investigacións tivemos que remontarnos até a árbore. Pero este problema de investigación fórmulase tamén para a árbore. O estudo da mazá condúcenos ás orixes e os destinos da árbore. De onde procede a árbore? Da mazá. Procede dunha mazá que caeu, que podreceu na terra para dar nacemento a un gomo, e isto lévanos a estudar o terreo, as condicións nas cales as sementes da mazá puideron dar un abrollo, as influencias do aire, da luz, etc. Así, partindo do estudo da mazá, chegamos ao exame do chan, pasando do proceso da mazá ao da árbore, proceso este que se encadea á súa vez co do chan. Temos o que se chama 'un encadeamento de procesos'. Isto vai permitirnos enunciarse e estudar esta segunda lei da dialéctica: a lei da acción recíproca. Tomemos como exemplo de encadeamento de procesos, despois do exemplo da mazá, o da Universidade Obreira de París.

Se estudamos esta escola do punto de vista dialéctico, investigaremos de onde procede e para empezar teremos unha resposta: no outono de 1932, os camaradas reunidos decidiron fundar en París unha Universidade Obreira para estudar o marxismo.

Pero, como se lles ocorreu a este comité a idea de facer estudar o marxismo? Evidentemente porque o marxismo existe. Pero entón, de onde procede o marxismo?

Vemos que a investigación do encadeamento dos procesos nos leva a estudos minuciosos e completos. Aínda máis: investigando de onde procede o marxismo, deberemos comprobar que esta doutrina é a conciencia mesma do proletariado; vemos, pois (deféndase ou non o marxismo), que o proletariado existe; e entón formulamos de novo esta cuestión: de onde procede o proletariado?

Sabemos que provén dun sistema económico: o capitalismo. Sabemos que a división da sociedade en clases, a loita de clases, non naceu do marxismo –como o pretenden os nosos adversarios–, senón que, pola contra, o marxismo *comproba* a existencia desta loita de clases e extrae a súa forza do proletariado xa existente.

Así, de proceso en proceso, chegamos ao exame das condicións de existencia do capitalismo. Deste modo temos un encadeamento de procesos, que nos demostra que todo inflúe sobre todo. É a *lei da acción recíproca*.

Para concluír con estes dous exemplos, o da mazá e o da Universidade Obreira, vexamos como procedería un metafísico.

No exemplo da mazá, non podería menos que pensar: «de onde procede a mazá?» E quedaría satisfeito coa resposta «a mazá procede da árbore», sen ir máis alá na súa investigación.

Con respecto á Universidade Obreira abondaríalle con dicir, sobre a súa orixe, que foi fundada por un grupo de homes que queren «corromper ao pobo» ou outros absurdos polo estilo...

Pero o dialéctico ve todos os encadeamentos de procesos que culminan, por unha parte, na mazá, e pola outra, na Universidade Obreira. O dialéctico relaciona o feito particular, o detalle, co conxunto.

Relaciona a mazá coa árbore, e vai máis alá, até a natureza no seu conxunto. A mazá non é só o froito da maceira, senón tamén o froito de toda a natureza.



A Universidade Obreira non é só o 'froito' do proletariado, senón tamén o 'froito' da sociedade capitalista.

Polo tanto, vemos que, contrariamente ao metafísico que concibe o mundo como un conxunto de cousas fixas, o dialéctico verá o mundo como un conxunto de procesos, e se o punto de vista dialéctico é correcto para a natureza e as ciencias, tamén é correcto no relativo á sociedade.

«O antigo método de investigacións e de pensamento que Hegel chamaba método metafísico e que se ocupaba preferentemente do estudo das cousas consideradas como obxectos fixos dados... tiña, na súa época, unha grande xustificación histórica.»<sup>41</sup>

Nesa época estudábase todas as cousas e a sociedade como un conxunto de 'obxectos fixos dados', que non só non cambian senón que, particularmente no que se refire á sociedade, non están destinados a desaparecer.

Engels sinala a importancia capital da dialéctica, esta

«gran idea fundamental segundo a cal o mundo non debe ser considerado como un complexo de cousas acabadas, senón como un complexo de procesos no que as cousas, aparentemente estábeis, de igual modo que os reflexos intelectuais no noso cerebro, as ideas, pasan por un cambio ininterrompido de devir e decadencia na que finalmente, e malia todo aparente azar e de todos os procesos momentáneos, termina por manifestar un desenvolvemento progresivo.»<sup>42</sup>

Polo tanto, tampouco a sociedade capitalista debe ser considerada como un 'complexo de cousas acabadas', senón que, pola contra, tamén debe ser estudada como un complexo de procesos.

Os metafísicos decátanse de que a sociedade capitalista non existiu sempre, e din que ten unha historia, pero pensan que coa súa aparición a sociedade terminou de evolucionar e permanecerá 'fixa'. Consideran todas as cousas como acabadas e non como o comezo dun novo proceso. O relato da creación do mundo por Deus é unha explicación do mundo como complexo de cousas acabadas. Deus efectuou cada día unha tarefa *acabada*. Fixo as plantas, os animais, o home, dunha vez por todas; por iso a teoría do fixismo.

A dialéctica xulga de maneira oposta. Non considera as cousas como 'obxectos fixos' senón en 'movemento'. Para ela, ningunha cousa está acabada; é sempre a fin dun proceso e o comezo doutro proceso, en continua transformación e desenvolvemento. Por iso estamos tan seguros da transformación da sociedade capitalista en sociedade socialista. Como nada está definitivamente acabado, a sociedade capitalista é a fin dun proceso ao que sucederá a sociedade socialista, despois a sociedade comunista e así sucesivamente; hai e haberá continuamente un desenvolvemento.

Pero aquí hai que prestar atención para non considerar a dialéctica como algo fatal, de onde se podería chegar á conclusión seguinte: «posto que vostedes están tan seguros do cambio que desexan, por que loitar?» Porque, como di Marx... «para que se produza o parto da sociedade socialista é necesario un parteiro»; de onde deriva a necesidade da revolución, da acción.

É que as cousas non son tan simples. Non hai que esquecer o papel dos homes, que poden facer avanzar ou adiar esta transformación (cuestión que examinaremos no capítulo V desta parte, cando falemos do 'materialismo histórico').

O que comprobamos actualmente é a existencia en todas as cousas de encadeamentos de procesos que se producen pola forza interna das cousas (o autodinamismo). É que para a dialéctica *nada está acabado*. É preciso considerar o desenvolvemento das cousas tendo en conta que nunca hai escena final. Ao rematar unha obra de teatro do mundo comeza o primeiro acto doutra obra. O certo é que este primeiro acto xa comezara no último acto da obra precedente...

---

<sup>41</sup> Engels, *Ludwig Feuerbach*.

<sup>42</sup> *Idem*.

## II. OS GRANDES DESCUBRIMENTOS DO SÉCULO XIX

O que determinou o abandono do espírito metafísico e que obrigou aos sabios, desde Marx e Engels, a considerar as cousas no seu movemento dialéctico, son, como sabemos, os descubrimentos feitos no século XIX. Sobre todo tres grandes descubrimentos desta época, sinalados por Engels no seu libro *Ludwig Feuerbach*, fixeron progresar a dialéctica.

### 1. O descubrimento da célula vida e o seu desenvolvemento<sup>43</sup>

Antes deste descubrimento, tomárase como base de razoamento o ‘fixismo’. Considerábanse as especies como estrañas unhas das outras. Distinguíase categoricamente o reino animal, por unha parte, e pola outra o reino vexetal.

Despois chega este descubrimento que permite precisar a idea da ‘evolución’ que os pensadores e os sabios do século XVIII xa adiantaran. Permite comprender que a vida está formada por unha sucesión de mortes e nacementos e que todo ser vivo é unha asociación de células. Esta comprobación non deixa subsistir ningunha fronteira entre os animais e as plantas, e así anula a concepción metafísica.

### 2. O descubrimento da transformación da enerxía

Antigamente a ciencia coidaba que o son, a calor, a luz, por exemplo, eran completamente estraños os uns aos outros. Pero descóbrense que todos eses fenómenos poden transformarse uns nos outros, que hai encadeamentos de procesos tanto na materia *inerte* como na natureza viva. Esta revelación é outro golpe asestado ao espírito metafísico.

### 3. O descubrimento da evolución no home e nos animais

Darwin –di Engels– demostra que todos os produtos da natureza son a culminación dun extenso proceso de desenvolvemento de pequenos xermes unicelulares na orixe: todo é o produto dun longo proceso que ten por orixe a célula.

E Engels extrae a conclusión de que, grazas a estes tres grandes descubrimentos, podemos seguir o encadeamento de todos os fenómenos da natureza, non só no interior dos diferentes campos, senón tamén *entre* os diferentes campos.

Son as ciencias, pois, as que permitiron o enunciado desta segunda lei da acción recíproca.

Entre os reinos vexetal, animal e mineral, non hai separación total, senón só proceso; todo se encadea. E isto tamén é certo no tocante á sociedade. As diferentes sociedade que atravesaron a historia dos homes deben ser consideradas como unha sucesión de encadeamentos de procesos, nos que cada unha xurdiu necesariamente da precedente.

---

<sup>43</sup> Schewann e Schleiden, ao descubrir coa célula orgánica «a unidade onde se desenvolve, mediante a multiplicación e a diferenciación, todo organismo animal e vexetal», estableceron a continuidade dos dous grandes reinos da natureza vivinte.

Debemos lembrar, pois, que: *a ciencia, a natureza, a sociedade*, deben verse como un encadeamento de procesos, e o motor que actúa para desenvolver este encadeamento, é o *autodinamismo*.

### III. O DESENVOLVEMENTO HISTÓRICO OU DESENVOLVEMENTO EN ESPIRAL

Se examinamos un pouco máis polo miúdo o proceso que comezamos a coñecer, vemos que a mazá é o resultado dun encadeamento de procesos. De onde procede a mazá? A mazá procede da árbore. De onde procede a árbore? Da mazá. Podemos pensar, pois, que estamos ante un círculo vicioso no que xiramos para volver sempre ao mesmo punto. Árbore, mazá. Mazá, árbore. O mesmo pasa se tomamos o exemplo do ovo e a galiña. De onde procede o ovo? Da galiña. De onde procede a galiña? Do ovo.

Se consideráramos as cousas deste xeito, non se trataría dun proceso senón dun círculo, e esta aparencia dá, por outra parte, a idea dun 'retorno eterno'. É dicir, que volveríamos sempre ao mesmo punto, ao punto de partida.

Pero vexamos exactamente como se formula o problema.

1. Aquí temos unha mazá.
2. Esta, ao descompoñerse, fai abrollar unha árbore ou árbores.
3. Cada árbore non dá unha mazá, senón *varias* mazás.

Por conseguinte, non volvemos ao *mesmo* punto de partida; volvemos á mazá, pero noutro plano.

Do mesmo modo, se partimos da árbore, teremos:

1. Unha árbore que dá
2. Mazás, e estas mazás darán
3. *Varias* árbores.

Aquí tamén volvemos á árbore, pero noutro plano. O punto de vista *ampliouse*.

Polo tanto, non temos un círculo, como as aparencias tendían a facer crer, senón un proceso de desenvolvemento que chamaremos *desenvolvemento histórico*. A historia demostra que o tempo non pasa sen deixar pegada. O tempo pasa, pero non volven os mesmos desenvolvementos. O mundo, a natureza, a sociedade, constitúen un desenvolvemento que é histórico, un desenvolvemento que na linguaxe filosófica se chama 'en espiral'.

Emprégase esta imaxe para dar precisión ás ideas. É unha comparación para ilustrar o feito de que as cousas evolucionan segundo un proceso circular, pero non volven ao punto de partida, volven un pouco por riba, noutro plano; e así sucesivamente, o que dá unha espiral ascendente.

Por conseguinte, o mundo, a natureza, a sociedade, teñen un desenvolvemento histórico (en espiral), e o que move ese desenvolvemento é –non o esquezamos– o autodinamismo.

### IV. CONCLUSIÓN

Nestes primeiros capítulos sobre a dialéctica acabamos de estudar as dúas primeiras leis: a do cambio e a da acción recíproca. Isto era indispensábel para poder abordar o estudo da lei de contradición, porque esta é a que vai permitirnos comprender a forza que move o 'cambio dialéctico', o autodinamismo.

No primeiro capítulo relativo ao estudo da dialéctica vimos por que esta teoría fora dominada durante moito tempo pola concepción metafísica e por que o materialismo do século XVIII era metafísico. Agora –após examinar rapidamente os tres grandes descubrimentos do século XIX, que permitiron ao materialismo desenvolverse para volverse dialéctico-, comprendemos mellor por que era necesario que a historia desta filosofía atravesara os tres grandes períodos que coñecemos: 1º) materialismo da antigüidade (teoría dos átomos); 2º) materialismo do século XVIII (mecanicista e metafísico), para desembocar, finalmente, 3º) no materialismo dialéctico.

Afirmáramos que o materialismo nacera das ciencias e vinculada con elas. Despois destes tres capítulos podemos ver o certo que é isto. Neste estudo do movemento e do cambio dialécticos, e despois desta lei da acción recíproca, vimos *que todos os nosos razoamentos están baseados nas ciencias*.

Actualmente, cando os estudos científicos están extremadamente especializados e cando os sabios (ignorando polo xeral o materialismo dialéctico) non poden, ás veces, comprender a importancia dos seus descubrimentos particulares en relación co *conxunto* das ciencias, o papel da filosofía (cuxa misión, como xa dixemos, consiste en dar unha explicación do mundo e dos problemas máis xerais), e particularmente a misión do materialismo dialéctico, é reunir todos os descubrimentos particulares de cada ciencia para facer a súa síntese e dar así unha teoría que nos fai, cada vez máis, como dicía Descartes, «amos e posuidores da natureza».

## **CAPÍTULO CUARTO**

### **TERCEIRA LEI: A CONTRADICIÓN**

Vimos que a dialéctica considera as cousas como en perpetuo cambio, evolucionando continuamente e, nunha palabra, experimentando un movemento dialéctico (1º lei).

Este movemento dialéctico é posíbel porque toda cousa non é senón o resultado, no momento no que a estudamos, dun encadeamento de procesos, é dicir, un encadeamento de fases que xorden unhas das outras. E indo máis alá no noso estudo, vimos que este encadeamento de procesos se desenvolve necesariamente, inevitabelmente, no tempo, nun movemento progresivo, «malia os retrocesos momentáneos».

Chamamos a este desenvolvemento un ‘desenvolvemento histórico’ ou ‘en espiral’, e sabemos que ese desenvolvemento se xera a si mesmo, por autodinamismo.

Pero, cales son as leis do autodinamismo? Cales son as leis que permiten que as fases xurdan unhas das outras? Isto é o que se chama as ‘leis do movemento dialéctico’.

A dialéctica ensínanos que as cousas non son eternas: teñen un comezo, unha madurez, unha vellez, e tamén teñen unha fin, unha morte.

Todas as cousas pasan por esas fases: nacemento, madurez, vellez, fin. Por que ocorre isto? Por que as cousas non son eternas?

Esta é unha vella cuestión que sempre apaixonou á humanidade. Por que hai que morrer? Non se comprende esta necesidade, e os homes, no curso da Historia, soñaron coa vida eterna, nos medios para cambiar este estado de feito. Como por exemplo na Idade Media, na que inventaban bebidas máxicas (elixires da xuventude ou da vida).

Por que, pois, o que nace está obrigada a morrer? Esta é unha grande lei da dialéctica que debemos confrontar coa metafísica para comprendela ben.

#### **I. A VIDA E A MORTE**

Do punto de vista metafísico, considéranse as cousas illadamente, tomándoas en si mesmas e, ao estudar as cousas así, a metafísica considéraas de forma unilateral, é dicir, dun só lado. Por iso podemos dicir que quen ven as cousas dun só lado son metafísicos. En resume. Cando un metafísico examina o fenómeno que se chama a vida, faino sen vincular este fenómeno con outro. Ve a vida en si mesma, de forma unilateral. Se examina a morte, fará a mesma cousa; aplicará o seu punto de vista unilateral, e dirá en conclusión: ‘a vida é a vida; e a morte é a morte’. Entre as dúas, nada en común; non se pode estar á vez vivo e morto, porque son dúas cousas opostas, completamente contrarias unha da outra.

Ver así as cousas e velas superficialmente. Se se examinan máis polo miúdo, veremos, en primeiro lugar, que non se pode opoñer unha á outra, que nin sequera se poden separar tan brutalmente, posto que a experiencia, a realidade, demostran que a morte continúa a vida, que a morte provén do vivo.

E a vida, pode xurdir da morte? Si. Porque os elementos do corpo morto van se transformar para dar nacemento a outras vidas e servir de abono á terra, que será máis fértil, por exemplo. En moitos

casos, a morte axudará á vida, a morte permitirá nacer á vida; e nos mesmo corpos vivos, a vida só é posíbel porque continuamente as células que morren son substituídas por outras que nacen.<sup>44</sup>

A vida e a morte transfórmanse continuamente unha na outra, e, en todas as cousas, comprobamos a constancia desta gran lei: *as cousas transfórmanse no seu contrario en todas partes.*

## II. AS COUSAS TRANSFÓRMANSE NO SEU CONTRARIO

Os metafísicos *opoñen* os contrarios, pero a realidade demostra que os contrarios *se transforman* un no outro; que as cousas non seguen a ser elas mesmas, senón que se transforman nos seus contrarios.

Se examinamos a verdade e o erro, pensamos: entre eles non hai nada en común. A verdade é a verdade e un erro é un erro. Este é o punto de vista unilateral, que opón brutalmente os dous contrarios como oporía a vida e a morte.

Porén, se dicimos: «Está chovendo», ocorre ás veces que non terminamos de dicilo cando xa non chove máis. Esta frase era correcta cando a comezamos e pasou a ser un erro. (Os gregos xa comprobaran isto e dicían que, para non enganarse, non había que dicir nada!)

Do mesmo xeito, volvamos ao exemplo da mazá. Un ve no chan unha mazá madura e di: «Aquí hai unha mazá madura.» Porén, está no chan desde hai certo tempo e xa comeza a descompoñerse, convertendo a verdade en erro.

As ciencias tamén nos dan numerosos exemplos de leis consideradas durante moitos anos como 'verdades', e que se revelaron en certos momentos, debido aos progresos científicos, como 'erros'.

Vemos, pois, que a verdade pasa a transformarse en erro. Pero, transfórmase o erro en verdade?

Ao comezo da civilización, os homes, especialmente en Exipto, imaxinaban combates entre os deuses para explicar a saída e a posta do sol; este é un erro na medida na que se di que os deuses impulsan o levan o sol para movelo. Pero a ciencia dá parcialmente razón a este razoamento, dicindo que en efecto hai forzas (puramente físicas) que fan que se mova o sol. Vemos que o erro non está totalmente oposto á verdade.

Se polo tanto as cousas se transforman no seu contrario, como é posíbel? Como se transforma a vida na morte?

Se non houbera máis que a vida, a vida ao cen por cento, non podería ser nunca a morte, e se a morte fora totalmente ela mesma, a morte ao cen por cento, sería imposíbel que unha se transformara na outra. Pero xa hai morte na vida e tamén vida na morte.

Observando de cerca veremos que un ser vivo está composto de células, que estas células se renovan, que desaparecen e reaparecen no mesmo lugar. Viven e morren continuamente nun ser vivo, no cal hai, pois, vida e morte.

Sabemos tamén que a barba dun morto continúa crescendo. Outro tanto acontece coas uñas e cos cabelos. Son dous fenómenos netamente caracterizadas que proban que a vida continúa na morte.

---

<sup>44</sup> «Mentres consideramos as cousas como en repouso e sen vida, cada unha para si, unha ao lado da outra e unha despois da outra, non nos enfrontamos, certamente, con ningunha contradición. Atopámoslles determinadas propiedades que son en parte comúns, en parte diversas e até contraditorias entre si, pero que neste caso non conteñen, pois, contradición en si mesmas. Nos límites deste campo de observación, saímos do paso co modo de pensar corrente, o modo metafísico. Pero isto cambia totalmente tan pronto consideremos as cousas no seu movemento, o seu cambio, a súa vida, a súa acción recíproca. Aquí caemos inmediatamente en contradicións.» (Engels, *Anti-Dühring*.)

Na Unión Soviética conservan en condicións especiais sangue de cadáveres que empregan para facer transfusións de sangue; coa sangue dun morte repónse un vivo. Podemos dicir, xa que logo, que no seo da morte hai vida.

«Polo tanto, a vida é igualmente unha contradición ‘existente nas cousas e nos mesmos fenómenos’, unha contradición que constantemente se formula e resolve; e apenas cesa a contradicións, tamén cesa a vida e chega a morte.»<sup>45</sup>

Polo tanto, as cousas non só se transforman unhas nas outras, senón que ademais unha cousa non é só ela mesma, senón outra cousa que é *o seu contrario*, porque cada cousa *contén* o seu contrario.

Cada cousa contén a un tempo a *ela mesma e ao seu contrario*.

Se representamos unha cousa mediante un círculo, teremos unha forza que empurra a esta cousa cara á vida, puxando desde o centro cara ao exterior (extensión), pero tamén teremos forzas que impulsarán esta cousa nunha dirección oposta, puxando desde o exterior cara ao centro (comprensión).

Así, no interior de cada cousa coexisten forzas opostas, *antagonismos*.

Que ocorre entre estas forzas? *Loitan*. Por conseguinte, unha cousa non é só transformada por unha forza actuante nun sentido único, senón que toda cousa é realmente transformada por dúas forzas de direccións opostas. Cara á *afirmación* e cara á *negación* das cousas, cara á vida e cara á morte.

Que quere dicir: afirmación e negación das cousas?

Na vida hai forzas que manteñen a vida, que tenden cara á afirmación da vida. Ademais, tamén hai nos organismos vivos forzas que tenden cara á negación. En todas as cousas, hai forzas que tenden cara á afirmación e outras que tenden cara á negación, e entre *a afirmación e a negación* hai contradición.

Así pois, a dialéctica comproba o cambio, pero, por que cambian as cousas? Porque as cousas non están de acordo consigo mesmas, porque hai loitas entre as forzas, entre os antagonismos internos, porque hai contradición. Aquí temos a terceira lei da dialéctica: *As cousas cambian porque conteñen en si mesmas a contradición*.

(Se ás veces nos vemos obrigados a empregar nomes máis ou menos complicados –como dialéctica, autodinamismo, etc.- ou expresións que semellan contrarias á lóxica tradicional e difíciles de comprender, non é porque nos guste complicar as cousas imitando niso á burguesía. Non. Pero este estudo, aínda que elemental, pretende ser o máis completo posíbel e permitir que despois poidan lerse máis doadamente as obras filosóficas de Marx, Engels ou Lenin, que empregan esas expresións. En todo caso, e posto que debemos empregar unha linguaxe que non é usual, queremos aplicarnos en facela comprensíbel para todos no marco deste estudo.)

### III. AFIRMACIÓN, NEGACIÓN E NEGACIÓN DA NEGACIÓN

Aquí debemos facer unha distinción entre o que se chama a contradición *verbal* –que significa que cando lle din a un ‘si’, resposta ‘non’-; e a contradición que vimos de ver e que se chama a contradición dialéctica, é dicir, contradición *nos feitos*, nas cousas.

Cando falamos da contradición que existe no seo da sociedade capitalista, isto non significa que uns diga si e outros non no tocante a certas teorías; significa que hai unha contradición nos feitos, que hai forzas reais que se combaten: primeiro unha forza que tende a *afirmarse*, a clase burguesa que tende a manterse; despois unha segunda clase social que tende á *negación* da clase burguesa, o

---

<sup>45</sup> Engels, *Anti-Dühring*.

proletariado. Polo tanto, a contradición están nos feitos, porque a burguesía non pode existir sen crear o seu contrario, o proletariado. Como di Marx

«ante todo, a burguesía produce os seus propios sepultureiros.»<sup>46</sup>

Para impedilo, sería necesario que a burguesía renunciara a ser ela mesma, o que sería absurdo. Por conseguinte, afirmándose crea a súa propia negación.

Tomemos o exemplo dun ovo que unha galiña pon e incuba: comprobamos que no ovo se atopa o xerme que, a certa temperatura e en certas condicións, se desenvolve. Ao desenvolverse, este xerme dará un poliño: así, ese xerme xa é a negación do ovo. Vemos entón que no ovo hai dúas forzas: a que tende a que continúa sendo ovo e a que tende a que se converta en poliño. O ovo está, pois, en desacordo consigo mesmo e todas as cousas están en desacordo consigo mesmas.

Isto pode semellar difícil de comprender, porque estamos habituados ao modo de razoamento metafísico, e por iso debemos facer un esforzo para habituarnos novamente a ver *as cousas na súa realidade*.

Un cousa comeza por ser unha *afirmación* que xorde da *negación*. O poliño é unha afirmación xurdida da negación do ovo. Esta é unha fase do proceso. Pero a galiña será, á súa vez, a transformación do poliño e, no seo desta transformación, haberá unha contradición entre as forzas que loitan para que o poliño se converta en galiña e as forzas que loitan para que o poliño siga sendo poliño. Polo tanto, a galiña será a negación do poliño, que procedía, á súa vez, da negación do ovo.

A galiña será, pois, a negación da negación. E esta é a marcha xeral das fases da dialéctica.

1. Afirmación: tamén se di Tese.
2. Negación, ou Antítese.
3. Negación da negación, ou Síntese.

Estas tres verbas resumen o desenvolvemento dialéctico. Empréganse para representar o encadeamento das fases, para indicar que cada fase é a destrución da fase precedente.

A destrución é unha negación. O poliño é a negación do ovo, posto que ao nacer destrúe o ovo. Do mesmo xeito, a espiga de trigo é a negación do gran de trigo. O gran sementado na terra xerminará; esta xerminación é a negación do gran de trigo, que dará a planta, e esta planta florecerá a súa vez e dará unha espiga; esta será a negación da planta ou a negación da negación.

Por conseguinte, vemos que a negación da que fala a dialéctica é unha maneira resumida de falar da destrución. Hai negación do que desaparece, do que é destruído.

1. O feudalismo foi a negación da época escravista.
2. O capitalismo é a negación do feudalismo.
3. O socialismo será a negación do capitalismo.

Do mesmo xeito que para a contradición, na que distinguimos entre contradición verbal e contradición dialéctica, debemos comprender ben o que é a negación verbal, que di 'non', e negación dialéctica, que quere dicir 'destrución'.

Pero se a destrución quere dicir destrución, non se trata de calquera destrución, senón dunha destrución dialéctica. Así, cando esmagamos unha pulga non morre por destrución interna, por negación dialéctica. A súa destrución non é o resultado de fases autodinámicas; é o resultado dun cambio puramente mecánico.

---

<sup>46</sup> Marx e Engels, *Manifiesto Comunista*.



A destrución é unha negación *só* se é un produto da afirmación, se provén dela. Así, como o ovo incubado era a afirmación do que é o ovo, xera a súa negación: convértese en poliño, e este simboliza a destrución, ou negación do ovo, ao abrirse paso e destruír a cáscara.

No poliño vemos dúas forzas adversas: ‘poliño’ e ‘galiña’; no curso deste desenvolvemento do proceso, a galiña porá ovos, e así unha nova negación da negación. Deses ovos arrincarás entón un novo encadeamento de procesos.

No tocante ao trigo, vemos tamén unha afirmación, despois unha negación e unha negación da negación.

Daremos outro exemplo, o da filosofía materialista.

Nun comezo, atopamos un materialismo primitivo, espontáneo, que por ser ignorante, crea a súa propia negación: o idealismo. Pero o idealismo que nega o antigo materialismo será negado polo materialismo moderno ou dialéctico, porque a filosofía se desenvolve e provoca, coas ciencias, a destrución do idealismo. Polo tanto, tamén aquí temos afirmación, negación e negación da negación.

Comprobamos tamén este ciclo na evolución da sociedade.

Temos ao comezo da historia a existencia dunha sociedade de comunismo primitivo, sociedade sen clases, baseada na propiedade común da terra. Pero esta forma de sociedade convértese nunha eiva para o desenvolvemento da produción e, por ese mesmo motivo, crea a súa propia negación: a sociedade con clases, baseada na propiedade privada e na explotación do home polo home. Pero tamén esta sociedade leva consigo a súa propia negación, porque un desenvolvemento superior dos medios de produción comparte a necesidade de negar a división da sociedade en clases, de negar a propiedade privada, e volvemos así ao punto de partida: a necesidade da sociedade comunista, *pero noutro plano*; ao principio, tiñamos unha falta de produtos; agora, temos unha capacidade de produción moi elevada.

Destaquemos que, en todos os exemplos que dimos, volvemos ao punto de partida, pero noutro plano (desenvolvemento en espiral), *un plano máis elevado*.

Vemos, pois, que a contradición é unha grande lei da dialéctica. Que a evolución é unha loita de forzas antagónicas. Que non só as cousas se transforman unhas nas outras, senón tamén que toda cousa se transforma no seu contrario. Que as cousas non están de acordo consigo mesmas porque hai nelas loita entre forzas opostas, porque hai nelas unha contradición interna.

*Observación.* Debemos prestar moita atención ao seguinte: a afirmación, a negación, a negación da negación, non son senón expresións resumidas dos momentos da evolución dialéctica, e non se trata de andar buscando por calquera parte estas tres fases. Porque non sempre as atoparemos todas, senón que ás veces só será a primeira ou a segunda, por non estar aínda finalizada a evolución. Polo tanto, non hai que querer ver mecanicamente en todas as cousas eses cambios na mesma forma. Lembremos sobre todo que a contradición é a grande lei da dialéctica. Isto é o esencial.

#### IV. PUNTUALICEMOS

Xa sabemos que a dialéctica é un método de pensar, de razoar, de analizar, que permite facer boas observacións e estudar ben, porque nos obriga a buscar a fonte de todas as cousas e a escribir a súa historia.

É certo que, como xa vimos, o antigo método de pensar estaba xustificando na súa época. Pero estudar co método dialéctico significa comprender –repítámolo– que todas as cousas, aparentemente inmóbeis, non son máis que un encadeamento de procesos no que todo ten un comezo e unha fin, no que en todas as cousas

«finalmente e malia todas as calidades aparentes e todos os retrocesos momentáneos, terminará manifestándose un desenvolvemento progresivo.» (Engels)

Só a dialéctica permite comprender o desenvolvemento, a evolución das cousas; só ela permite comprender a destrución das cousas vellas e o nacemento das novas. Só a dialéctica fai comprender todos os desenvolvementos nas súas transformacións, coñecéndoos como formados todos por contrarios. Porque a concepción dialéctica, o desenvolvemento natural das cousas, a evolución, é unha loita continua de forzas e de principios opostos.

Polo tanto, se para a dialéctica a primeira lei é a comprobación do movemento e do cambio: «Nada segue sendo o que é, nada segue estando onde está» (Engels), sabemos agora que a explicación desta lei reside en que as cousas cambian non só transformándose unhas nas outras senón transformándose nos seus contrarios. A contradición é, pois, unha gran lei da dialéctica.

Estudamos o que é do punto de vista dialéctico a contradición, pero aínda debemos insistir para aportar certas precisións e tamén para sinalar certos erros que non deben cometerse.

É moi certo que en primeiro lugar debemos familiarizarnos con esta afirmación, que está de acordo coa realidade: a transformación das cousas nos seus contrarios. Non hai dúbida que nos sorprende, porque estamos afeitos a pensar co vello método metafísico. Pero xa vimos por que é así: vimos polo miúdo, por medio de exemplos, que isto é na realidade e *por que* as cousas se transforman nos seus contrarios.

Por iso podemos dicir e afirmar que se as cousas se transforman, cambian, evolucionan, é porque están en contradición consigo mesmas, porque levan consigo o seu contrario, porque conteñen en si *a unidade dos contrarios*.

## V. A UNIDADE DOS CONTRARIOS

Cada cousa é unha unidade de contrarios.

Afirmar semellante cousa parece, nun primeiro momento, un absurdo. «Unha cousa e o seu contrario non teñen nada a ver» -tal é como se pensa xeralmente. Pero para a dialéctica toda cousa é, ao mesmo tempo, ela mesma e o seu contrario, toda cousa é unha unidade de contrarios, e isto debemos explicalo ben.

Se tomamos o exemplo da ignorancia e da ciencia, é dicir, do saber, establecemos que do punto de vista metafísico estas son dúas cousas totalmente opostas e contrarias unha á outra. O que é ignorante non é un sabio é o que é un sabio non é un ignorante.

Porén, observando os feitos, vemos que non dan lugar a unha posición tan ríxida. Sabemos que ao principio reinou a ignorancia; despois chegou a ciencia; e aquí verificamos que unha cousa se transforma no seu contrario: a ignorancia transfórmase en ciencia.

Non hai ignorancia sen ciencia, non hai ignorancia ao cen por cento. Por ignorante que sexa, un individuo sabe recoñecer cando menos os obxectos, o seu alimento; *xamais hai ignorancia absoluta*; sempre hai unha parte de ciencia na ignorancia. A ciencia xa está en xerme na ignorancia; polo tanto, é correcto afirmar que o contrario dunha cousa xa está na cousa mesma.

Vexamos agora a ciencia. Pode haber ciencia ao cen por cento? Non. Sempre se ignora algo. Lenin di: «O obxecto de coñecemento é inesgotábel», o que quere dicir que sempre hai algo que aprender. Non *hai ciencia absoluta*. Todo saber, toda ciencia, contén unha parte de ignorancia.<sup>47</sup>

---

<sup>47</sup> «A historia das ciencias é a historia da eliminación progresiva do erro, é dicir, da súa substitución por un erro novo, mais cada vez menos absurdo.» (Engels).

O que existe na realidade é unha ignorancia e unha ciencia *relativas*, unha mestura de ciencia e de ignorancia.

Polo tanto, o que comprobamos neste exemplo non é a *transformación* das cousas nos seus contrarios, senón a existencia *na mesma cousa* dos contrarios, ou *a unidade dos contrarios*.

Poderíamos referirnos novamente aos exemplos que xa vimos: a vida e a morte, a verdade e o erro, e comprobaríamos que, nun e noutro caso, como en todas as cousas, existe unha unidade dos contrarios, é dicir, que cada cousa contén á vez a cousa mesma e o seu contrario.

Por iso dirá Engels.

«Se na investigación un adopta constantemente este punto de vista, deixa dunha vez por todas de pedir solucións definitivas e verdades eternas; sempre ten consciencia do carácter necesariamente limitado de todo coñecemento adquirido, da súa dependencia con respecto ás condicións nas cales foi adquirido; tampouco se deixa impresionar polas antinomías, irreductíbeis para a vella metafísica sempre en uso, do verdadeiro e do falso, do ben e do mal, do idéntico e do diferente, do fatal e do fortuíto; sabe que esas antinomías só teñen un valor relativo, que o que hoxe se recoñece como verdadeiro ten oculto o seu lado falso, que aparecerá despois, do mesmo xeito que o recoñecido actualmente como falso ten o seu lado verdadeiro, grazas ao cal puido ser considerado antes como verdadeiro.»<sup>48</sup>

Este texto de Engels amósanos ben como hai que comprender a dialéctica e o verdadeiro sentido da unidade dos contrarios.

## VI. ERROS QUE DEBEN EVITARSE

Hai que explicar ben esta grande lei da dialéctica que é a confrontación para non crear malentendidos.

Ante todo, non hai que comprendela de maneira mecánica. Non hai que pensar que en todo coñecemento existe a verdade *máis* o erro, ou o verdadeiro *máis* o falso.

Se se aplicara así esta lei, teríamos que dar a razón a quen din que en todas as opinións hai unha parte falsa e que: «quitemos o que é falso, ficará o que é verdadeiro, o que é bo». Dise isto en certos círculos que se definen como marxistas, onde se pensa que o marxismo ten razón ao amosar que no capitalismo hai fábricas, trusts, bancos, que controlan a vida económica, que ten razón ao dicir que esta vida económica marcha mal; pero o que é falso no marxismo –engádese– é a loita de clases: deixemos de lado a teoría da loita de clases, e teremos unha boa doutrina. Tamén se di que o marxismo aplicado ao estudo da sociedade é correcto, é verdadeiro, «pero, por que mesturar alí a dialéctica? Ese é o lado falso, borremos a dialéctica e conservemos como verdadeiro o resto do marxismo!»

Estas son interpretacións mecánicas da unidade dos contrarios.

Un exemplo máis. Despois de ler esta teoría dos contrarios, Proudhon pensaba que en cada cousa hai un lado bo e un lado malo. Así, pois, comprobando que na sociedade hai burguesía e proletariado, dicía: quitemos o que é malo, o proletariado! E dese modo estableceu o seu sistema de créditos que debían crear a propiedade parcelaria, é dicir, permitir aos proletarios converterse en propietarios; desta maneira só habería burgueses e a sociedade sería boa.

Ben sabemos, porén, que non hai proletariado *sen* burguesía e que a burguesía só existe *pola* existencia do proletariado, trátase de dous contrarios que son inseparábeis. Esta unidade dos

---

<sup>48</sup> Engels, *L. Feuerbach*.

contrarios é interna, verdadeira: é unha unión inseparábel. Para suprimir os contrarios non abonda, pois, separar aos uns do outros. Nunha sociedade baseada na explotación do home polo home, existen obrigatoriamente dúas clases antagónicas: amos e escravos na antigüidade, señores e servos na Idade Media, burguesía e proletariado agora.

Para suprimir a sociedade capitalista, para facer a sociedade sen clases, hai que suprimir a burguesía e o proletariado co fin de permitir aos homes liberados crear unha sociedade máis evolucionada material e intelectualmente, para marchar cara ao comunismo na súa forma superior e non para crear, como pretenden os nosos adversarios, un comunismo «igualitario na miseria».

Polo tanto, debemos prestar moita atención cando explicamos ou cando aplicamos a un exemplo ou a un estudo a unidade dos contrarios. Debemos evitar querer atopar en todas partes e sempre e aplicar mecanicamente, por exemplo, a negación da negación, querer atopar en todas partes e sempre a unidade dos contrarios, porque os nosos coñecementos son, polo xeral, moi limitados, e isto pode levarnos a un lamazal.

O que importa é este principio: a dialéctica e as súas leis obrígnanos a estudar as cousas para descubrir nelas a evolución e as forzas, os contrarios que determinan esta evolución. Debemos, pois, estudar a unidade dos contrarios contida nas cousas, e esta unidade dos contrarios equivale a dicir *que unha afirmación non é nunca unha afirmación absoluta*, posto que contén en si mesma unha parte de negación. E iso é o esencial: *as cousas transfórmanse porque conteñen a súa propia negación*. A negación é o ‘disolvente’; se non existira, as cousas non cambiarían. As cousas, como se transforman, é preciso que conteñan un principio disolvente. Podemos afirmar por anticipado que existe, posto que vemos as cousas evolucionar, pero non podemos descubrir ese principio sen un estudo minucioso da cousa mesma, porque este principio non ten o mesmo aspecto en todas as cousas.

## VII. CONSECUENCIAS PRÁCTICAS DA DIALÉCTICA

A dialéctica obríganos, na práctica, a considerar sempre non un lado das cousas, senón os seus dous lados: non considerar nunca a verdade sen o erro, a ciencia sen a ignorancia. O gran erro da metafísica consiste xustamente en non considerar máis que un lado das cousas, en vulgar de forma unilateral e, se cometemos moitos erros, é sempre por ver só un lado das cousas, é porque a miúdo temos razoamentos unilaterais.

Se a filosofía idealista afirma que o mundo non existe máis que nas ideas dos homes, hai que recoñecer que, en efecto, hai cousas que só existen no noso pensamento. Isto é certo. Pero o idealismo é unilateral, só ve este aspecto. Non ve máis que o home que inventa cousas que non están na realidade, e saca a conclusión de que nada existe fóra das nosas ideas. O idealismo ten razón de subliñar esta facultade do home, pero ao non aplicar o criterio da práctica, non ve máis alá.

O materialismo metafísico engánase tamén porque non ve máis que un lado dos problemas. Ve ao universo como unha mecánica. Existe a mecánica? Si! Desempeña un gran papel? Si! Polo tanto, o materialismo ten razón ao dicir iso; pero é un erro ver *só* o movemento mecánico.

Inclinámonos naturalmente a non ver máis que un só lado das cousas e da xente. Se xulgamos a un camarada, case sempre só vemos o seu lado bo ou malo. Hai que ver un e outros, sen o cal non sería posíbel ter ‘cadros’ nas organizacións. Na práctica política, o método do xuízo unilateral conduce ao sectarismo. Se atopamos un adversario pertencente a unha organización reaccionaria, podemos xulgalo segundo os seus xefes. E sen embargo, quizais se trate simplemente dun humilde empregado amargado, descontento, e non debemos xulgalo como a un gran patrón fascista. Do mesmo xeito, podemos aplicar este razoamento aos patróns, e comprender que se nos parecen malos, a miúdo é porque eles mesmos están dominados pola estrutura da sociedade, e que, *noutras condicións sociais*, quizais serían diferentes.

Se pensamos na unidade dos contrarios, consideramos as cousas nos seus diversos aspectos. Veremos, pois, que este reaccionario é reaccionario por un lado, pero que do outro é un traballador e que nel hai unha contradición. Investigarase e descubrirase por que milita nesta organización, e tamén se investigará por que non debía militar nela. E entón xulgaremos e discutiremos con menos sectarismo.

Demos, pois, conforme á dialéctica, considerar as cousas desde todos os ángulos que se poden distinguir.

Para resumir, e como conclusión teórica, diremos: As cousas cambian porque encirran unha contradición interna (elas mesmas e os seus contrarios). Os contrarios están en conflito, e os cambios xorden dese conflito; polo tanto, o cambio é a *solución* do conflito.

O capitalismo contén esta contradición interna, ese conflito entre o proletariado e a burguesía; o cambio explícase por este conflito, e a transformación da sociedade capitalista en sociedade socialista é a supresión do conflito.

Hai cambio, movemento, alí onde hai contradición. A contradición é a negación da afirmación, e cando se obtén o terceiro carácter, a negación da negación, aparece a solución, porque neste momento a razón da contradición fica eliminada, *superada*.

Por conseguinte, podemos dicir que se as ciencias: a química, a física, a bioloxía, etc., estudan as leis do cambio que lles son particulares, a dialéctica estuda as leis do cambio que son as máis xerais. Engels di:

«A dialéctica non é senón a ciencia das leis xerais do movemento e do desenvolvemento da natureza, da sociedade humana e do pensamento.»<sup>49</sup>

## LECTURAS

Engels, *Anti-Dühring*, cap. XIII, “Dialéctica. Negación da negación”.

Lenin, *Carlos Marx e a súa doutrina*, “A dialéctica”.

---

<sup>49</sup> *Anti-Dühring*.

## CAPÍTULO QUINTO

### CUARTA LEI: TRANSFORMACIÓN DA CANTIDADE EN CALIDADE OU LEI DO PROGRESO POR SALTOS

Antes de encetar o problema da aplicación da dialéctica á Historia, temos que estudar unha última lei dialéctica.

Os estudos que acabamos de facer, nos que vimos que é a negación da negación e que se entende por unidade dos contrarios, facilitaran o noso traballo.

Procedamos, como sempre, coa axuda de exemplos.

#### I. REFORMAS OU REVOLUCIÓN?

Falando da sociedade, acostúmase dicir: Hai que proceder por reformas ou facer a revolución? Discútese para saber se, para transformar a sociedade capitalista nunha sociedade socialista, chegaremos a ese obxectivo mediante reformas sucesivas ou por unha transformación brusca: a revolución.

Ante este problema, lembremos o que estudamos. Toda transformación é o resultado dunha loita de forzas opostas. Se unha cousa evoluciona, é porque contén nela o seu contrario, xa que cada cousa é unha unidade de contrarios. Compróbase a disputa dos contrarios e a transformación da cousa no seu contrario. *Como se efectúa esta transformación?* Este é o novo problema que se formula.

Pódese pensar que esta transformación se efectúa pouco a pouco, a través dunha serie de pequenas transformacións, que a mazá verde se transforma nunha mazá madura mediante unha serie de pequenos cambios progresivos.

Do mesmo xeito, moita xente pensa que a sociedade se transforma pouco a pouco e que o resultado dunha serie desas pequenas transformacións será a transformación da sociedade capitalista na sociedade socialista. Estas pequenas transformacións son as reformas, e será a súa totalidade, a suma dos pequenos cambios graduais, o que nos dará unha sociedade nova.

Esta é a teoría que se chama o *reformismo*. Chámase reformista aos partidarios destas teorías non porque reclamen reformas, senón porque pensan que as reformas *abondan*, e que ao acumularse deben transformar *insensiblemente* a sociedade.

Examinemos se é certo.

1. *A argumentación política*. Se observamos os feitos, é dicir, o que pasou nos *outros* países, veremos que alí onde se ensaiou este sistema non tivo éxito. A transformación da sociedade capitalista –a súa destrución- tivo éxito nun só país: a URSS, e comprobamos que non foi mediante unha serie de reformas, senón por unha revolución.
2. *A argumentación histórica*. É certo que, dunha maneira xeral, as cousas se transforman por pequenos cambios, por reformas?

Vexamos sempre os feitos. Se examinamos os cambios históricos, veremos que non se producen *indefinidamente*, que non son continuos. Chega un momento no que, en troques de *pequenos* cambios, o cambio ven dado por un salto brusco.

Na historia das sociedades, os acontecementos notábeis que comprobamos son cambios bruscos, revolucións.

Nos nosos días, aínda aqueles que non coñecen a dialéctica saben que na historia se produciron cambios violentos; porén, até o século XVII se pensaba que «a natureza non dá saltos»; non se querían ver os cambios bruscos na continuidade dos cambios. Pero a ciencia interveu e demostrou nos feitos que se producían cambios bruscamente. A Revolución Francesa de 1789 abriu aínda máis os ollos: era en si mesma un exemplo evidente de total ruptura co pasado. E chegouse a comprender que todas as etapas decisivas da Historia foran trastornos importantes, bruscos, repentinos. Por exemplo: dunhas relacións de amizade entre dous estados, volvíanse máis frías, despois tirantes, envelenábanse, adquirían un carácter de hostilidade, e, de súpeto, era a guerra, brusca ruptura na continuidade dos acontecementos. Ou tamén: na Alemaña, após a guerra de 1914-18, houbo un ascenso gradual do fascismo, e despois, un día Hitler tomou o poder: Alemaña entrou nunha nova fase histórica.

Hoxe, aqueles que negan estes cambios bruscos pretenden que son *accidentes*, é dicir, unha cousa que ocorre e que *puido* non ter pasado.

Explícanse así as revolucións na historia das sociedades: «Son accidentes».

Explícase, por exemplo, que a queda de Luis XVI e a Revolución Francesa ocorreron porque este monarca era un home feble e brando: «Se fose un home enérxico, non existiría a Revolución». Lese incluso que se non houbera prolongado a súa comida en Varennes, non sería arrestado e o curso da historia cambiaría. Polo tanto, din, a Revolución Francesa é un accidente.

Pola contra, a dialéctica recoñece que as revolucións son *necesidades*. Hai moitos cambios continuos, mais ao acumularse terminan por producir cambios bruscos.

3. *A argumentación científica*. Tomemos o exemplo da auga. Partindo de 0° e facendo subir a temperatura da auga a 1°, 2°, 3° até 98°, o cambio é continuo. Pero, pode continuar así indefinidamente? Chegamos até 99°, pero aos 100° temos un cambio brusco: a auga *transformase en vapor*.

Se, á inversa, de 99° descendemos até 1°, teremos de novo un cambio continuo, pero non poderemos descender así indefinidamente, porque a 0° a auga *se transforma* en xeo.

De 1° a 99°, a auga segue sendo sempre a auga; só cambia a súa temperatura. Isto é o que se chama un *cambio cuantitativo*, que responde á pregunta ‘canto?’, é dicir, ‘canta calor na auga?’. Canda a auga se transforma en xeo ou en vapor, temos un *cambio cualitativo*, un cambio de calidade. Xa non é auga, transformouse en xeo ou en vapor.

Cando a cousa non cambia de natureza temos un cambio cuantitativo, (no exemplo da auga, temos un cambio de graos de calor, pero non de natureza). Cando cambia de natureza, cando a cousa se converte *noutra* cousa, o cambio é cualitativo.

Por conseguinte, vemos que a evolución das cousas non pode ser indefinidamente cuantitativa; ao transformarse as cousas experimentan, finalmente, un cambio cualitativo. *A cantidade transformase en calidade*. Esta é unha lei xeral. Pero, como sempre, non hai que aterse unicamente a esta fórmula abstracta.

No libro de Engels, *Anti-Dühring*, no capítulo “Dialéctica, cantidade e calidade”, atópanse un grande número de exemplos que farán comprender que, en todo como nas ciencias da natureza, se verifica a exactitude da lei, segunda a cal

«en certos graos do cambio cuantitativo prodúcese repentinamente unha conversión cualitativa.»<sup>50</sup>

Poñemos outro exemplo, citado por H. Wallon no tomo VIII da Enciclopedia Francesa (onde se remite a Engels): a enerxía nerviosa acumulada nun neno provoca o riso, pero se continúa aumentando, o riso pasa a transformarse en crise de bágoas; así, cando os nenos se excitan e rin demasiado, terminan por chorar.

Daremos outro exemplo dabondo coñecido: o do home que presenta a súa candidatura a un cargo calquera. Se fan falla 4.500 votos para obter a maioría absoluta, o candidato non é elixido con 4.499 votos, segue a ser o que é: un candidato. Cun voto máis, este cambio cuantitativo determina un cambio cualitativo, posto que o candidato que era se converte nun electo.

Esta lei apórtanos a solución do problema: reforma ou revolución.

Os reformistas dinnos: «Vostedes pretender cousas imposíbeis que só ocorren por accidente: son utopías!» Mais por esta lei, vemos claramente quen son os que soñan con cousas imposíbeis... O estudo dos fenómenos da natureza e da ciencia amósanos que os cambios non son indefinidamente continuos, senón que nun certo momento o cambio se volve brusco. Non é unha afirmación arbitraria nosa: afirmano a ciencia, a natureza, a realidade!

Pódese preguntar: que papel desempeñamos nós nestas transformacións bruscas?

Imos responder a esta pregunta e a desenvolver este problema mediante a aplicación da dialéctica á Historia. Chegamos a unha parte moi célebre do materialismo dialéctico: o materialismo histórico.

## II. O MATERIALISMO HISTÓRICO

Que é o materialismo histórico? Agora que coñecemos que é a dialéctica, é, sinxelamente, a aplicación deste método á historia das sociedades humanas.

Para comprender ben isto, hai que precisar que é a historia. Quen di historia di cambio, e cambio na sociedade. A sociedade ten unha historia no curso da cal cambia continuamente; vemos producirse nela grandes acontecementos. Así xurde este problema: posto que na historia as sociedades cambian, que é o que explica eses cambios?

### 1. Como explicar a Historia?

Pregúntase, por exemplo: «Por que razón se producen unha e outra vez as guerras? Os homes deberían poder vivir en paz!»

Imos proporcionar respostas materialistas a estas preguntas.

A guerra explicada por un cardeal, é un castigo de Deus. Esta é unha resposta idealista, porque explica os acontecementos por Deus, é explicar a historia polo espírito. Aquí o espírito é o que crea e fai a historia.

Falar da Providencia tamén é unha resposta idealista. Hitler, no seu *Mein Kampf*, dinos que a historia é obra da Providencia, e agradécelle que colocara o lugar do seu nacemento na fronteira austríaca.

---

<sup>50</sup> Engels, *Anti-Dühring*.



Facer a Deus, ou á Providencia, responsábel da historia, é unha teoría cómoda: os homes nada poden e, polo tanto, nós non podemos facer nada contra a guerra, hai que deixar facer!

Do punto de vista científico, podemos defender tal teoría? Podemos atopar nos feitos a súa xustificación? Non.

A primeira afirmación materialista nesta discusión, é que a historia non é obra de Deus, senón que é *obra dos homes*. Entón, os homes poden actuar sobre a historia e poden impedir a guerra.

## 2. A Historia é obra dos homes

«Os homes fan a súa historia, calquera que sexa o xiro que esta tome, perseguindo cada un dos seus propios fins, conscientemente elixidos, e os resultados destas numerosas vontades actuando en sentidos diferentes e das súas repercusións variadas sobre o mundo exterior, son precisamente os que constitúen a historia. Trátase tamén, en consecuencia, do que queren os numerosos individuos tomados illadamente. A vontade está determinada pola paixón ou a reflexión. Pero as pancas que determinan directamente a paixón ou a reflexión son de natureza moi diversa... Aínda se pode preguntar... cales son as causas históricas que se transforman neses motivos nos cerebros dos homes que actúan.»<sup>51</sup>

Este texto de Engels dinos, pois, que son os homes os que actúan segundo as súas vontades, pero que estas vontades non van sempre no mesmo sentido! Que é o que *determina*, que é o que produce, entón, as accións dos homes? Por que as súas vontades non van no mesmo sentido?

Certos idealistas consentirán en dicir que son as accións dos homes as que fan a historia e que estas accións resultan da súa vontade: é a vontade a que determina a acción, e son os nosos pensamentos ou sentimentos os que determinan a nosa vontade. Teríamos, pois, o proceso seguinte: idea-vontade-acción, e para *explicar* a acción seguiremos o sentido inverso, a busca da idea, causa determinante.

Estabelezamos enseguida que a acción dos grandes homes e das doutrinas non pode negarse, pero que necesita ser explicada. Non é o proceso idea-vontade-acción o que o explica. Así, hai quen pretenden que no século XVIII, Diderot e os Enciclopedistas, ao difundir entre o público a teoría dos Dereitos do Home, mediante estas ideas seduciron e gañaron a vontade dos homes que, en consecuencia, fixeron a revolución; do mesmo xeito, na URSS espalláronse as ideas de Lenin e a xente actuou de acordo con esas ideas. E conclúese que se non houbera ideas revolucionarias, non habería revolución. Este punto de vista é o que fai dicir que as forzas motrices da Historia son as ideas dos grandes xefes; que son os que fan a Historia. Vostedes coñecen a fórmula de *Acción Francesa*<sup>52</sup>: «40 reis fixeron Francia»; poderíase engadir: reis que, porén, non tiñan moitas 'ideas'!

Cal é o punto de vista materialista sobre esta cuestión?

Vimos que entre o materialismo do século XVIII e o materialismo moderno, había moitos puntos comúns, pero que o antigo materialismo tiña unha teoría idealista da historia.

«O antigo materialismo –di Engels– aprecia todo segundo os motivos da acción, divide aos homes que exercen unha acción histórica en bos e malos, e comproba que, polo xeral, os bos son os enganados e os malos os vencedores, de onde resulta para o antigo materialismo que o estudo da historia non nos ensina cousas moi edificantes!, e para nós, que no dominio histórico o antigo materialismo é infiel a si mesmo, porque toma as

---

<sup>51</sup> Engels, *L. Feuerbach*.

<sup>52</sup> Movemento monárquico e reaccionario na Francia anterior á Segunda Guerra Mundial.

forzas motrices ideais que alí son activas como causas últimas, no canto de examinar o que hai detrás delas.»<sup>53</sup>

Polo tanto, xa sexa francamente idealista ou disimulada tras un idealismo inconsecuente, esta teoría idealista que acabamos de ver e que parece explicar a historia, non explica nada. Porque, *quen provocou a acción?* A vontade, as ideas –din. Pero, *por que* os filósofos do século XVIII tiveron *precisamente* esas ideas? Se trataran de expoñer o marxismo, ninguén os tería escoitado, porque nesa época a xente non os comprendería. O que conta non é só o feito de dar ideas, tamén é necesario que sexan comprendidas; en consecuencia, hai *épocas determinadas* para aceptar as ideas e tamén para forxalas.

Dixemos sempre que as ideas teñen unha grande importancia, mais debemos ver *de onde* proveñen.

Polo tanto, debemos investigar cales son as causas que nos dan esas ideas, cales son, en definitiva, *as forzas motrices da Historia*.

## LECTURAS

Engels, *Anti-Dühring*, cap. XII, “Dialéctica. Cantidade e calidade”.

Lenin, *Materialismo e empiriocriticismo*, “A propósito da dialéctica”.

Engels, *Ludwig Feuerbach*, cap. IV, “O materialismo dialéctico”.

---

<sup>53</sup> Engels, *L. Feuerbach*.

**QUINTA PARTE**  
**O MATERIALISMO HISTÓRICO**

## **CAPÍTULO PRIMEIRO**

### **AS FORZAS MOTRICES DA HISTORIA**

Tan só formular esta cuestión: de onde proveñen as nosas ideas?, e vemos que é preciso ir alén nas nosas investigacións. Se razoamos como os materialistas do século XVIII, que pensaban que «o cerebro segrega o pensamento como o fígado segrega a bile», responderemos a esta cuestión dicindo que a natureza é a que produce o espírito e que, xa que logo, as nosas ideas son o produto da natureza, que son o produto do cerebro.

Dirase, pois, que a *Historia* está feita pola *acción* dos homes impulsados pola súa vontade, sendo esta a expresión das súas *ideas* que á súa vez proveñen do seu cerebro. Mais, atención!

#### **I. UN ERRO QUE DEBE EVITARSE**

Se explicamos que a Revolución Francesa é o resultado da aplicación das ideas nadas no cerebro dos filósofos, esta será unha explicación limitada, insuficiente, e unha mala aplicación do materialismo.

Porque o que hai que ver é *por que* esas ideas lanzadas polos pensadores daquela época foron captadas polas masas. Por que Diderot non foi o único que as elaborou e por que razón, desde o século XVI, unha grande maioría dos cerebros elaboraron as mesmas ideas?

É porque os cerebros tiveron repentinamente o mesmo peso, as mesmas circunvolucións? Non. Hai cambios nas ideas, e non se produce cambio na caixa cranial.

Esta explicación das ideas polo cerebro *semella* unha explicación materialista. Pero falar do cerebro de Diderot e, de feito, falar das *ideas* do cerebro de Diderot. Polo tanto, é unha teoría materialista falseada, abusiva, na que vemos renacer, coas ideas, a tendencia idealista.

Volvamos ao encadeamento: a historia-acción-vontade-ideas. As ideas teñen un sentido, un contido; a clase obreira, por exemplo, loita polo derrocamento do capitalismo. Isto é pensado polos obreiros en loita. Pénsano porque teñen un cerebro, e o cerebro é, pois, unha *condición necesaria* para pensar; pero non unha condición *suficiente*. O cerebro explica o feito material de ter ideas, pero non explica que se teñan estas ideas e non outras.

«Todo o que pon en movemento aos homes debe pasar necesariamente polo seu cerebro, pero a forma que isto toma no seu cerebro depende moito das circunstancias.»<sup>54</sup>

Como podemos explicar, pois, o contido das nosas ideas, é dicir, como se nos ocorre a idea de derrubar o capitalismo?

#### **II. O ‘SER SOCIAL’ E A CONSCIENCIA**

Sabemos que as nosas ideas son o reflexo das cousas; os fins perseguidos polas nosas ideas son tamén o reflexo das cousas, pero, de que cousas?

Para responder a esta pregunta, é preciso ver *onde* viven os homes e onde se manifestan as súas ideas. Comprobamos que os homes viven nunha sociedade capitalista e que as súas ideas se manifestan nesta sociedade e proceden dela.

---

<sup>54</sup> Engels, *L. Feuerbach*.

«Polo tanto, non é a consciencia dos homes a que determina o seu ser; á inversa, é o seu ser social o que determina a súa consciencia.»<sup>55</sup>

Nesta definición, o que Marx chama ‘o seu ser’ son os homes, o que somos; a ‘consciencia’ é o que pensamos, o que queremos.

Loitamos por un ideal profundamente arraigado en nós, dise xeralmente, e diso resulta que é a nosa *consciencia* a que determina o noso *ser*; actuamos porque o pensamos, porque o queremos.

Un ‘*ser*’ proletario *pensa* como proletario; e un ‘*ser*’ burgués *pensa* como burgués (máis adiante veremos, por outra parte, por que non sempre é así). Pero polo xeral

«nun pendello non se pensa do mesmo xeito que nun pazo.»<sup>56</sup>

### III. TEORÍAS IDEALISTAS

Os idealistas din que un proletario ou un burgués son un ou outro porque *pensan* como un ou outro.

Pola contra, nós dicimos que, se *pensan* como un proletario ou como un burgués, é porque *son* un ou outro. Un proletario ten unha consciencia de clase proletaria porque é proletario.

O que temos que subliñar é que a teoría idealista implica unha consecuencia práctica. Se se é burgués –din- é porque se *pensa* como un burgués; para non selo, pois, abonda con cambiar a maneira de pensar e, para facer cesar a explotación burguesa, abonda con efectuar un traballo de *convicción* entre os patróns. Esta é unha teoría defendida polos socialistas cristiáns; foi tamén a dos fundadores do socialismo utópico.

Pero tamén é a teoría dos fascistas que loitan contra o capitalismo non para suprimilo senón para facelo máis ‘razoábel!’. Cando a patronal comprende que explota aos obreiros –din- non o fará máis. Temos aquí unha teoría completamente idealista, cuxos perigos son visíbeis.

### IV. O ‘SER SOCIAL’ E AS CONDICIÓNS DE EXISTENCIA

Marx fálanos do ‘ser social’. Que entende por iso?

O ‘ser social’ está determinado polas condicións materiais de existencia nas que viven os homes na sociedade.

Non é a consciencia dos homes a que determina as súas condicións materiais de existencia, senón que son as condicións materiais as que determinan a súa consciencia.

A que se chama condicións materiais de existencia?

Na sociedade hai ricos e pobres e a súa maneira de pensar é diferente, as súas ideas sobre un mesmo asunto son diferentes. Coller o metro é un luxo para un pobre ou un desempregado, mais para un rico que tivo un coche, é un signo de decadencia.

As idas do pobre sobre o metro, posúeas porque é pobre ou porque colle o metro? Porque é pobre. Ser pobre é a súa condición de existencia.

Entón é necesario ver *por que* hai ricos e pobres para poder explicar as condicións de existencia dos homes.

---

<sup>55</sup> C. Marx, prefacio da *Contribución á crítica da economía política*, en *Estudos Filosóficos*.

<sup>56</sup> Engels, *L. Feuerbach*.

Un grupo de homes que ocupan unha posición análoga no proceso económico de produción (é dicir, que no réxime capitalista actual posúen os medios de produción ou, pola contra, que traballan con medios de produción que non lles pertencen), e que, en consecuencia, teñen en certa medida as mesmas condicións materiais de existencia, forman unha clase, pero a noción de clase non se reduce á riqueza ou pobreza. Un proletario pode gañar máis que un burgués, non por iso é menos proletario, porque depende dun patrón e porque a súa vida non está *asegurada* nin é *independente*. As condicións materiais de existencia non están constituídas só polo diñeiro gañado, senón pola *función social*, e entón temos o encadeamento seguinte:

Os homes fan a súa *historia* pola súa *acción* segundo a súa *vontade* que é a expresión das *súas ideas*. Estas proveñen das súas condicións de existencia material; é dicir, da súa pertenza a unha *clase*.

## V. A LOITA DE CLASES, MOTOR DA HISTORIA

Os homes actúan porque teñen certas ideas. Deben estas ideas ás súas condicións materiais de existencia, porque pertencen a unha ou a outra clase. Isto non quere dicir que existan só dúas clases na sociedade: hai unha cantidade de clases, das cales principalmente dúas están en loita: burguesía e proletariado.

Polo tanto, baixo as ideas atopamos as clases.

A sociedade está dividida en clases, que loitan unha contra a outra. Así, se se examinan as ideas dos homes, comprobamos que esas ideas están en pugna, e baixo estas ideas atopamos ás clases que tamén están en pugna.

En consecuencia, as forzas motrices da Historia, é dicir, *o que explica a Historia, é a loita de clases*.

Se tomamos como exemplo o déficit permanente do presuposto, vemos que hai dúas solucións: unha consiste en continuar o que se chama a ortodoxia financeira: economías, empréstitos, novos impostos, etc.; e a outras consiste en facer pagar aos ricos.

Comprobamos unha loita política ao redor destas ideas e, en xeral, ‘laméntase’ que non sexa posíbel poñerse de acordo; pero o marxista quere comprender e investigar o que se atopa baixo a loita política; descobre entón a loita social, é dicir, a loita de clases. Loita entre aqueles que son partidarios da primeira solución (os capitalistas) e aqueles que son partidarios de facer pagar aos ricos (as clases media e o proletariado).

«Está probado, polo tanto –dirá Engels- que, cando menos na historia moderna, todas as loitas políticas son loitas de clases, e que todas as loitas emancipadoras de clases, malia a súa necesaria forma política –porque toda loita de clases é unha loita política- xiran ao redor da emancipación económica.»<sup>57</sup>

Así podemos engadir un chanzo ao encadeamento que xa coñecíamos para explicar a historia; temos: *a acción, a vontade, as ideas*, baixo as cales se atopan as *clases* e detrás das clases está a *economía*. *Polo tanto, son, indubidabelmente, as loitas de clases as que explican a historia, pero é a economía a que determina as clases*.

Se queremos explicar un feito histórico, debemos examinar cales son as ideas en loita, buscar as clases baixo as ideas e definir por último o modo económico que caracteriza as clases.

---

<sup>57</sup> Engels, *L. Feuerbach*. Ver tamén Marx-Engels, *Manifiesto Comunista*, e Lenin, *C. Marx e a súa doutrina*.

Pódese preguntar aínda de onde proceden as clases e o modelo económico (os dialéctico non temen formular todas estas cuestións sucesivas porque saben que é preciso encontrar a fonte de todas as cousas). É o que estudaremos polo miúdo no próximo capítulo, mais xa sabemos dicir:

Para saber *de onde* proceden as clases, hai que estudar a historia da sociedade, e entón veremos que as clases en disputa non foron sempre as mesmas. No mundo clásico: os escravos e os amos; na Idade Media: os servos e os señores; despois, simplificando esta enumeración, a burguesía e o proletariado.

Comprobamos nesta cadro que as clases cambian, e, se investigamos por que cambian, veremos que é porque *as condicións económicas* cambiaron (as condicións económicas son: a estrutura da produción, da circulación, do reparto, do consumo das riquezas, e, como última condición de todo o demais, a *maneira* de producir, a técnica).

A continuación un texto de Engels:

«Burguesía e proletariado formáranse o un ao outro como consecuencia dunha transformación das condicións económicas, máis exactamente, do modo de produción. Primeiro é o paso do oficio corporativo á manufactura, e da manufactura á grande industria co seu modo de explotación mecánica a vapor, o que desenvolverá estas dúas clases.»<sup>58</sup>

Polo tanto, vemos que, definitivamente, as forzas motrices da Historia se manifestan polo encadeamento seguinte:

- a) A Historia é obra dos *homes*.
- b) A *acción*, que fai a Historia, é determinada pola vontade.
- c) Esta vontade é a expresión das súas *ideas*.
- d) Estas ideas son o reflexo das *condicións sociais* nas cales viven.
- e) Son estas condicións sociais as que determinan as *clases* e as súas loitas.
- f) As clases son á súa vez determinadas polas *condicións económicas*.

Para establecer con precisión baixo que formas e en que condicións se desenvolve este encadeamento, digamos que:

1. As *ideas* tradúcense na vida no *plano político*.
2. As *loitas de clase* que se atopan detrás das loitas de ideas tradúcense no *plano social*.
3. As *condicións económicas* (que son determinadas polo estado da técnica) tradúcense no *plano económico*.

## LECTURAS

Marx, Estudos filosóficos. Prefacio da *Contribución á crítica da economía política*.

Marx e Engels, *Manifesto Comunista*.

---

<sup>58</sup> Engels, *L. Feuerbach*.

## **CAPÍTULO SEGUNDO**

### **DE ONDE PROVEÑEN AS CLASES E AS CONDICIÓNNS ECONÓMICAS?**

Xa vimos que as forzas motrices da Historia son as clases e as súas loitas determinadas *polas condicións económicas*.

Isto prodúcese mediante o encadeamento seguinte: os homes teñen ideas que os fan actuar. Estas ideas nacen das condicións materiais de existencia nas cales viven. Estas condicións materiais de existencia están determinadas polo lugar social que ocupan na sociedade, é dicir, pola clase á que pertencen e, á súa vez, as clases están determinadas polas condicións económicas nas que evoluciona a sociedade.

Pero entón debemos ver que determina as condicións económicas e as clases que estas crean. É o que imos estudar.

#### **I. PRIMEIRA GRANDE DIVISIÓN DO TRABALLO**

Ao estudar a evolución da sociedade e analizando os feitos do pasado, compróbase ante todo que a división da sociedade en clases non existiu sempre. A dialéctica quere que investiguemos a orixe das cousas; e ben: comprobamos que nun pasado moi afastado non había clases. En *A orixe da familia, da propiedade privada e do Estado*, Engels di:

«En todos os estadios inferiores da sociedade, a produción era esencialmente común; non hai unha clase, unha categoría de traballadores, despois outra. O consumo dos produtos creados polos homes tamén era común. Ese é o *comunismo primitivo*.»

Todos os homes participan na produción; os instrumentos individuais de traballo son propiedade privada, pero os que se usan en común pertencen á comunidade. A división do traballo só existe, nese estadio inferior, entre os *sexos*. O home caza, pesca, etc.; a muller coida a casa. Non hai intereses particulares ou 'privados' en xogo.

Pero os homes non se mantiveron nese período, e o primeiro cambio na vida dos homes será a división do traballo na sociedade.

«No modo de produción deslízase lentamente a *división do traballo*.»<sup>59</sup>

Este primeiro feito prodúcese alí onde os homes

«estiveron en presenza de animais que primeiro se deixaron domesticar e despois criar. Un certo número de tribos, as máis adiantadas... fixeron da cría de gando a súa primeira rama de traballo. Tribos de pastores separáronse da masa dos bárbaros. Foi a primeira grande división do traballo.»<sup>60</sup>

Temos, pois, como primeiro modo de produción: caza, pesca; segundo modo de produción; crianza de gando, que dá nacemento ás tribos de pastores.

Esta primeira división do traballo está na base da

---

<sup>59</sup> Engels, *A orixe da familia, da propiedade social e do Estado*.

<sup>60</sup> Engels, *Obra citada*.



## II. PRIMEIRA DIVISIÓN DA SOCIEDADE EN CLASES

«O crecemento da produción en todas as súas ramas –crianza de gando, agricultura, oficios domésticos- deu á forza de traballo humano a capacidade de crear máis produtos que os necesarios para o mantemento. Medrou ao mesmo tempo a suma cotiá de traballo que incumbía a cada membro da *gens*, da comunidade doméstica ou da familia illada. Fíxose desexábel englobar forzas de traballo novas. A guerra proporcionounas: os prisioneiros de guerra foron transformados en escravos. Por mor do aumento da produtividade do traballo e, por conseguinte, da riqueza, e estender o campo da produción, a primeira grande división social do traballo tiña como consecuencia necesaria, no conxunto desas condicións históricas, a escravitude. Da primeira grande división social do traballo naceu a primeira grande escisión da sociedade en dúas clases: amos e escravos, explotadores e explotados.»<sup>61</sup>

«Chegamos así ao limiar da civilización... No estadio máis inferior, os homes só producían directamente para as súas propias necesidades; os poucos actos de intercambio que tiñan lugar eran illados e só atinxían ao superfluo do que se dispuña ao chou. No estadio medio da barbarie atopamos xa que o gando, entre os pobos pastores, é unha propiedade... e aparecen as condicións para un intercambio regular.»<sup>62</sup>

Polo tanto, neste movemento temos dúas clases na sociedade: amos e escravos. Despois a sociedade continuará vivindo e experimentando novos desenvolvementos. Unha nova clase nacerá e crecerá.

## III. SEGUNDA GRANDE DIVISIÓN DO TRABALLO

«A riqueza acrecentou rapidamente, pero en forma de riqueza individual; o tecido, o traballo dos metais e os outros oficios, que se separaban cada vez máis, deron á produción unha variedade e unha perfección crecentes; a agricultura, ademais do gran... proporcionou no sucesivo o aceite e tamén o viño... Unha faena tan variada xa non podía ser exercida polo mesmo individuo; efectuouse *a segunda grande división do traballo*; o oficio separouse da agricultura. O crecemento constante da produción, e con ela da produtividade do traballo, aumentou o valor da forza de traballo humano; a escravitude vólvese agora un elemento esencia do sistema social... Por ducias empúrraselles (aos escravos) ao traballo... Da escisión da produción en dous sectores principais, a agricultura e os oficios, nace a produción directa para o intercambio, a produción mercantil, e con ela o comercio...»<sup>63</sup>

## IV. SEGUNDA DIVISIÓN DA SOCIEDADE EN CLASES

Desta maneira, a primeira grande división do traballo fai medrar o valor do traballo humano, crea un acrecentamento da riqueza que aumenta novamente o valor do traballo e que obriga a unha segunda división do traballo: oficios e agricultura. Neste momento, o continuo crecemento da produción, e paralelamente do valor da forza de traballo humano, fai 'indispensábel' aos escravos, crea a produción mercantil e, con ela, unha terceira clase: *a dos comerciantes*.

---

<sup>61</sup> Engels, *Obra citada*.

<sup>62</sup> Engels, *Obra citada*.

<sup>63</sup> Engels, *Obra citada*.

Neste momento temos na sociedade, pois, unha tripla división do traballo e tres clases: agricultores, artesáns, comerciantes. Vemos aparecer, por vez primeira, unha clase que *non participa na produción*, e esta clase, a clase dos comerciantes, vai dominar ás outras dúas.

«O estadio superior da barbarie ofrécenos unha división máis grande aínda do traballo... de onde deriva unha porción sempre crecente de resultados do traballo directamente producido para o cambio, e de aí, elevación do cambio... ao rango de *necesidade vital* da sociedade. A civilización consolida e reforza todas estas divisións do traballo xa existentes, sobre todo acentuando o antagonismo entre cidade e campo... e engade unha terceira división do traballo que lle é propia e ten unha importancia capital: xera unha clase que xa non se ocupa da produción, senón unicamente do cambio dos produtos: *os comerciantes*.

Esta clase transfórmase na intermediaria entre produtores. Baixo o pretexto de aforrar aos produtores das fatigas e os riscos do cambio, de estender a saída dos seus produtos até os mercados afastados e chegar así a ser a clase máis útil da poboación, fórmase unha clase de parasitos, unha clase de verdadeiros lacazáns da sociedade, que como compensación por servizos mesquiños, recolle a nata da produción patria e estranxeira, amasa rapidamente riquezas enormes e unha influencia social proporcionada a estas e, por iso mesmo, durante o período da civilización, vai ocupando unha posición máis e máis honorífica, acadando un dominio cada vez maior sobre a produción, até que acaba por dar a luz tamén un produto propio dela: as crises comerciais periódicas.»<sup>64</sup>

Vemos o encadeamento que, partindo do comunismo primitivo, nos leva ao capitalismo.

1. Comunismo primitivo.
2. División entre tribos salvaxes e pastoras (primeira división do traballo: amos e escravos).
3. División entre os agricultores e os artesáns de oficios (segunda división do traballo).
4. Nacemento da clase dos comerciantes (terceira división do traballo) que
5. Xera as crises comerciais periódicas (capitalismo).

Agora que sabemos de onde proveñen as clases é hora de estudar:

## V. O QUE DETERMINA AS CONDICIÓNS ECONÓMICAS

Primeiro debemos pasar revista moi brevemente ás diversas sociedades que nos precederon:

Carecemos de documentos para estudar polo miúdo a historia das sociedades que precederon ás sociedades antigas; mais sabemos, por exemplo, que entre os gregos existían amos e escravos e que a clase dos comerciantes comezaba xa a desenvolverse. Despois, na Idade Media, a sociedade feudal, con señores e servos, permite aos comerciantes tomar cada vez maior importancia. Agrúpanse cerca dos castelos, no seo dos *burgos* (de onde deriva o nome de burgueses); por outra parte, na Idade Media, antes da produción capitalista, só existía a pequena produción, cuxa condición principal era que o produtor fora dono dos seus instrumentos de traballo. Os medios de produción pertencían ao individuo e só estaban adaptados ao uso individual. Xa que logo, eran mesquiños, pequenos, limitados. Concentrar e ampliar eses medios de produción, transformalos en poderosas pancas da produción moderna, era o papel histórico da produción capitalista e da burguesía...

«A partir do século XV, a burguesía cumpriu esta obra avanzando nas tres fases históricas: da *cooperación simple*, da *manufactura* e da *grande industria*... Arrincando

---

<sup>64</sup> Engels, *Obra citada*.

eses medios de produción do seu illamento, concentrándoos... cambia a *súa mesma natureza* e de individuais pasan a *sociais*.»<sup>65</sup>

Vemos que paralelamente á evolución das clases (amos, escravos; señores e servos), evolucionan as condicións de produción e de circulación, de distribución das riquezas, é dicir, as condicións económicas, e que esta evolución económica segue paso a paso e paralelamente a evolución dos *modos de produción*. Son, polo tanto

## VI. OS MODOS DE PRODUCCIÓN

É dicir, o estado dos instrumentos, das ferramentas, a súa utilización, os métodos de traballo, nunha palabra, o estado da técnica-, os que determinan as condicións económicas.

«Se anteriormente as forzas dun individuo, ou, como moito, dunha familia, abondarían para facer traballar os vellos medios de produción illados, agora era necesario todo un batallón de obreiros para poñer en movemento eses medios de produción concentrados. O vapor e a máquina-ferramenta terminaron e completaron esta metamorfose... O taller individual (é substituído por) a fábrica; que reclama a cooperación de centos e milleiros de obreiros. Dunha serie de actos individuais, a produción transfórmase nunha serie de actos sociais.»<sup>66</sup>

Vemos aquí que a evolución dos *modos* de produción transformou totalmente as *forzas* produtivas. As ferramentas de traballo volvéronse colectivas, *pero o réxime de propiedade seguiu sendo individual!* As máquinas que non poden funcionar senón por obra dunha colectividade seguiron sendo propiedade dun só home. Así, vemos que

«(as forzas produtivas) puxan cara ao recoñecemento práctico do seu carácter real, o das forzas produtivas sociais... (elas) impoñen a grandes cantidades de medios de produción a socialización, que se manifesta en forma de sociedades por accións... Esta forma vólvese insuficiente tamén... O Estado debe tomar a dirección desas forzas produtivas... a burguesía volveuse superflua. Todas as funcións sociais dos capitalistas son cumpridas... por empregados asalariados.»<sup>67</sup>

Deste modo fican en evidencia as contradicións do réxime capitalista:

«Por un lado, perfeccionamento do maquinismo, o que se volveu obrigatorio... por mor da competencia e equivalente á eliminación sempre crecente de obreiros... Doutro lado, extensión ilimitada da produción igualmente obligatoria. Dos dous lados, desenvolvemento *inaudito* das forzas produtivas, exceso da oferta sobre a demanda, superprodución, crise... o que nos leva a: superabundancia de produción... e superabundancia de obreiros sen traballo, sen medios de existencia.»<sup>68</sup>

Hai contradición entre o traballo que se volveu social, colectivo, e a propiedade que continúa sendo individual. E entón diremos con Marx:

«Estas relacións, que eran formas de desenvolvemento das forzas produtivas, convértense en eivas. *Ábrese entón un período de revolución social.*»<sup>69</sup>

---

<sup>65</sup> Engels, *Socialismo utópico e socialismo científico*.

<sup>66</sup> Engels, *Obra citada*.

<sup>67</sup> Engels, *Obra citada*.

<sup>68</sup> Engels, *Obra citada*.

<sup>69</sup> Marx, prefacio á *Contribución á crítica da economía política*, en *Estudios Filosóficos*.

## VII. OBSERVACIÓNS

Antes de rematar este capítulo, é preciso facer algunhas observacións e subliñar que neste estudo atopamos todos os principios e as leis da dialéctica que acabamos de estudar.

En efecto, acabamos de recorrer moi rapidamente a historia das sociedades, das clases e dos modos de produción. Vemos até que punto cada parte deste estudo é dependente das outras. Comprobamos que esta historia está sempre en movemento e que os cambios que se producen en cada estadio da evolución das sociedades son provocados por unha loita interna, loita entre os elementos de conservación e de progreso, loita que desemboca na destrución de cada sociedade e no nacemento dunha nova. Cada unha delas ten un carácter, unha estrutura moi diferente á precedente. Estas transformacións radicais opéranse despois dunha acumulación de feitos que en si mesmos semellan insignificantes, pero que en certo momento crean pola súa acumulación unha situación de feito que provoca un cambio brutal, revolucionario.

Atopamos de novo os principios das grandes leis xerais da dialéctica, é dicir:

A interdependencia dos cousas e dos feitos.

O movemento e o cambio dialéctico.

O autodinamismo.

A contradición.

A acción recíproca.

E a evolución por saltos (transformacións da cantidade en calidade).

## LECTURAS

*Engels, A orixe da familia, da propiedade privada e do Estado.*

*Engels, Socialismo utópico e socialismo científico.*

**SEXTA PARTE**  
**O MATERIALISMO DIALÉCTICO**  
**E AS IDEOLOXÍAS**

## CAPÍTULO ÚNICO

### APLICACIÓN DO MÉTODO DIALÉCTICO ÁS IDEOLOXÍAS

#### I. CAL É A IMPORTANCIA DAS IDEOLOXÍAS PARA O MARXISMO?

A cotío podemos escoitar que o marxismo é unha filosofía materialista que nega o papel das ideas na historia, que nega o papel do factor ideolóxico e que só quere ter en conta as influencias económicas.

ISTO É FALSO. O marxismo non nega o papel importante que ten na vida o espírito, a arte, as ideas. Pola contra, atribúe unha particular importancia a esas formas ideolóxicas e remataremos este estudo dos principios elementais do marxismo examinando como se aplica ás ideolóxicas o método do materialismo dialéctico; imos ver cal é o papel das ideolóxicas na historia, a acción *do factor ideolóxico* e que é a *forma ideolóxica*.

Esta parte do marxismo que imos estudar é o punto peor coñecido desta filosofía. A razón é que durante moito tempo se tratou e difundiu especialmente a parte do marxismo que estuda a economía política. Procedendo así, non só se separaba arbitrariamente esta materia do gran 'todo' que forma o marxismo, senón que tamén se separaba das súas bases; porque o que permitiu facer da economía política unha verdadeira ciencia é o *materialismo histórico* que, como xa vimos, é unha aplicación do materialismo dialéctico.

Pódese sinalar que esta maneira de proceder provén seguramente do espírito metafísico que coñecemos e do que tanto nos custa desprendernos. Cometemos erros –repitámolo– ao illar as cousas, ao estudalas de forma unilateral.

Por conseguinte, as malas interpretacións do marxismo proveñen do feito de que non se insistiu suficientemente no papel das ideolóxicas na historia e na vida. Afastáronas do marxismo e, ao facelo, separouse o marxismo do materialismo dialéctico, é dicir, de si mesmo!

Comprácenos ver que desde hai algúns anos, grazas en parte ao traballo da Universidade Obreira de París –á cal varios milleiros de alumnos debe o seu coñecemento do marxismo–, e grazas tamén ao traballo dos nosos camaradas intelectuais que contribuíron a iso cos seus traballos e os seus libros, o marxismo reconquistou a súa verdadeira cara e o lugar ao que ten dereito.

#### II. QUE É UNHA IDEOLOXÍA? (FACTOR E FORMAS IDEOLÓXICAS)

Encetaremos este capítulo, consagrado ao papel das ideolóxicas, con algunhas definicións.

A que chamamos unha *ideoloxía*? Dicir ideoloxía é dicir, ante todo, *ideas*. A ideoloxía é un conxunto de ideas que forman un todo, unha teoría, un sistema, e ás veces, simplemente, incluso un estado de ánimo.

O marxismo é unha ideoloxía que forma un todo e que ofrece un método para atopar resposta a todos os problemas. Unha ideoloxía republicana é o conxunto de ideas que atopamos no espírito dun republicano.

Pero unha ideoloxía non é só un conxunto de ideas puras, ás que se suporía separadas de todo sentimento (esta é unha concepción metafísica); unha ideoloxía implica necesariamente sentimentos, simpatías, antipatías, esperanzas, temores, etc. Na ideoloxía proletaria atopamos os elementos ideais da loita de clases, pero atopamos tamén sentimentos de solidariedade cara aos

explotados do réxime capitalista, os ‘prisioneiros’, sentimentos de rebelión, de entusiasmo, etc... Todo isto é o que forma unha ideoloxía.

Vemos agora o que se chama o *factor ideolóxico*: é a ideoloxía considerada como unha causa ou unha forza que actúa, que é quen de influenciar; e por iso falamos da *acción do factor ideolóxico*. As relixións, por exemplo, son un factor ideolóxico que debemos ter en conta; teñen unha forza moral que aínda actúa de forma importante.

Que se entende por *forma ideolóxica*? Désígnase así un conxunto de ideas particulares que forman unha ideoloxía nun campo especializado. A relixión, a moral, son formas da ideoloxía, o mesmo que a ciencia, a filosofía, a literatura, a arte, a poesía.

Polo tanto, se queremos examinar cal é o papel na historia da ideoloxía en xeral e de todas as súas formas en particular, non faremos este estudo separando a ideoloxía da historia —é dicir, da vida das sociedades—, senón situando o papel da ideoloxía, dos seus factores e das súas formas na sociedade e a partir da sociedade.

### III. ESTRUCTURA ECONÓMICA E ESTRUCTURA IDEOLÓXICA

Ao estudar o materialismo histórico, vimos que a historia das sociedades se explica polo encadeamento seguinte: os homes fan a historia pola a súa acción, expresión da súa vontade. Esta é determinada polas ideas. Comprobamos que o que explica as ideas dos homes, é dicir, a súa ideoloxía, é o medio social onde se manifestan as clases, as que a súa vez están determinadas polo factor económico, ou sexa polo modo de produción.

Vimos tamén que *entre* o factor ideolóxico e o factor social está o factor político, que se manifesta na loita ideolóxica como expresión da loita social.

Polo tanto, se examinamos a estrutura da sociedade á luz do materialismo histórico, vemos que na base se atopa a estrutura económica; despois, por riba dela, a estrutura social, que sostén a estrutura política, e por último a estrutura ideolóxica.

Vemos que para os materialistas a estrutura ideolóxica é a culminación, o cume do edificio social, mentres que para os idealistas a estrutura ideolóxica está na base.

«Na produción social da súa existencia, os homes entran en relacións determinadas, necesarias, independentes da súa vontade, relacións de produción que corresponden a un grao de desenvolvemento dado das súas forzas produtivas materiais. O conxunto desas relacións de produción constitúe a estrutura económica da sociedade, a base real sobre a cal se eleva unha superestrutura xurídica e política, e á cal corresponden formas de consciencia social determinadas (é dicir, formas ideolóxicas). O modo de produción da vida material condiciona o proceso de vida social, política e intelectual en xeral.»<sup>70</sup>

Vemos que é a estrutura económica a que está na base da sociedade. Dise tamén que é a *infraestrutura* (o que significa estrutura inferior).

A ideoloxía, que comprende todas as formas: a moral, a relixión, a ciencia, a poesía, a arte, a literatura, constitúe a *supra* ou *superestrutura* (que significa: estrutura que está na cima).

Sabendo, como o demostra a teoría materialista, que as ideas son o reflexo das cousas, que é o noso ser social o que determina a consciencia, diremos, pois, que a *superestrutura é o reflexo da infraestrutura*.

Collamos un exemplo de Engels que o demostra ben:

---

<sup>70</sup> C. Marx, prefacio á *Contribución á crítica da economía política*.

«A fe calvinista conviña aos representantes máis audaces da burguesía da época. A súa doutrina da predestinación era a expresión relixiosa do feito de que, no mundo comercial da competencia, o éxito ou o fracaso non dependen da actividade ou da habilidade dun home, senón de circunstancias sobre as cales el nada pode. Non se trata da súa vontade ou da súa acción, senón da ‘graza’ de potencias económicas superiores e descoñecidas, e isto era especialmente certo nunha época de revolución económica, na que todas as vellas rotas comerciais e todos os vellos centros do comercio eran substituídos por novas rotas e novos centros, na que a India e América se abrían ao mundo e na que os artigos de fe económica máis sagrados –o valor do ouro e da prata– comezaban a cambalear e caer.»<sup>71</sup>

En efecto, que ocorre na vida económica para os comerciantes? Están en competencia. Os comerciantes, os burgueses, fixeron a súa experiencia desta competencia na que hai vencedores e vencidos. Moitas veces, os máis listos, os máis intelixentes, son vencidos pola competencia, por unha crise que sobrevén abaténdoo. Esta crise é para eles unha cousa imprevisíbel, parécelles unha fatalidade e esta idea de que sen razón plausíbel os menos astutos sobreviven ás veces á crise, é a que foi incorporada á relixión protestante. A comprobación de que algúns triúnfan por sorte, proporciona esta idea da *predestinación* segundo a cal os homes deben padecer unha sorte fixada eternamente por Deus.

Vemos neste exemplo de reflexo das condicións económicas de que modo a superestrutura é o reflexo da infraestrutura.

Outro exemplo: tomemos a mentalidade dos obreiros non organizados sindicalmente, é dicir, non desenvolvidos politicamente; un traballa nunha grande fábrica, onde o traballo está racionalizado; o outro traballa cun pequeno artesan. Seguramente ambos terán unha concepción diferente do patrón. Para un, o patrón será o explotador feroz, característico do capitalismo; o outro verá ao patrón como a un traballador, en situación acomodada, é certo, pero traballador e non tirano.

O reflexo da súa condición de traballo determinará, pois, a súa maneira de comprender aos patróns.

Este exemplo, que é importante, lévanos, para ser precisos, a facer algunhas observacións.

#### **IV. CONSCIENCIA VERDADEIRA E CONSCIENCIA FALSA**

Acabamos de dicir que as ideoloxías son o reflexo das condicións materiais da sociedade, que é o ser social quen determina a consciencia social. Poderíase deducir disto que un proletario debe ter *automaticamente* unha ideoloxía proletaria.

Pero tal suposición non corresponde á realidade, porque hai obreiros que non teñen consciencia de obreiros.

Polo tanto, corresponden establecer unha distinción: a xente pode vivir en condicións determinadas, pero a consciencia que ten diso pode non corresponder á realidade. É o que Engels chama: «ter unha consciencia falsa».

Exemplo: certos obreiros están influenciados pola doutrina do corporativismo que significa un retorno á Idade Media, ao artesanado. Neste caso, hai consciencia da miseria dos obreiros, pero non é unha consciencia correcta e verdadeira. Aí a ideoloxía é efectivamente un reflexo das condicións de vida social, pero non é un reflexo fiel, un reflexo exacto.

Na consciencia da xente, o reflexo é moitas veces un reflexo ‘á inversa’.

---

<sup>71</sup> Engels, *O Materialismo Histórico*, en *Estudios Filosóficos*.



Comprobar o feito da miseria é un reflexo das condicións sociais, pero este reflexo vólvese falso cando se pensa que un retorno ao artesanado será a solución do problema. Aquí vemos, pois, unha consciencia en parte verdadeira e en parte falsa.

O obreiro que é monárquico ten tamén unha consciencia asemade verdadeira e falsa. Verdadeira porque quere suprimir a miseria que el comproba; falsa porque pensa que un rei pode facelo. E, simplemente porque razoou mal, porque elixiu mal a súa ideoloxía, este obreiro pode converterse para nós nun inimigo de clase, mentres que, porén, el *é* da nosa clase. Así, ter unha consciencia falsa, é enganarse ou ser enganado sobre a súa verdadeira condición.

Polo tanto, diremos que a ideoloxía é o reflexo das condicións de existencia, pero que non é *un reflexo* FATAL.

Debemos comprobar, por outra parte, que se empregan todos os recursos para darnos unha consciencia falsa e desenvolver a influencia das ideoloxías das clases dirixentes sobre as clases explotadas. Os primeiros elementos dunha concepción da vida que recibimos, a nosa educación, a nosa instrución, dan unha consciencia falsa. As nosas vinculacións na vida, un chisco de provincianismo nalgúns, a propaganda, a prensa, a radio, falsean tamén ás veces a nosa consciencia.

Por conseguinte, o traballo ideolóxico ten para nós, marxistas, unha extremada importancia. Hai que *destruír* a consciencia falsa para adquirir unha consciencia verdadeira e esta transformación non pode realizarse sen o traballo ideolóxico.

Aqueles que consideran e din que o marxismo é unha doutrina fatalista erran, porque o certo é que pensamos que as ideoloxías desempeñan un grande papel na sociedade, e que hai que ensinar e aprender esta filosofía que é o marxismo para convertela nunha ferramenta e unha arma eficaces.

## V. ACCIÓN E REACCIÓN DOS FACTORES IDEOLÓXICOS

Mediante os exemplos de consciencia verdadeira e consciencia falsa vimos que non sempre hai que querer explicar as ideas *só* a través da economía e negar que as ideas teñan unha acción. Proceder así sería interpretar mal o marxismo.

O certo é que as ideas se explican, *en última instancia*, pola economía, pero tamén teñen unha acción que lles é propia.

«...Segundo a concepción materialista da historia, o factor determinante na historia é, *en última instancia*, a produción e a reprodución da vida real. Nin Marx nin eu afirmamos nunca máis que iso. Se despois algún retorce isto até dicir que o factor económico é o *único* determinante, transforma esta proposición nunha frase baleira, abstracta, absurda. A situación económica é a base, pero as diversas partes da superestrutura... exercen igualmente a súa acción sobre o curso das loitas históricas e determinan, de maneira preponderante, a *forma* en moitos casos. Hai acción e reacción de todos eses factores no seo dos cales o movemento económico termina por abrirse o seu camiño como algo forzado a través do conglomerado infinito de casualidades.»<sup>72</sup>

Vemos que necesitamos examinalo *todo* antes de buscar a economía, e que, se esta é en última instancia a causa, hai que pensar sempre que non é a *única* causa.

As ideoloxías son os *reflexos* e os *efectos* das condicións económicas, pero a relación entre elas non é simple, porque comprobamos tamén unha *acción recíproca das ideoloxías* sobre a infraestrutura.

---

<sup>72</sup> Engels, *Estudios filosóficos*. Carta a Joseph Bloch.

Se queremos estudar o movemento de masas que se desenvolveu en Francia despois do 6 de febreiro de 1934, temos que facelo polo menos desde dous aspectos, para demostrar o que acabamos de escribir.

1. Algúns explican esta corrente dicindo que a causa era a crise económica. Esta é unha explicación materialista pero unilateral. Esta explicación só ten en conta un único factor: o económico (é dicir, a crise).
2. Polo tanto, este razoamento é xusto en parte, pero a condición de que se lle engada, como factor de explicación, *o que pensa a xente*: a ideoloxía. E ben, nesta corrente de masas, a xente é 'antifascista': temos aquí o factor ideolóxico. E se a xente é antifascista é grazas á propaganda que deu nacemento á Fronte Popular. Pero para que esta propaganda fose eficaz, era necesario un terreo favorábel, e o que se puido facer en 1936 non era posíbel en 1932. Finalmente, sabemos como este movemento de masas e a súa ideoloxía influenciaron posteriormente, á súa vez, na economía mediante a loita social que desencadearon.

Neste exemplo vemos, pois, que a ideoloxía, que é o reflexo das condicións sociais, se converte á súa vez nunha *causa* dos acontecementos.

«O desenvolvemento político, xurídico, filosófico, relixioso, literario, artístico, etc., apóiase no desenvolvemento económico. Pero todos reaccionan igualmente os uns sobre os outros, así como tamén sobre a base económica. Non ocorre así porque a situación económica sexa a causa, porque sexa a única activa e todo o demais non sexa máis que acción pasiva. Pola contra, hai *acción e reacción* sobre a base da necesidade económica, que prevalece sempre *en última instancia*.»<sup>73</sup>

Así é, por exemplo, que

«a base do dereito de sucesión, supoñendo a igualdade do estadio de desenvolvemento da familia, é unha base económica. Non obstante, será difícil demostrar que en Inglaterra, por exemplo, a liberdade absoluta de testar, e en Francia a súa grande limitación, só teñen, con todas as súas particularidades, causas económicas. Pero en moi alto grao, as dúas reaccionan sobre a economía polo feito de que inflúen no reparto da fortuna.»<sup>74</sup>

Tomemos un exemplo máis actual, o dos impostos. Todos temos unha idea sobre os impostos. Os riso queren librarse dos gravames e son partidarios dos impostos indirectos; os traballadores e as clases medias queren, pola contra, que os impostos fiscais sexan directos e progresivos. Deste xeito, a idea que temos respecto aos impostos, e que é un factor ideolóxico, ten a súa orixe na nosa situación económica, e que é creada, imposta, polo capitalismo. Os ricos queren conservar os seus privilexios e loitan para conservar a actual característica do sistema impositivo ou para reforzar as leis no mesmo sentido. Agora ben: estas leis, que proceden das ideas, reaccionan sobre a economía, porque matan ao pequeno comercio e ao artesanado e precipitan a concentración capitalista.

En consecuencia, vemos que as condicións económicas xeran as ideas, pero que as ideas xeran tamén modificacións nas condicións económicas, e nós debemos examinar as ideoloxías, todas as ideoloxías, tendo en conta esta *reciprocidade das relacións*, e só en última instancia, na raíz, vemos que as necesidades económicas prevalecen sempre.

Sabemos que os escritores e os pensadores son os que teñen a misión de propagar, ou defender, as ideoloxías. Os seus pensamentos e os seus escritos non sempre están ideoloxicamente moi caracterizados, pero de feito, aínda nos escritos que semellan ser simples relatos ou contos, atopamos sempre, ao analizalos, unha ideoloxía. Esta análise constitúe unha operación moi delicada e debemos efectualala con moita prudencia. Imos indicar un método de análise dialéctico que será de

---

<sup>73</sup> Engels, *Estudos filosóficos*. Carta a Heinz Starkenburg.

<sup>74</sup> Engels, *Estudos filosóficos*. Carta a Conrad Schmidt.

grande axuda, pero hai que prestar moita atención para non ser mecanicista e non querer explicar o que non é explicábel.

## VI. O MÉTODO DE ANÁLISE DIALÉCTICA

Para aplicar ben o método dialéctico, hai que coñecer moitas cousas, e cando se ignora o tema hai que estudalo minuciosamente, sen o cal só se logra simplemente facer caricaturas de xuízo crítico.

Para proceder á análise dialéctica dun libro ou dun relato literario, imos indicar un método que se poderá aplicar a outros temas.

- a) Ante todo, hai que prestar atención ao *contido* do libro ou do relato a analizar. Examínelo independentemente de toda cuestión social, porque non todo provén da loita de clases e das condicións económicas.

Hai influencias literarias, e debemos telas en conta. Tratar de establecer a que ‘escola literaria’ pertence a obra. Considerar o desenvolvemento interno das ideoloxías. Practicamente, sería bo facer un resume do tema a analizar e anotar o que nos chamou a atención.

- b) Observar despois os tipos sociais que son os heroes da intriga. *Buscar a clase* á que pertencen, examinar a acción dos personaxes e ver se se pode vincular o que acontece na novela cun punto de vista social.

Se isto non é posíbel, ser razoabelmente non pode facerse, é mellor abandonar a análise antes que inventar. Non hai que *inventar* nunca unha explicación.

- c) Cando se atopou cal é ou cales son as clases en xogo, hai que investigar a base *económica*, é dicir, cales son os modos de produción e a maneira de producir no momento no que se desenvolve a acción da novela.

Se a acción ocorre nos nosos días, por exemplo, a economía é o capitalismo. Actualmente hai numerosos relatos e novelas que critican o capitalismo. Mais hai dúas maneiras de combater o capitalismo:

1. Como revolucionario que marcha adiante.

2. Como reaccionario que quere volver ao pasado; e a miúdo, esta é a forma que se atopou nas novelas modernas; láianse dos tempos idos.

- d) Unha vez obtido todo isto, podemos entón buscar a *ideoloxía*, é dicir, ver cales son as ideas, os sentimentos, cal é a maneira de pensar do autor. Buscando a ideoloxía, pensaremos no papel que esta desempeña, no seu influxo sobre o espírito da xente que le o libro.
- e) Xa podemos dar a *conclusión* da nosa análise, dicir *por que* tal relato ou novela foi escrito en *tal momento*. E *denunciar* ou *eloxiar*, segundo os casos, as súas intencións (a miúdo inconscientes no autor).

Este método de análise só pode ser bo se se lembra, ao aplicalo, todo o que se dixo anteriormente. Hai que decatarse de que, se a dialéctica aporta unha nova maneira de comprender as cousas, esixe tamén que se coñezan ben para falar delas e analízalas.

Polo tanto, agora que vimos en que consiste o noso método, debemos procurar –nos nosos estudos, na nosa vida militante e persoal– ver as cousas no seu movemento, no seu cambio, nas súas contradicións e na súa significación histórica, e non nun estado estático, inmóbil; velas e estudalas

tamén en todos os seus aspectos e non dunha maneira unilateral. Nunha palabra, aplicar en todas partes e sempre o espírito dialéctico.

## VII. NECESIDADE DA LOITA IDEOLÓXICA

Agora sabemos mellor o que é o materialismo dialéctico, forma moderna do materialismo, fundado por Marx e Engels e desenvolvido por Lenin. Para esta obra utilizamos sobre todos os textos de Marx e Engels, pero non podemos terminar estes cursos sen sinalar particularmente que a obra filosófica de Lenin é considerábel.<sup>75</sup> Por iso falamos hoxe de marxismo-leninismo.

*Marxismo-leninismo e materialismo dialéctico están indisolubelmente unidos, e só o coñecemento do materialismo dialéctico permite medir toda a extensión, todo o alcance, toda a riqueza do marxismo-leninismo. Isto lévanos a dicir que o militante non está verdadeiramente armado ideoloxicamente se non coñece o conxunto desta doutrina.*

A burguesía, que o comprendeu ben, esfórzase por introducir a súa propia ideoloxía na consciencia dos traballadores empregando todos os medios posíbeis. Sabendo perfectamente que de todos os aspectos do marxismo-leninismo o materialismo dialéctico é o peor coñecido na actualidade, a burguesía organizou contra el a conspiración do silencio. Dá magoa pensar que o ensino oficial desestima e ignora tal método e que se continúa ensinando nas escolas e universidades da mesma maneira que hai cen anos.

Se antigamente o método metafísico primou sobre o método dialéctico é, como vimos, por mor da ignorancia dos homes. A ciencia dános hoxe os medios para demostrar que o método dialéctico é o que convén aplicar ás investigacións científicas, e é escandaloso que se continúe ensinando aos nosos nenos a pensar e estudar co método orixinado na ignorancia.

Se os sabios, nas súas investigacións científicas, xa non poden estudar a súa especialidade sen ter en conta a interpenetración das ciencias –co cal aplican inconscientemente unha parte da dialéctica-, aportan demasiado a miúdo aos seus estudos a formación de espírito que lles foi dada e que é a dun espírito metafísico. Cantos progresos realizarían os grandes sabios que xa deron grandes cousas á humanidade –pensamos en Pasteur, Branly, que eran idealistas, crentes- se tiveran unha formación de espírito dialéctico!

Pero hai unha forma de loita contra o marxismo-leninismo aínda máis perigosa que esta campaña de silencio: son as falsificacións que a burguesía trata de organizar no interior mesmo do movemento obreiro. Nestes momentos vemos florecer a numerosos ‘teóricos’ que se presentan como ‘marxistas’ e que pretenden ‘anovar’, ‘rexuvenecer’ o marxismo. *As campañas deste tipo elixen moi frecuentemente como puntos de apoio os aspectos do marxismo que son os menos coñecidos, e moi particularmente, a filosofía materialista.*

Así, por exemplo, hai xente que declara aceptar o marxismo como concepción da acción revolucionaria, pero non como concepción xeral do mundo. Declaran que se pode ser perfectamente marxista sen aceptar a filosofía materialista. Conforme a esta actitude xeral aparecen diversas tentativas de contrabando. Xente que sempre se di marxista quere introducir no marxismo concepcións que son incompatíbeis coa mesma base do marxismo, é dicir, coa filosofía materialista. No pasado coñecéronse tentativas deste xénero. Contra elas escribiu Lenin o seu libro *Materialismo e Empiriocriticismo*. Na actualidade, neste período de ampla difusión do marxismo, asistimos ao renacemento e á multiplicación destas tentativas. Como recoñecer, como desenmascarar ás que precisamente impugnan ao marxismo no seu aspecto filosófico, se se ignora a verdadeira filosofía do marxismo?

---

<sup>75</sup> Ver ‘Lenin’ no índice alfabético de nomes citados. O aporte filosófico de Lenin ao marxismo –que sería moi extenso e complexo examinar aquí- xurde claramente en *Materialismo e Empiriocriticismo* e nos *Cadernos Filosóficos*.

## VIII. CONCLUSIÓN

Felizmente, desde hai algúns anos, vemos, particularmente na clase obreira, un formidábel impulso cara ao estudo do conxunto do marxismo, e un crecente interese polo estudo da filosofía materialista. Este é un signo que indica, na situación actual, que a clase obreira sentiu perfectamente a exactitude das razóns que dimos ao comezo a prol do estudo da filosofía materialista. Os traballadores aprenderon, pola súa propia experiencia, a necesidade de vincular á práctica a teoría e, á vez, a necesidade de impulsar o estudo teórico o máis lonxe posíbel. O papel de cada militante debe consistir en reforzar esta corrente e en darlle unha dirección e un contido correctos. Comprácenos ver que, grazas á Universidade Obreira de París, varios milleiros de homes aprenderon o que é o materialismo dialéctico, e se isto ilustra á perfección a nosa loita contra a burguesía amosando *de que lado* está a ciencia, indícanos tamén o noso deber. *Hai que estudar*. Hai que coñecer e facer coñecer o marxismo en todos os ambientes. Paralelamente á loita na rúa e no lugar de traballo, os militantes deben levar a cabo a *loita ideolóxica*. O seu deber é defender a nosa ideoloxía contra todas as formas de ataque, e, ao tempo, dirixir a *contraofensiva* para a destrución da ideoloxía burguesa na consciencia dos traballadores. Pero para dominar todos os aspectos desta loita, hai que estar armado. O militante só o será verdadeiramente mediante o coñecemento do materialismo dialéctico.

Na espera da construción da sociedade sen clases, na que nada eivará o desenvolvemento das ciencias, esta é unha parte esencia do noso deber.

## ÍNDICE DE PALABRAS E NOMES CITADOS

**AGNÓSTICOS.-** Nome dado en filosofía aos que declaran que a verdade é inaccesíbel ao espírito humano.

**ALQUIMIA.-** Nome dado á química da Idade Media. Máis ca unha ciencia era unha arte, próxima á maxia, que consistía en buscar un remedio capaz de curar todos os males (panacea) e a transmutación dos metais en ouro coa ‘pedra filosofal’.

**ANÁLISE.-** Operación do espírito que consiste en descompoñer unha cousa ou unha idea nos seus elementos.

**ANATOMÍA.-** Ciencia que estuda a estrutura dos seres.

**ANAXIMES DE MILETO (século VI antes da nosa era).-** Filósofo da escola de Xonia. Sucedeu ao seu mestre Anaximandro e tivo como discípulos a Anaxágoras e a Dióxenes de Apolonia. Segundo el o aire é o principio de todas as cousas.

**ARISTÓTELES (384-322 antes da nosa era).-** Con Platón, é o máis grande filósofo da antigüidade. Ensinou en Atenas, de onde tivo que fuxir un ano antes da súa morte acusado de ‘impiedade’. Discípulo, pero adversario, de Platón, Aristóteles trata de dar fundamentos realistas á filosofía idealista daquel mediante a observación sistemática do mundo sensíbel, pero parte, como el, do concepto da idea. Todo ser –ou substancia- está feito de dous principios: materia e forma. A materia é unha masa bruta, inerte, indistinta; para que se converta en tal ou cal cousa, ‘nesto’ ou ‘naquelo’, é preciso que se lle aplique unha *forma*. A forma é a idea, activa, específica. É ela a que dá á materia a súa cualificación. A forma suprema, que comprende a todas as outras, é Deus. Tamén Aristóteles, rexeitando a concepción mecanicista de Demócrito, introduciu o finalismo: Deus é quen organizou o universo. Fundador da lóxica como teoría do razoamento exacto, Para el, e isto é importante, a idea do *desenvolvemento* é unha idea central do sistema. O desenvolvemento cósmico, o desenvolvemento orgánico, o desenvolvemento das formas do Estado, etc., son concibidos en todas partes como unha evolución do imperfecto ao perfecto, do xeral ao particular. Engels chámalo o cerebro máis universal de todos os filósofos gregos, o que xa entón se dedicou á investigación das formas esenciais do razoamento dialéctico. (Ver ENGELS: *Socialismo utópico e socialismo científico*).

Grande sabio, grande lóxico, os seus discípulos da Idade Media só conservaron das súas ensinanzas o aspecto formal, abstracto, e desdeñando actualizalas coas adquisicións científicas, convertéronas nun sistema seco e estéril, que forma a base da escolástica.

**ASTRONOMÍA.-** Ciencia que estuda os astros e os seus movementos.

**BACON; Francis de Verulam (1561-1626).-** Célebre filósofo inglés. Membro da Cámara dos Comúns en 1593, Bacon foi nomeado en 1604 avogado da Coroa; en 1613, procurador xeral; en 1617, ministro de Xustiza, e en 1618, gran chanceler da Coroa. Condenado en 1624 polo Parlamento a prisión e á perda dos seus títulos por corrupción, recuperou a liberdade dous días despois, ingresando na vida privada.

Francis Bacon é o autor dun grande número de obras científicas e filosóficas, entre as cales hai que mencionar moi especialmente o *Novum Organum* (1620), no cal opón á antiga metafísica das ideas *a priori*, a lóxica baseada na experiencia. É un dos fundadores da filosofía e do método científico modernos.

**BERKELEY, George (1683-1753).-** Filósofo inglés, bispo e, durante algún tempo, misioneiro coitado en América. A súa actividade clerical (como pastor protestante na Irlanda católica anexada e colonizada pola forza a comezos do século XVIII) ao servizo da política da nación inglesa conquistadora, ten un carácter completamente reaccionario. Paralelamente ás especulacións de orde

espiritual, entregouse tamén a especulacións máis materiais (por exemplo: *Ensaio sobre os medios para evitar a ruína da Gran Bretaña* (1720), escrita en ocasión da quebra da *Southsea Company*, que foi unha especulación aventureira. Lenin caracterizou de maneira profunda a súa filosofía. A referencia atópase nesta obra, primeira parte, capítulo II. As súas concepcións económicas (no *Querist*), particularmente sobre o diñeiro, foron examinadas polo miúdo por Marx na súa *Contribución á crítica da economía política*. Obras: *Nova teoría das percepcións do espírito* (1707), *Principios do coñecemento humano* (1713), *Diálogos de Hylas e Filón*, adaptación popular da obra precedente.

**BRANLY, Edouard (1846-1940).**- Físico. Descubriu en 1873 as propiedades dos óxidos de cobre para 'adaptar' as correntes alternadas. En 1888 estableceu as primeiras radiocomunicacións descubrindo a propiedade do 'tubo de limaduras'. Grazas ao seu 'detector' naceu a telegrafía sen fíos. En 1898 expuxo na Academia das Ciencias a aplicación do seu descubrimento ao chamado auxilio dos navíos.

**CARTESIANISMO.**- Nome dado á filosofía de Descartes.

**COPÉRNICO (1473-1543).**- Célebre astrónomo polaco. Autor da obra titulada: *As revolucións do orbe celeste*, na que proba o movemento de rotación da Terra ao redor do seu eixe e de translación en torno ao Sol.

**D'ALEMBERT, Jean le Rond (1717-1783).**- Un dos representantes máis característicos do Século das Luces en Francia, gran matemático, d'Alembert efectuou traballos considerábeis para establecer os principios da mecánica. Publicou con Diderot a *Enciclopedia ou Dicionario razoado das ciencias, as artes e os oficios por unha Sociedade de Literatos*. Esta gran obra, moi combatida pola monarquía, amplamente difundida e finalmente prohibida polo Consello de Estado reaccionario, é o monumento principal do Século das Luces (33 volumes, 1751-1777). Compuxo a introdución a esta Enciclopedia: o 'Discurso Preliminar'. O seu punto de vista filosófico é o do escepticismo. Nin a materia nin o espírito son cognoscíbeis na súa esencia e o mundo pode supoñerse completamente distinto ao que perciben os nosos sentidos. Obras principais: *Misceláneas de literatura, historia e filosofía* (1752), *Tratado de dinámica* (1753) e *Elementos de filosofía* (1758).

**DARWIN, Charles-Robert (1809-1882).**- Célebre naturalista inglés, o máis grande teórico da evolución nas ciencias da natureza do século pasado. A teoría do transformismo, que xa fora presentado anteriormente por Lamarck, Goethe, etc., atopou nel a súa expresión decisiva, abrindo así novas vías á ciencia. Darwin baseou a súa teoría da evolución na hipótese da selección natural, é dicir, a selección na loita pola vida que fai sobrevivir aos máis aptos. Partía das experiencias da cría artificial de gando. Mais, onde está a man do criador na natureza cega? Para responder a esta cuestión, Darwin utilizou o *Ensaio sobre o principio da poboación*, de Malthus (1803), na medida na que Malthus partía dunha desproporción entre o aumento da poboación e a posibilidade de acrecentar os medios de subsistencia. Aínda que a ciencia biolóxica moderna examinou unha gran cantidade de novos fenómenos, e modificado e completado os factores utilizados por Darwin, non por iso o pensamento fundamental da idea da evolución deixa de estar arraigado firmemente no pensamento moderno. Engels escribiu a este respecto na *Evolución do Socialismo*: «Darwin asestou á concepción metafísica da natureza o golpe máis formidábel, probando que toda a natureza orgánica actual, tanto as plantas e os animais, como o home, é produto dun proceso evolutivo que prosegue desde hai millóns de anos.» No seu discurso sobre a tumba de Marx, Engels (1883) sinalou as relacións de Marx con Darwin nos seguintes termos: «Así como Darwin descubriu a lei da evolución da natureza orgánica, Marx descubriu a lei da evolución da historia humana.» (ENGELS: *Socialismo utópico e socialismo científico*). Marx xa escribira en 1860, nunha carta a Engels, referíndose á obra principal de Darwin que acababa de aparecer –*Do orixe das especies pola vía da selección natural* (1859)-: «Malia que desenvolvido groseiramente á inglesa, é o libro que contén, do punto de vista das ciencias naturais, a base conforme ao noso punto de vista.» (*Correspondencia Marx-Engels*). Exprésase de maneira análoga nunha carta a Lasalle do 16 de

xaneiro de 1861: «A obra de Darwin é considerábel e convenme como base, do punto de vista das ciencias naturais, da loita de clases na Historia... Malia todos os seus defectos, non só é o primeiro que asesta á ‘teoloxía’ un golpe mortal nas ciencias naturais, senón que establece de maneira empírica o sentido racional daquelas...»

**DEDUCCIÓN.-** Razoamento que, a partir dunha proposición ou dun feito, extrae as consecuencias que se desprenden diso, ou tamén, saca conclusións pasando do xeral ao particular.

**DEMÓCRITO DE ABDERA (460-370 a. da n. e.).-** Filósofo grego, o máis grande materialista da antigüidade. Segundo el, só existen realmente os átomos e o baleiro. Os átomos son elementos primitivos extremadamente pequenos, indivisíbeis, diferentes de forma, de tamaño e de situación, e en perpetuo movemento. Os obxectos nacen da organización dos átomos. Demócrito afirma que a alma é material e composta, como calquera outra cousa, por átomos (pero máis finos que os outros). Por outra parte, para el as calidades das cousas (a súa cor, o seu olor, etc.) son puramente subxectivas e constitúen ilusións sensíbeis. O mundo real e obxectivo non contén tales calidades, e a tarefa da razón consiste en abstraer esas calidades para volver a atopar os mesmos átomos.

A contradición que se comproba en Demócrito entre o carácter subxectivo das ‘calidades’ proporcionadas polos sentidos e o mundo verdadeiro ou obxectivo dos átomos, concibido pola razón, suxire o problema do coñecemento na dialéctica materialista na súa primeira forma elemental. A súa teoría dos átomos é un presentimento xenial da atomística moderna.

**DESCARTES, René (1596-1650).-** Filósofo francés dualista (é dicir, que desdobra o mundo en espírito e materia), combateu a escolástica, inventor da xeometría analítica. O seu dualismo entrega o mundo material sensíbel á física, ou máis exactamente á mecánica matemática, e a alma espiritual racional á metafísica. Tamén é materialista na práctica e idealista na teoría. Esta dualidade convérteo no pivote de toda a filosofía burguesa dos tempos modernos, tanto pola súa tendencia mecanicista-materialista como pola súa tendencia metafísico-espiritualista. Decidindo, para arruinar a escolástica e atopar a verdade, comezar a dubidar ‘metodicamente’ de todo, rexeitando, como racionalista, a experiencia dos sentidos como enganosa, proclamando o método matemático como modelo para toda a ciencia, Descartes descubre na frase: «Penso, logo existo», o ideal de toas as verdades evidentes.

A través dunha serie de deducións, Descartes conclúe afirmando a existencia da alma como substancia espiritual e a de Deus. E sobre a existencia de Deus basea a existencia do mundo material. Mais, á vez, para Descartes a materia é idéntica á existencia, e ela crea o movemento por medio de ‘remuíños’. Proclama así a liberación da ciencia da natureza de toda influencia teolóxica transcendental. O progreso esencial da súa filosofía consiste en reclamar un método científico que descompoña todos os obxectos nas súas partes constitutivas máis simples. Aínda illando os obxectos –como di Engels- sobre a base desta análise matemático-mecanicista, e dislocando de maneira metafísica as súas relacións, non por iso Descartes deixa de establecer as premisas necesarias para a súa síntese dialéctica. Atribuía ao seu ‘novo método’ a maior importancia para o desenvolvemento técnico e industrial da época. O certo é que, este método, como en xeral toda a súa concepción filosófica (os animais son concibidos como autómatas!), é a filosofía característica do período manufactureiro. Porén, representa para nós unha herdanza racionalista extremadamente valiosa e válida. Entre as súas obras: *Discurso do método para guiar ben a razón e buscar a verdade nas ciencias* (1637), *Tratado do home* (1644), *Meditacións metafísicas* (1641), *Principios de filosofía* (1644), *Tratado das paixóns da alma* (1649).

**DIALÉCTICA.-** A verba ‘dialéctica’ significaba primitivamente a arte ou a ciencia da discusión. Para Platón, a dialéctica é en primeiro lugar a arte de facer xurdir dunha idea ou dun principio todas as consecuencias positivas e negativas alí contidas. É, despois, a marcha ascendente e razoada do espírito, que se eleva, por etapas sucesivas, desde os datos sensíbeis até as ideas, principios eternos e inmutábeis das cousas, e á primeira de todas, a idea do Ben. Como para Platón as ideas son a única realidade digna deste nome, a dialéctica ou ciencia das ideas termina por ser a mesma ciencia.



En Hegel, a dialéctica é o movemento da idea, pasando a través de fases sucesivas: tese, antítese, até a idea absoluta.

En Marx e os marxistas, a dialéctica non é xa o movemento da idea, senón o movemento das cousas mesmas a través das contradicións, das que o movemento do espírito non é máis que a expresión consciente de si mesma. Hai un estudo pormenorizado da dialéctica marxista na Cuarta Parte desta obra.

**DIDEROT, Denis (1713-1784).**- O pensador máis eminente entre os materialistas do século francés das luces, é o eixe e a alma dos enciclopedistas. Publicou con d'Alembert, durante un cuarto de século (a partir de 1751), a célebre *Enciclopedia* chamada 'A Santa Alianza contra o fanatismo e a tiranía'. A publicación desta obra, brutalmente perseguida polo Estado e os xesuítas, esixiu a máis extremada tensión das súas forzas morais, unha vontade porfiada, a maior obstinación e unha abnegación absoluta. «Se alguén –escribía Engels- consagrou toda a súa vida con entusiasmo á verdade e ao dereito –tomando esta frase no bo sentido- foi sen dúbida Diderot.» Escribiu sobre os temas máis diversos, sobre as ciencias naturais e as matemáticas, a historia e a sociedade, a economía e o Estado, o dereito e os costumes, a arte e a literatura. Educado nun catolicismo rigoroso, Diderot desenvolveuse cunha lóxica admirábel, pasando do deísmo ao materialismo e ao ateísmo militante, para terminar encarnando os obxectivos máis elevados da filosofía revolucionaria burguesa francesa da 'época das luces'. Exerceu sobre a sociedade do seu tempo a influencia máis profunda e duradeira. Mais o seu pensamento non está contido nos límites dun materialismo vulgar. Nel atópanse xa numerosos gomos dun pensamento dialéctico. Xa nos seus *Pensamentos filosóficos* (A Haia, 1746), que foron queimados polo verdugo por orde do Parlamento, e no seu *Paseo do Escéptico* (1747), secuestrado antes de ser impreso, entregouse a ataques audaces contra a Igrexa. A súa obra atea: *Cartas sobre os Cegos* (Londres, 1749), custoulle un ano de cárcere. Diderot pasa por ser tamén, con razón, un precursor de Lamarck e de Darwin, porque sostíña xa, clara e decididamente, a idea dunha evolución dos organismos e da existencia inicial dun 'ser primitivo' do cal xurdiu por transformación progresiva a diversidade ulterior do reino animal e do reino vexetal. Así como hai unha evolución individual, hai tamén, segundo Diderot, unha evolución das especies. Proseguindo loxicamente a idea de evolución, Diderot esixe finalmente tamén o recoñecemento da evolución de toda a materia inanimada. Na súa obra: *Pensamentos sobre a interpretación da natureza* (1754), imaxina, para explicar os fenómenos psíquicos, a hipótese de átomos dotados de sensación que existirían xa nos animais e que determinarían o pensamento do home. Todos os actos da natureza son manifestacións dunha substancia que comprende o ser enteiro, na cal se manifesta a unidade das forzas en perpetua reacción recíproca. Entre os escritos materialistas máis audaces e de espírito máis vivo hai que citar *Conversas entre d'Alembert e Diderot* (1769), que constitúen ao mesmo tempo obras mestras literarias perfectas. Ademais, Diderot foi un autor dramático eminente e un mestre da prosa. Na súa loita pola reforma da arte e da escena, pronúnciase a prol do naturalismo, da representación sen afeites da realidade vida, concreta. Por outra parte, Diderot –por certo, o escritor preferido de Marx- escribiu numerosos relatos e novelas espirituais, cuxa importancia fica de manifesto polo feito de que homes como Lessing, Schiller e Goethe non só foron os seus admiradores, senón que traduciron ao alemán varias das súas obras. O seu libro máis célebre é *O sobriño de Rameau* (1762), que Engels chama 'unha obra mestra da dialéctica'.

**DÜHRING, Eugene (1833-1921).**- Filósofo e economista alemán, encargado durante un tempo do curso de filosofía e de economía nacional na Universidade de Berlín. Ficando completamente cego pouco despois, Dühring viviu até a súa morte dedicado a escribir, primeiro en Berlín e despois en Nowawes. Este representante, o máis considerábel, dun socialismo burgués que vía nos «esforzos naturais do espírito individual» o fundamento da orde social, predicaba a teoría da participación crecente dos obreiros no produto social e agardaba da conciliación dos antagonismo de clase a salvación do porvir; considerábase como un reformador da humanidade. Dühring ditou conferencias ante nutridos auditorios sobre os temas máis diversos, pero prontamente foi privado da súa cátedra a causa dos seus vivaces ataques públicos contra profesores de Berlín. Entre 1870 e 1880 tivo un grande número de partidarios na socialdemocracia. En numerosas obras, Dühring desenvolveu un

sistema particular social-filosófico que se construíra coa axuda de numerosas «verdades de última instancia», absolutas, que el cría que descubriera. Era un adversario do cristianismo e un ardente antisemita. Indirectamente, e ao seu pesar, prestou un grande servizo ao comunismo científico: en efecto, os seus ataques apaixonados contra Marx e Lassalle e a súa 'filosofía da realidade', onde se manifesta o seu delirio de grandeza, provocaron a resposta da famosa obra clásica de Engels: *O señor Eugene Dühring trastorna a ciencia (Anti-Dühring)*, obra que se converteu rapidamente en guía filosófica da nova xeración obreira revolucionaria. Nesta obra, Engels escachaba implacabelmente todo o sistema de simplezas de Dühring e facía por vez primeira, con man mestra, unha exposición completa e clara do materialismo dialéctico.

**ENCICLOPEDIA.-** Polo xeral, obra que contén o resume de todos os coñecementos humanos. Na historia literaria francesa, a *Enciclopedia* á a grande obra publicada no século XVIII, na cal todos os coñecementos humanos eran presentados por vez primeira do punto de vista da burguesía revolucionaria. Xunto á influencia que exerceu a *Enciclopedia* pola súa vigorosa denuncia das iniquidades do réxime feudal, monárquico, os tres planos nos cales aportou unha contribución decisiva foron: o materialismo (mecanicista), o ateísmo e o progreso das técnicas.

**ENGELS, Friedrich (1820-1895).-** O amigo máis querido e o inseparábel compañeiro de loita de K. Marx, fundador con este do materialismo dialéctico e do socialismo científico e colaborador de Marx na redacción do *Manifesto do Partido Comunista*; un dos fundadores da Liga dos Comunistas e da Asociación Internacional ou Primeira Internacional; despois da morte de Marx (1883), pasou a ser o xefe espiritual recoñecido e na máis grande autoridade do movemento obreiro internacional. O seu mérito principal radica na exposición e o desenvolvemento do materialismo dialéctico. Entre as súas obras teóricas, figuran en primeiro lugar as súas obras filosóficas. Son obras mestras que exerceron sobre o pensamento do proletariado a influencia máis duradeira e que adquiriron unha importancia sempre crecente. Engels amosa nelas, cunha maestría e unha claridade incomparábeis, as relacións dialécticas da filosofía coas loitas de clases sociais e co desenvolvemento das forzas produtivas e co adiante paralelo das ciencias da natureza. Conduce así ao lector, por camiños novos, a esta verdade: que unha filosofía que libere realmente á humanidade enteira só pode ser a filosofía do materialismo dialéctico, porque é a única capaz de preservar o pensamento teórico do Escila do idealismo e do Caribdis do materialismo vulgar mecanicista, e de asegurar a vitoria a unha teoría materialista consecuente do coñecemento. As súas obras fundamentais son: *Anti-Dühring*, obra polémica redactada á maneira de Lessing, plena de frescura, animación e vigor combativo, unha defensa enteiramente fecunda e inigualábel da concepción materialista do mundo; *Ludwig Feuerbach e a fin da filosofía clásica alemá*, excelente ensaio sobre o desenvolvemento da filosofía desde Hegel até Marx. Unha obra menos coñecida pero que posúe todas as propiedades que fan dela, co *Anti-Dühring*, a arma esencial dos marxistas na loita contra os novos sistemas idealistas da filosofía, é *Dialéctica da Natureza*, recompilación de artigos e fragmentos en gran parte inéditos, escritos entre 1873 e 1892: constitúe –aínda que en certos puntos fose superada por recentes descubrimentos científicos– unha mina inesgotábel para todos aqueles que se interesan na loita polo materialismo dialéctico e a súa xusta interpretación, e que están convencidos na necesidade de incorporar harmoniosamente ao marxismo os resultados das ciencias naturais modernas. Entre as súas obras teóricas e metodolóxicas importantes, citemos as seguintes: *Situación da clase laboriosa en Inglaterra* (1845), *Manifesto do Partido Comunista* (1848) –escrito en colaboración con Marx–, *A Revolución democrática e burguesa na Alemaña* (1850-1852) –que contén “A guerra dos campesiños”, “Revolución e Contrarrevolución na Alemaña” e “A campaña pola Constitución do Reich”–, *Socialismo utópico e socialismo científico* (1880), *Orixe da familia, da propiedade privada e do Estado* (1884), *O problema da vivenda* (1872), *Contribución á historia do cristianismo primitivo*, os *Estudos sobre “O Capital”*, a *Crítica do programa de Erfurt* (1891).

Mencionemos ademais *Sobre a literatura e a arte*, textos de Marx e Engels presentados por Jean Freville. É tamén indispensable o estudo da correspondencia de Engel, ante todo *Correspondencia K. Marx-F. Engels* (9 vol.), *Correspondencia F. Engels-Paul e Laura Lafargue* (3 vol).

**EPICURO.-** Filósofo grego do século IV antes da nosa era. Ensinou filosofía en Atenas. Da súa obra –a que, segundo se di, se compuña duns 300 volumes- só fican catro cartas que conteñen o resume da súa doutrina, así como tamén unha colección de máximas.

Epicuro ensina que o mundo está composto por unha infinidade de átomos que se encontran, agregan e disgregan por mor dunha casualidade cuxo punto de partida é un accidente debido ao azar. Quizais existen deuses, pero en todo caso, segundo Epicuro, non se ocupan do noso mundo. Polo tanto, o home é libre e non ten que temer á morte. Así liberado do temor e do erro, debe afastarse dos bens fráxiles e momentáneos e buscar o ben fixo e duradeiro que procuran os praceres moderados.

**ESPIRITUALISMO.-** Doutrina filosófica segundo a cal o espírito existe como unha realidade distinta da materia, á que anima e dirixe, e que frecuentemente ve en Deus o espírito superior do cal dependen todas as leis da natureza. Variante e consecuencia do idealismo.

**FISIOLOXÍA.-** Ciencia que estuda a vida e as funcións orgánicas polas cales se manifesta a vida.

**FLOXÍSTICA.-** Principio ou fluído imaxinado polos químicos de antano para explicar o principio de combustión.

**FEUERBACH, Ludwig (1804-1872).-** Filósofo alemán, materialista, fillo do criminalista célebre na súa época Paul-Anselme Feuerbach. Foi obrigado a abandonar a carreira académica por mor das súas conviccións filosóficas e viviu entón na estreiteza do campo. Pasou do hegelianismo de esquerda ao materialismo. «O pensamento xorde do ser pero non o ser do pensamento.» O home é produto da natureza, a relixión é o reflexo mítico da natureza humana. «No seu Deus, ti recoñeces ao home e no home recoñeces tamén ao seu Deus; as dúas cousas son idénticas.» Non é Deus quen creou ao home, senón o home o que creou a Deus á súa imaxe. A filosofía de Feuerbach formou o chanzo intermedio entre a filosofía de Hegel e a de Marx. Feuerbach foi o renovador do materialismo do século XVIII, con todos os seus grandes méritos e todos os seus defectos, co seu odio nobre, altivo e revolucionario contra toda ‘teoloxía’ e a súa inclinación ao idealismo cando se trata de explicar fenómenos e actos sociais.

Marx e Engels, que durante certo tempo foron discípulos de Feuerbach, denunciaron prontamente as insuficiencias do seu materialismo, desenvolvéndoo, dándolle o carácter consecuente e dialéctico que lle faltaba.

**GALILEO (1564-1642).-** Matemático, físico, astrónomo, fundador da ciencia experimental en Italia. Descubre a lei do isocronismo das oscilacións do péndulo e demostra a igualdade do tempo de caída no baleiro de corpos desigualmente pesados. En astronomía, acepta o sistema de Copérnico, constrúe unha nova lente astronómica e fai descubrimentos que confirman aquel sistema. Proclama, pois, que o Sol é o centro do mundo e que a Terra xira ao seu redor. Perseguido pola Inquisición, é obrigado a retractarse e pronuncia despois da súa abxuración a famosa frase: «E, sen embargo, móvese!»

**HEGEL, Georg-Wilhelm-Friedrich (1770-1831).-** O máis importante filósofo idealista alemán. Importante, sobre todo, polo seu método dialéctico que concibiu baixo unha forma idealista, pero correcta no fondo. Hegel é un idealista obxectivo; segundo el, o principio primeiro da realidade á a Idea absoluta, que ante todo se exterioriza na natureza e despois se fai espírito e saber. Este *devir* da Idea constitúe un desenvolvemento lóxico-dialéctico cuxa historia real non é máis que a expresión. Polo tanto, o pensamento puro é o creador do mundo e da súa historia; o mundo só é a manifestación da Idea. Como o demostrou Feuerbach, en definitiva esta Idea non é máis que o Deus do cristianismo nun envoltorio abstracto e lóxico. Marx e Engels deron a volta á dialéctica de Hegel, dándolle un contido materialista e converténdoa así nunha arma teórica verdadeiramente revolucionaria.

**HEGELIANOS (NOVOS).-** Após a morte de Hegel, os seus discípulos formaron dous grupos opostos, segundo a interpretación que daban á doutrina do mestre. Os que se ativeron á letra desta

doutrina constituíron a dereita hegeliana. Eran os defensores do Estado prusiano. Os outros, que rexeitaron as conclusións idealistas e conservadores de Hegel apoiándose nos seus primeiros métodos, constituíron a esquerda hegeliana ou ‘os novos hegelianos’. Atacaron todas as formas da reacción. Entre eles figuraban Arnold Ruge, Strauss, Bruno Bauer, Feuerbach, Stirner, Koeppen, Karl Marx, Friedrich Engels, etc.

**HELVETIUS, Claude-Adrien (1715-1771).**- Nado en París, literato e filósofo, colaborador da *Enciclopedia*. Importante representante do materialismo (*mecanicista*) do século XVIII.

**HERÁCLITO (544-475 a. da n. e.).**- Chamado tamén ‘o Escuro’, Heráclito viviu na cidade comercial de Efeso, na Asia Menor, e foi un dos dialécticos máis eminentes da antigüidade. Segundo el, o *deír* é a lei fundamental do universo; a loita e a unión dos contrarios, a unidade do ser e do non-ser, tal é a esencia do mundo. Heráclito viu nesta inestabilidade de todas as cousas, neste cambio continuo de todo o ser, a lei máis xeral do universo. Todo flúe; nada ten constancia; de maneira que «non podemos entrar dúas veces no mesmo río». O universo é loita e paz, verán e inverno, fluxo e tempo, saciedade e fame, etc. A contradición, principio dominante do mundo, é, segundo Heráclito, inherente ás cousas, de maneira que todo é unha unidade dos contrarios.

**HOLBACH, Paul-Henri, Thiry barón d’ (1723-1789).**- Materialista francés. Chegado a París aos 12 anos, fixo os seus estudos na Francia, convertida na súa verdadeira patria, e despois en Leyde. Foi, con Diderot, un dos participantes máis activos na redacción da *Enciclopedia*. Escribiu alí artigos e novas concernentes ás ciencias naturais. No seu salón dábanse cita os mellores pensadores da Francia da época. Aí foi onde se formou a ideoloxía revolucionaria do Terceiro Estado e tamén os principios da filosofía que máis tarde debía ser chamada o materialismo francés do século XVIII. Nas súas obras, o materialismo mecanicista atopou a súa expresión sistemática e acabada. Holbach álzase contra o dualismo, contra o desdoblamento do mundo en materia e espírito. O home só é o produto necesario da natureza. A natureza é a materia en movemento. A materia é o que actúa directa ou indirectamente sobre os órganos dos nosos sentidos. Os sistemas espirituais e teolóxicos só son elucubracións cerebrais do home, o froito da súa ignorancia e do engano consciente da maioría polos que se benefician diso, sobre todo pola Igrexa. O seu *Sistema da Natureza* (1770) tivo no seu tempo unha influencia revolucionaria extraordinaria.

**HUME, David (1711-1776).**- Filósofo inglés, escéptico e agnóstico en filosofía, home político activo, compuxo ensaios sobre os problemas de economía social e foi un historiador orixinal. A súa filosofía representa o cume da orientación do pensamento propio da burguesía inglesa, que comeza coa filosofía experimental de Locke, pero ollada rapidamente para o subxectivismo de Berkeley para pronunciarse finalmente, en todas as cuestións fundamentais, en favor do agnosticismo, é dicir, a teoría que afirma a imposibilidade do saber verídico. Hume non se contenta, como Berkeley, con negar a existencia da materia, senón que estende o seu escepticismo á relación causal das cousas, declarando que as relacións de causalidade non teñen realidade obxectiva e son establecidas simplemente en función dun costume subxectivo. O home comproba a *repetición regular* de series de fenómenos e, sen máis razón, saca a conclusión de que o un é a causa do outro. Eu comprobo –di Hume– que cada vez que a bola branca golpea a bola vermella, esta comeza a moverse. Expresou esta constancia dicindo: o choque da bola branca é *causa* do movemento da bola vermella. Pero, quen garante que alí hai causalidade necesaria e obxectiva e non unha simple ilusión persoal? Quen garante que tamén mañá o choque da bola branca sacudirá á bola vermella e unha vez máis será causa do seu movemento? Por conseguinte, Hume refusa toda garantía á relación de causalidade, que sen embargo constitúe un pilar da explicación e do coñecemento do mundo. Para el, igualmente, o mundo exterior non é máis que unha hipótese, unha ‘crenza’. Para refutar a Hume, Kante elaborou a súa doutrina ‘crítica’. A súa teoría do diñeiro, que Marx analiza na *Crítica da economía política*, é unha aplicación ás relacións económicas da súa concepción burguesa mistificadora, na cal a aparencia superficial das cousas substitúe sempre aos procesos fundamentais exteriores. Obras filosóficas principais: *Tratado sobre a natureza humana* (1739-1740), *Investigacións sobre a razón humana* (1748).

**INDUCIÓN.-** Razoamento que consiste en extraer unha conclusión xeral dun conxunto de feitos particulares da mesma significación –ou tamén que saca conclusións derivando do particular ao xeral.

**KANT, Emmanuel (1724-1804).-** Célebre filósofo alemán. Ensinou toda a súa vida filosofía na Universidade de Koenisberg. Publicou en 1755 a súa *Física universal e teoría do ceo*, obra que precede á teoría de Laplace sobre a formación dos astros. Escribiu en 1781 a *Crítica da razón pura*, e en 1787 unha *Disertación sobre a paz eterna*.

O seu agnosticismo pretende que non podemos coñecer as cousas mesmas, tales como son ‘en si’, senón unicamente as cousas tales como nos parecen (os ‘fenómenos’ = aparencias, no sentido etimolóxico).

Kant acolleu con simpatía a Revolución Francesa. Foi un liberal, pero respectuoso das leis establecidas. En relixión era racionalista, pero respecta as relixións positivas. En filosofía ataca ao dogmatismo, pero rexeita o escepticismo. En moral rexeita toda lei exterior, pero para someterse a unha lei interna máis severa que todo o que rexeita. Audacia en materia de especulación, pero respecto na orde dos feitos e da práctica, tal é o selo do seu espírito. En resume, o verdadeiro prototipo do burgués liberal.

**LA METTRIE, Julien Offroy de (1709-1751).-** Médico e filósofo francés. A publicación da súa obra netamente materialista: *A historia natural da alma*, fíxolle perder o seu posto de médico militar, polo que se trasladou á corte do rei Federico II, do que chegou a ser o lector favorito.

La Mettrie escribiu numerosas obras, nas cales aplicou aos homes a teoría cartesiana do automatismo dos animais, explicando os sentimentos, as representacións, os xuízos, tan só polo funcionamento mecánico do sistema nervioso. Cítemos o seu *Home-Máquina* (1748).

**LENIN, Vladimir-Ilich Ulianov (1870-1924).-** Nado o 22 de abril de 1870. A partir de 1885 emprende o estudo do *Capital* de Marx e comeza a militar. En 1887, primeiro encarceramento, e o seu irmán maior é fusilado por participar no atentado contra o tsar Alexandre. En 1891 termina os seus estudos de dereito. Comeza a loita pola liberación da clase obreira e campesiña. Arrestado, exiliado en Siberia, liberado, pero novamente detido enseguida, parte en 1890 para o estranxeiro, Zürich, Londres, Xenebra. Mais «moi poucos, dos que permanecían na Rusia, estaban tan intimamente vinculados á vida rusa como Lenin» (Stalin). Funda o Partido Bolxevique. En 1905, primeira revolución, que é esmagada, pero da cal Lenin tira leccións. Exíliase outra volta e permanece durante moito tempo en París (1908-1912). En 1917 afirma que «o Partido Bolxevique está disposto en todo momento a asumir enteiramente o poder». Debe loitar contra o goberno provisorio de Kerenski, e na noite do 26 de outubro, despois de ser tomado por asalto o Palacio de Inverno, sede do goberno provisorio, Lenin pode anunciar: «Encetamos a construír a sociedade socialista». Conságrase desde entón a converter o seu país nun país socialista. Falando con propiedade, é o fundador da URSS. Loita contra o inimigo imperialista, ergue o país das ruínas, electrifícao, sálvaos da fame e, formulando os principios da planificación, inaugura o desenvolvemento da industria pesada necesaria para a independencia nacional. Esgotado por un traballo incesante, morre o 21 de xaneiro de 1924, aos cincuenta e catro anos.

Malia as súas preocupacións de militante, e despois de home de Estado, Lenin non descoidou nin un chisco a súa contribución ao perfeccionamento das teses marxistas, até tan punto que hoxe se chama ao materialismo dialéctico: o marxismo-leninismo. Deste punto de vista, a súa obra máis importante é, indubidabelmente: *O imperialismo, etapa superior do capitalismo* (1917). Non menos importante no tocante á aplicación do materialismo histórico aos problemas da práctica política, é *O ‘esquerdismo’, enfermidade infantil do comunismo* (1920). Entre as súas obras filosóficas, citemos: *Materialismo e empiriocriticismo* (1908), *Cadernos filosóficos*, *O Estado e a Revolución* (1917).

**LEUCIPO (século V a. da n. e.).-** Filósofo materialista, alumno de Zenón e mestre de Demócrito, desenvolveu a teoría dos átomos.

**LOCKE, John (1632-1704).**- Filósofo inglés, representante do empirismo, que proclama que a experiencia é a única base de todo coñecemento. No seu *Ensaio sobre o entendemento* (1690), Locke utiliza para a solución do problema do coñecemento o principio da experiencia, nega a existencia das ideas innatas e fai derivar todas as representacións de dúas fontes: sentido externo e sentido interno. Explica as sensacións externas pola influencia das cousas sobre nós, e lanza a hipótese, ousada para a súa época, de que a materia (por decisión de Deus), podería pensar, colocándose no punto de vista materialista. Pero ao continuar apegado ás ideas de alma e de Deus – que por outra parte corresponden, segundo el, ao dominio da fe-, é dualista (dividindo ao mundo en materia e espírito) e inaugura o desenvolvemento do teísmo inglés. O que caracteriza a súa teoría do coñecemento é da ‘atomización’ do entendemento humano; é dicir, que el reduce o noso espírito a unha suma, a un ‘mosaico’ de sensacións. Este mosaico da consciencia non é outra cousa que o fiel espello do mundo burgués atomizado. Nas súas concepcións sobre a política social, Locke foi un defensor resolto dos intereses da burguesía; como teórico do liberalismo, defendeu á monarquía constitucional. Obras principais: *Ensaio sobre o entendemento* (1690), *Cartas sobre a tolerancia* (1685-1704).

**LUCRECIO, Titus Lucretius Carus (ao redor do 95-51 a. da n. e.).**- Célebre poeta latino nado en Roma. Discípulo de Epicuro, canta nos seus poemas as ideas materialistas do seu mestre. (Ver *Da natureza das cousas*).

**MARX, Karl Heinrich (1818-1883).**- Un dos máis grandes xenios do século XIX, cuxa gloria inmortal é a fundación do comunismo científico, da teoría e a práctica da loita de clases revolucionaria moderna do proletariado internacional. O ideal comunista débelle a súa teoría e o seu programa científicos. O sistema de Marx apóiase na base de bronce do materialismo dialéctico. Coas súas análises marxistas de problemas concretos, xa se trate de descubrir as leis internas do capitalismo ou de explicar períodos e acontecementos determinantes da historia da humanidade, Marx demostrou a superioridade da dialéctica materialista como método teórico para a investigación das relacións históricas no pasado, para o coñecemento das verdadeiras forzas motrices da evolución social no presente, así como para a determinación das tendencias ao desenvolvemento no porvir. A súa crítica xenial da sociedade burguesa foi á vez destrutiva e construtiva: destrutiva porque proclama a morte da burguesía e construtiva porque anuncia a vitoria do proletariado. A súa dialéctica é á vez un método de investigación e un fío condutor para a actividade humana. A súa dialéctica materialista non abrangue só o coñecemento das leis da historia humana, senón tamén o coñecemento da historia da natureza. De aí a súa adhesión decidida á revolución provocada pola doutrina da evolución de Darwin nas ciencias naturais. O método de pensamento e de acción que constitúe o *marxismo* é a máis valiosa das armas do proletariado na loita que realiza pola súa emancipación e polo advento dun humanismo total.

Citemos as máis importantes obras de Marx, por orde cronolóxica: *Os Manuscritos de 1844 (filosofía, economía política)*, *A Santa Familia* (1845), *Miseria da Filosofía* (1847), *Manifesto do Partido Comunista* (en colaboración con Friedrich Engels) (1848), *Traballo asalariado e capital* (1849) e *Salario, prezo e beneficio* (1864), *As loitas de clases en Francia, 1848-1850* (1850), *O 18 Brumario de Luis Bonaparte* (1852), *Contribución á crítica da economía política* (1859), *Herr Vogt* (1860), *O Capital*, libro I (1867) –os libros II e III foron publicados por Engels despois da morte de Marx-, *Crítica do programa de Gotha* (1875). As *Teorías sobre a plusvalía*, consideradas a miúdo como parte do libro IV de *O Capital*, son igualmente póstumas.

Tamén é de grande interese ler *Sobre a literatura e a arte* (textos de Marx e Engels seleccionados por Jean Freville), os *Estudos filosóficos* (recompilación de textos de Marx e Engels, entre os que figuran o “Ludwig Feuerbach”, e un estudo sobre o materialismo histórico de Engels, as “Teses sobre Feuerbach”, o limiar á “Contribución á crítica da economía política”, de Marx, e varias citas filosóficas. Hai que engadir a *Correspondencia Marx-Engels* (9 vols.).

Sobre Karl Marx, ver a recompilación de artigos de LENIN: *Marx e a súa doutrina*.

**MECÁNICA.-** Ciencia dos movementos e das forzas.

**METAFÍSICA.-** Sistema de ideas e de teses máis ou menos fantásticas e relixiosas que pretenden explicar o mundo por principios sobrenaturais e inmateriais –e máis frecuentemente por Deus-. Método de pensamento que illa as cousas e os obxectos de estudo os uns dos outros e refusa consideralos na súa perpetua mobilidade. Oponse á dialéctica (ver a Terceira Parte desta obra).

**MOLIERE, Jean-Baptiste Poquelin (1622-1763).-** O máis grande dos poetas cómicos. O seu teatro é un vasto espectáculo de todas as condicións sociais da súa época: campesiños, comerciantes, burgueses, médicos, xente da cidade e da corte. Se ben o cómico das súas obras é moi diferente nas farsas (*O médico ao seu pesar* ou *As astucias de Scapin*) e nas grandes comedias de costumes e de carácter (*O Avaro*, *O Misántropo*), nace sempre da representación da babecada humana e da deformidade moral. Moliere defende en todas partes o bo sentido, dirixíndose ao bo sentido do público. Sabe facer rir sen deixar de facer pensar. Tratando problemas eternamente actuais cunha linguaxe frecuentemente coloquial, realizada cun sabor popular, é prodixiosamente natural. O móbil das súas pezas é sempre a realidade do home, tal como se transparenta a través das ridiculeces do seus contemporáneos.

**MISTICISMO.-** Doutrina filosófica e relixiosa, segundo a cal a perfección (tanto do coñecemento como da moralidade) consiste nunha especie de contemplación que une misteriosamente ao home con Deus. Enténdese tamén por misticismo unha disposición do espírito que dá preferencia ao escuro e misterioso. Oponse ao racionalismo.

**MITOLOXÍA.-** Historia fabulosa e lendaria das divindades dos pobos antigos ou salvaxes. Por extensión: todo sistema de mitos ou de mentiras.

**NOMINALISMO.-** Doutrina filosófica que considera os aspectos xerais, os xéneros e as especies como existindo só de nome. Unicamente existen o individuo e o individual. O concepto, o xénero, só existen para a intelixencia.

**ORTODOXIA.-** Conformidade dunha opinión coa fe relixiosa recoñecida como verdadeira. Emprégase igualmente, por extensión, para designar a conformidade coa concepción exacta e orixinal dunha teoría filosófica, científica, etc.

**PALEONTOLOXÍA.-** Ciencia que trata dos fósiles, é dicir, dos animais e vexetais conservados en forma de restos ou de marcas nas capas xeolóxicas.

**PASTEUR, Louis (1822-1895).-** Nado en Dole, Francia. Célebre químico e biólogo que, polos seus numerosos descubrimentos científicos e utilitarios, fixo progresar a ciencia na loita contra as enfermidades contaxiosas.

**PLATÓN (428-348 a. da n. e.).- Filósofo grego, o máis grande pensador idealista da antigüidade. Segundo Platón, as cousas sensíbeis que percibimos non constitúen a verdadeira realidade; non son máis que aparencias, reflexos, copias. A verdadeira realidade só corresponde ás Ideas, modelos primitivos das cousas sensíbeis e suspendidas nun ceo intelectual, inmutábeis, eternas, etc. Polo tanto, hai tantas Ideas como cousas: unha Idea de mesa, unha Idea de cadeira, etc. Hai que comprender ben que, para Platón, estas Ideas non son simples representacións *en nós*, senón seres reais que levan unha existencia independente de nós. Para Platón, o coñecemento só é posíbel porque ‘nos lembramos’ das Ideas que percibimos nunha existencia anterior, antes do noso nacemento corporal: é a teoría da ‘reminiscencia’.**

É certo que Platón desenvolveu os elementos da dialéctica, pero dunha forma idealista e verbal. Nas súas teses político-sociais, o idealismo platónico é a ideoloxía das clases dominantes da sociedade antiga baseada no traballo dos escravos no período da decadencia progresiva, que foi acelerado incesantemente polo desenvolvemento da economía comercial e usuraria. Platón expón o ideal do Estado na súa obra *A República*, na que reclama a comunidade dos bens para a fracción dominante dos aristócratas, o que constitúe a máis grande aberración das utopías socialistas da antigüidade. As

súas obras principais preséntanse baixo a forma de diálogos: *Critón*, *A apoloxía de Sócrates*, *Fedón*, *Timeo*, *Fedra*, *O banquete*, *A República*, *As Leis*, etc.

**PROUDHON, Pierre-Joseph (1809-1865).**- Escritor e economista francés. Representante clásico do socialismo pequeno-burgués. Fillo de campesiños pobres, Proudhon traballa como corrector de probas en París, Marsella e outras cidades. Dirixiu durante algún tempo unha imprenta en Besanzón.

Escribiu: *Que é a propiedade?*, publicado en 1840 e que contén a famosa frase: «A propiedade é un roubo», as *Contradicións económicas* ou *Filosofía da miseria*, aparecendo en 1846, que tivo a resposta de Marx en *Miseria da Filosofía*. Proudhon escribiu igualmente a *Capacidade política das clases obreiras* (1851), que exerceu unha influencia profunda sobre o movemento obreiro socialista francés. É un utopista pequeno-burgués, cuxos argumentos, ningún, resistiu á crítica de Marx, e do que a reacción puido servirse a miúdo. Despois da revolución de 1848, Proudhon foi nomeado membro da Asemblea Constituínte. Refuxiouse en Bélxica após o golpe de Estado de Luis-Napoleón, onde permaneceu até a súa morte.

**RACIONALISMO.**- Sistema baseado na razón, por oposición aos sistemas baseados na revelación relixiosa. Chámase tamén racionalismo ao sistema segundo o cal a razón están na orixe das ideas, por oposición ao empirismo, que declara que non podemos coñecer máis que os datos da experiencia. Por último, entendemos tamén por racionalismo un método de pensamento que confía na razón e rexeita toda mística. Para nós, o racionalismo é sobre todo o método de pensamento científico que nos obriga a basearnos unicamente na razón e a evitar todo o que corresponda a unha imaxinación incontrolada, a unha fantasía especulativa e á 'fe'. Hai que sinalar, ademais, que unicamente a axuda da dialéctica permite ao racionalismo ser fecundo e 'moderno'.

**TELEOLOXÍA.**- Hipótese segundo a cal todos os seres da natureza terían un *fin* (*te los*, en grego = fin), un obxectivo determinado, querido, case sempre, por Deus ou pola Providencia. A forma máis extrema desta explicación foi dada por Bernardin de Saint-Pierre (século XVIII), quen afirmaba que se a mazá colgaba da pola da árbore, era para que o home puidera collela facilmente. Esta hipótese é sostida aínda nos nosos días nunha forma menos caricaturesca por certos biólogos.

**TALES DE MILETO, en Asia Menor (624-543 a. da n. e.).**- Pensador grego da escola xónica, filósofo da escola chamada 'naturalista' e astrónomo. Tales explicaba na súa cosmoxía que a auga é o principio único de todas as cousas.

**TEOLOXÍA.**- 'Ciencia' (!!!) da relixión, estudo dos seus dogmas e dos seus textos.

**TOMÉ DE AQUINO, Santo (1227-1274).**- Teólogo e filósofo da Idade Media. Recibiu o título de doutor pola Igrexa. As súas obras principais son *Suma filosófica contra os Xentís* e *Suma Teolóxica*. A primeira expón e defende a doutrina católica e tenta demostrar que a fe e a razón non se opoñen nunca. A segunda, que a Igrexa sitúa xunto aos libros santos, divídese en tres partes: 1. Un tratado de Deus. 2. Unha teoría das facultades do home. 3. Un tratado de Xesús Cristo, da Redención e dos sacramentos. O tomismo é a doutrina teolóxica e filosófica de Santo Tomé de Aquino, aínda moi difundida entre os filósofos católicos. É unha doutrina extremadamente escolástica e verbosa –e profundamente reaccionaria (o que explica que sexa a filosofía oficial do clero e do papado).



## **BIBLIOGRAFÍA**

Diderot: *Carta sobre os cegos*.

F. Engels: *Anti-Dühring – Dialéctica da Natureza - Estudos sobre “O Capital” – Ludwig Feuerbach – A orixe da familia, da propiedade privada e do Estado – O problema da vivenda – A Revolución democrático-burguesa na Alemaña – O papel da violencia na Historia – Socialismo utópico e socialismo científico*.

V. Lenin: *O imperialismo, etapa superior do capitalismo – Materialismo e Empiriocriticismo – Marx e a súa doutrina – O Estado e a Revolución*.

Marx e Engels: *Manifesto do Partido Comunista*.

Stalin: *Materialismo histórico e materialismo dialéctico – Anarquismo ou socialismo?*

Unicamente citamos aquí os títulos das obras de Marx e Engels estritamente indispensábeis por unha parte, e por outra, doadas de conseguir.